

Veciños de Alfoz e O Valadouro únense contra a central hidroeléctrica

Veciños da comarca, e máis concretamente do Valadouro e Alfoz, veñen de constituír a Plataforma de afectados pola macrocentral hidroeléctrica do Xistral, coa intención de achegar á veciñanza un punto de encontro para tratar, organizar e propoñer actos informativos e reivindicativos relacionados co anteproxecto da central hidroeléctrica. A finalidade deste colectivo, que conta xa cunhas 100 persoas, é a de informar aos cidadáns “da magnitude deste anteproxecto e as súas consecuencias”. Un dos primeiros actos será unha manifestación, que se celebrará o día 13. **Pax. 21**

Primavera cultural

Trala celebración do Entroido nos diferentes concellos mariñosos chega o 8M e as actividades do movemento feminista para abrir os programas



A comarca mariñá volve a celebrar actividades culturais que animen á veciñanza tralo paso do Entroido no que os diferentes concellos engalanáronse para as celebracións; e coa chegada de marzo e ao abeiro do 8M, Día Internacional da Muller, prepáranse un variado programa con todo tipo de manifestacións culturais e eventos, que se suman aos organizados polo propio Concello. Así, comezan a rexurdir as exposicións, as actividades de animación á lectura, os faladoiros e os concertos. Aínda así a prevención no uso de máscaras no exterior segue vixente.

viveiro. Concello e Augas de Galicia avanza no proxecto da Xunqueira. **Pax. 7**

foz. Comezaron as obras das rúas Limoeiros e Costa Castro. **Pax. 9**

burela. A ponte do tren de Eijo Garay lucirá unha obra con cerámica. **Pax. 11**

XOVE. Demetrio Salgueiro cóntanos como é o Concello. **Pax. 15**

cervo. O Goberno local renovará estradas e creará un aparcadoiro. **Pax. 16**

a pontenova. A mina Consuelo é a 2ª cavidade galega máis grande. **Pax. 18**

entrevista. Jacobo Rivas Val é o actual presidente do CD Alfoz. **Pax. 27**

Nova edición do premio Vilar Ponte



Publicadas as bases do premio de novela. **Pax. 5**

Volve a IV Foliada de Cervo en maio



Contarán cun obradoiro de pandeiros. **Pax. 17**

O sábado 12 será o Entroido de Trabada



3.000 euros de premios no desfile de disfraces. **Pax. 26**

Tomé toma posesión como presidente lucense do PSOE

José Tomé Roca foi proclamado Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo no IV Congreso Provincial socialista. Como obxectivos marcouse os de “consolidar as alcaldías, conseguir outras novas,

manter a Deputación e, con toda esa forza municipalista, axudar a renovar o Goberno central e a recuperar o Goberno da Xunta de Galicia, que tanta falta lle fai a este país”. **Pax. 25**

**Pásache á
MEGA FIBRA DE ADAMO**



**Chama xa gratis ao
900 651 679**

Visítanos en www.adamo.es

**Fibra 1.000 Mb
Móbil 50 GB
con chamadas ilimitadas**

**Aforra
168€!**

30 €/mes
44€/mes

Dto. durante 12 meses!

adamo
La mega fibra



eero
an amazon company

A revolución da Wi-Fi chega con Adamo! Instalámosche gratis o mellor router do mercado



Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contratasen Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 01/02/2022 ao 31/03/2022, ambos inclusive. Non combinable con outras promocións. Internet FAST! + móbil ilimitado 25 GB coa promoción, durante os primeiros 12 meses, só pagarás 30 €/mes, despois PVV total 44 €/mes. Ademais, por contratar móbil 25 GB, levas de agasallo 25 GB adicionais para sempre. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita a permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes de transcurrir 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35€ (IVE incluído) en concepto de permanencia. Liñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

A MARIÑA

Os socialistas esixen á Xunta que propicie a instalación de Altri



Alcaldes socialistas da Mariña xunto a Patricia Otero no Parlamento

A deputada socialista Patricia Otero instou ao goberno galego —e no meadamente ao seu presidente e ao conselleiro de Industria— a que “fagan uso da súa responsabilidade para propiciar que empresa de fibras téxtiles Altri se acabe instalando na comarca da Mariña”, tal e como vén reclamando o Partido Socialista dende que se coñeceu esta posibilidade.

“Agora é o momento da Xunta”, proclamou Otero, tras lembrar que o traballo feito polo PSdeG —xunto a presión dos representantes municipais da zona e da propia Mancomunidade— conseguiu onte no Parlamento de Galicia que tanto o PP como o BNG se sumasen e respaldasen a proposta para que “Altri veña para A Mariña”.

“Que van facer vostedes agora?”, preguntou a parlamentaria socialista para, a continuación, demandarlle á Xunta que “se sume a ese acordo pola Mariña”, que “aban-

done a súa ambigüidade” e que “non se esconda”. “Se Altri non se instala na Mariña”, advertiu Otero, “a Xunta incorrerá nunha grave irresponsabilidade”.

Así, incidiu en que “se esa posibilidade non se materializa- o goberno galego “terá que render contas ante os alcaldes e alcaldesas da zona e ante a propia veciñanza”. A eles “teránlle que explicar por que tendo a materia prima e un grave problema de crise industrial non se traballou e se puxo toda a carne no asador para conseguir que Altri se instale na comarca”.

Nesta liña, resaltou a importancia de que a factoría vaia para A Mariña, “non só pola grave crise industrial que está a vivir esta comarca, senón pola importancia que o sector forestal ten nela, na que o 69,72 por cento da súa superficie é masa forestal e no que se atopa a maior zona de produción de eucalipto”.

Endesa subministrará enerxía renovable á planta de Alcoa

Endesa e Alcoa asinaron un preacordo de subministración de enerxía 100% renovable por 10 anos para a planta de aluminio primario que a multinacional estadounidense ten en San Cibrao. A subministración empezará en 2024, data na que Alcoa prevé reiniciar a súa produción e arrincar as cubas de electrolisis despois de dous anos paradas.

O preacordo ofrece unha tarifa estable e competitiva e prevé a subministración de ata 1.349 GWh por cada un dos 10 anos, equivalentes a unha potencia en carga base de 154 MW. Para asumir este compromiso, Endesa farao da forma máis sostible posible a través dos proxectos de enerxía eólica que a filial renovable da compañía, Enel Green Power España (EGPE), está a tramitar en Galicia e que xerarán máis de 900 MW de nova capacidade renovable, creando postos de traballo durante a súa construción e a empregabilidade dunhas 60 persoas para a súa operación e mantemento, nos que primará a contratación de man de obra local.

Os proxectos de enerxía eólica asociados a esta colaboración, executados por Enel Green Power España, dispoñen de acceso e conexión á Rede de Transporte e están en tramitación administrativa. Neste sentido, a Xunta de Galicia foi informada do preacordo entre ambas as compañías e ocupárase da coordinación para o avance do proxecto a plena satisfacción de todas as partes implicadas.

O preacordo bilateral enmárcase no



A planta de Endesa á esquerda e o complexo de Alcoa á dereita

plan de Alcoa para reactivar a produción de aluminio primario en San Cibrao a partir do 2024 nun contexto alcista do prezo da enerxía, asegurando prezos estables cos que se axuda á competitividade da industria galega e ao complexo industrial de Alcoa San Cibrao, establecido en 1980 dacadalo entre os municipios lucenses de Cervo e Xove.

“Os contratos a longo prazo convertéronse nunha ferramenta fundamental para mitigar riscos vinculados aos prezos e dar estabilidade a longo prazo na cobertura das necesidades enerxéticas dos nosos clientes”, sinala Javier Uriarte director xeneral de Comercialización de Endesa. Ademais, engade que “este instrumento, unido ao asesoramento sobre mercados enerxéticos, permítenos consolidar a nosa relación con Alcoa con este novo precontrato que reafirma a aposta de ambas as compañías pola sustentabilidade e polo desenvolvemento socioeconómico de Galicia. Esta comunidade

é un dos territorios históricos de Endesa, polo que para nós constitúe unha satisfacción moi especial poder contribuír coa nosa subministración para asegurar a actividade dunha empresa tan relevante como Alcoa”.

SUSTENTABILIDADE. Endesa aposta firmemente pola transición enerxética e adiantou dez anos, a 2040, o compromiso de emisións cero, anticipándose unha década ao límite marcado pola Unión Europea para eliminar os gases de efecto invernadoiro. Xa en 2024, o 92% da produción de enerxía peninsular de Endesa será libre de emisións de CO2.

De feito, a enerxética dispón actualmente de 565 megawatts instalados en Galicia repartidos entre 23 parques eólicos, cuxa produción o ano pasado sumou 1.386 GWh. E é que o proceso de descarbonización está a cambiar a forma de producir electricidade, onde a compañía tomou a decisión de pechar todas as térmicas de España.

almayo

¡DESCUBRE NUESTROS DESCUENTOS!

MES DEL DORMITORIO Y DEL ARMARIO

RIBADEO
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6
Tel.: 636 761 883

BARREIROS
Pol. Ind. Cruz do Lobo Nave 10
Tels.: 982 585 709
652 110 377

BURELA
C/ Curros Enríquez, 12
Tel.: 660 402 954

Cajoto e a Subdelegación ultiman melloras no proxecto da A-74

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, reuniuse coa subdelegada, Isabel Rodríguez; o xefe da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, Ángel González del Río; a xefa de unidade Beatriz González del Riego para falar das melloras da A-74.

O rexedor explica que é “unha absoluta necesidade dispoñer dunha vía de alta capacidade que vertebre a Mariña e a costa con Ferrol, que una todo o norte de Galicia. Hai tramos cunha tramitación máis avanzada, coma este, e outros máis atrasados, como a variante de Viveiro, que corresponde á Xunta de Galicia. Xunta e Estado deben investir o que corresponde para saldar unha débeda histórica coa comarca”.

Na reunión tratouse polo miúdo o proxecto, que discorre case de forma íntegra polo termo municipal de Foz, nas parroquias de Cangas, Nois, Fazouro e en menor medida en Forxán. Fran Cajoto especificou que “un dos



Reunión dos representantes das distintas administracións

puntos principais a tratar foi a mellora da permeabilidade dos enlaces de Foz -situado en Forxán, preto da actual rotonda de Pardiñas- e de Cangas, sobre a LU-162 Ferreira-Cangas. O Concello trasladou a necesidade de construír sendas seguras para peóns e ciclistas para que os enlaces de Foz e Cangas non constitúan unha

barreira para a veciñanza da zona. Tamén se trataron outras cuestións, como a reposición de distintos camiños que se verán afectados polas obras e a necesidade dun bo trazado no desvío da estrada provincial LU-P-2004, que une Nois con Córdido e que constitúe o vial de comunicación principal para moitos veciños”.

A Mariña Cogami inicia con fisioterapia acuática o programa de actividades

A Asociación de Persoas con Discapacidade A Mariña-Cogami vén de iniciar o programa de actividades para o coidado da saúde que ten programado para este ano, a través do que pretende tratar as doenzas físicas, motoras e emocionais das persoas usuarias e proporcionarlles un benestar integral.

A primeira das actividades postas en marcha é a de Fisioterapia Acuática na que se utiliza unha técnica denominada Halliwick, ferramenta terapéutica que resulta ser das máis utilizadas nas terapias dirixidas a persoas con discapacidade física, con danos neurolóxicos e traumatolóxicos. As persoas profesionais expertas no Halliwick afirman que este método aporta beneficios de equilibrio, forza, control da postura e beneficios psicolóxicos, porque afianza as rela-

cións sociais e as emocións.

A Mariña Cogami iniciou a terapia acuática nas instalacións do spa que o hotel Fogar do Mariñeiro ten en Ribadeo e polo de agora acoden a esta actividade unha vez á semana 6 persoas dos concellos de Ribadeo e Barreiros repartidas en dúas quendas de tres persoas cada unha, sendo atendidas por dúas fisioterapeutas da clínica Físio-CORPOS de Ribadeo. Esta actividade ten unha duración de 12 sesións, polo que rematará o mes de abril pero con posibilidade de poder retomala a finais de ano. Para o mes de marzo está previsto iniciar outros programas de benestar integral dirixidos a persoas con discapacidade física, como fisioterapia, terapia ocupacional e terapias psicolóxicas. Todos estes desenvolveranse de maneira individual ou grupal,



segundo as necesidades, e tanto poden realizarse en clínica como no domicilio.

As persoas que queiran reservar praza para calquera destas actividades que se van desenvolver durante este ano, poden contactar coa asociación A Mariña Cogami no teléfono 982 130 289 ou 664 494 092 ou enviar un correo a amarina@cogami.gal

Trabada e Ribadeo acondicionarán o camiño que une Valboa e Cedofeita



Os concellos de Trabada e Ribadeo solicitaron de forma conxunta unha subvención á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta para acondicionar e pavimentar un camiño supramunicipal que une as parroquias trabadense de Valboa e a ribadense de Piñeiro (Cedofeita). Os núcleos de poboación da Igrexa, Salgueiro, As Cabanas, Biduedo e Sequeiro da parroquia de Valboa, en Trabada, e os núcleos de Teixido e Piñeiro da parroquia de Cedofeita, en Ribadeo, dispoñen dun vial de comunicación deficitario e sen firme sobre o rego Ferreira, unha situación que dificulta a circulación de vehículos.

O camiño serve de acceso a fincas agrícolas e a explotacións gandeiras, así como a parcelas forestais,

polo que o tráfico pesado é importante e ocasiona un maior deterioro. Con esta actuación, mellorárase ademais o trazado da curva existente para facilitar os xiros de vehículos pesados.

A actuación, cun orzamento de 62.500 euros, consistirá no acondicionamento e pavimentación do tramo, a prolongación da obra de paso existente sobre o rego Ferreira e a instalación de barreras de seguridade en ambas marxes.

“É unha obra urxente para acondicionar o vial ao tránsito de vehículos, mellorando a comunicación e a seguridade viaria, e permitindo que os vehículos prioritarios en servizo de emerxencia poidan facer uso do mesmo e teñan uns accesos en boas condicións”, explica García Bermúdez.

A nova tempada de pesca fluvial comezará o 20 de marzo

A tempada de pesca deste ano en Galicia comezará o vindeiro 20 de marzo e rematará o 31 de xullo. Así, no caso concreto do salmón, o período hábil abranguerá desde o 1 de maio ata o 31 de xullo, pero poderá adelantarse o remate da tempada en función das capturas. Nos tramos compartidos do río Eo e nos coutos do Ulla, o período rematará o 30 de xuño.

A cota de captura establécese nun

exemplar por persoa e xornada, cunha dimensión mínima de 40 centímetros (45 cm nos coutos compartidos con Asturias).

A ratio anual no río Ulla queda fixada en 30 exemplares; no Mandeo os exemplares serán 5; no caso do río Masma a cota é de 15 salmóns; no Miño fíxase en 8; e no couto de Salmeán, en 10. No resto dos coutos autorizados no río Eo non se establece cota anual de captura.

Restaurante
Lar
Foz

Xornadas dos Arroces

do 1 ao 31 de marzo
(tamén incluídos)

PLAZA CONDE DE FONTAIO Nº3 - Foz • 982 140 433

“Detrás dos traballos toponímicos agóchase algunha razón sentimental”

A trabadense Xulia Marqués Valea, autora da *Topominia da Pontenova*, é doutora en Filoloxía Galega, licenciada en Románica e unha experta en nomes

Trabada é o seu lugar natal, que representa para vostede?

Si, nacín no lugar de Pacios na parroquia da Ría de Abres, no concello de Trabada. E para min representa o apego, a casa e os meus, a nenez, o rural vivenciado; no fin de contas, as raíces.

Publicou algún outro libro na colección Terra Nomeada?

Si, a Real Academia Galega convidoume a participar escribindo nesta colección divulgativa e empecei por Trabada, empuxada polas razóns sentimentais que antes apuntei e tamén polo coñecemento que tiña da súa toponimia ao ser obxecto de investigación na miña tese de doutoramento e base tamén doutros libros meus como *Enredando nos topónimos con Rodari* ou a *Guía para a recollida, catalogación e estudo dos nomes tradicionais de lugar*.

En que se centra este libro?

En *Toponimia da Pontenova* estudo a toponimia maior deste concello. En 116 entradas, correspondentes

aos nomes das 11 parroquias que o compoñen e os 102 lugares incluídos na próxima edición actualizada do Nomenclátor, fago un repaso pola orixe e a motivación de cada topónimo. Completo este repertorio correspondente aos nomes de entidades de poboación con tres entradas máis: Eo (nome do río), O Pousadoiro (serra), Miranda (antiga xurisdición, hidrónimo e punto de asentamento dos Miranda).

En que consistiu o traballo que realizou?

É un traballo de investigación concibido a modo de dicionario toponímico en que cada entrada corresponde a un nome de lugar que aparece acompañado duns datos precisos en que se identifica, localiza, se fai un breve comentario etimolóxico, se fala da motivación semántica, en que ademais se incorporan atestacións documentais antigas, se corrobora a presenza da forma estudada na toponimia de Galicia tomando como referencia o *Nomenclátor de Galicia*, as deno-

minación locais alternativas, se as houber, e outros topónimos emparentados no concello.

Canto tempo necesitou para escribilo?

A escrita dos libros eu nunca a mido en tempo pero foron anos. No meu caso sempre o fixen e o fago despois de saír do meu traballo, porque son primeiro profesora e no tempo que me queda libre, aproveito para escribir.

Moitas horas de investigación, como foi ese traballo, é dicir, na biblioteca, falando cos veciños...?

Si, detrás hai moitas lecturas, consulta en arquivos, revisión de cartografía antiga, catastro e logo hai visitas ás distintas parroquias, falar cos informantes, charlas coa xente maior... É unha suma de traballo de gabinete e de campo.

Por que elixiu a toponimia da Pontenova?

Por varios motivos, porque é un concello que me é moi familiar pos-



to que o veño frecuentando desde tres ou catro décadas. Casei alí, temos casa e familia residindo nel, anteriormente un tío-avó meu fora cura de Vilaboa, e con miña bisavoa viviron nesta parroquia a última parte da súa vida. Case sempre detrás dos traballos toponímicos agóchase algunha razón sentimental.

Está preparando algún outro libro?

Si, ando a voltas non con un senón con dous, un estaría centrado na toponimia maior do concello coruñés de Vedra, onde dou clase, que sería semellante ao de Trabada e ao da Pontenova, e un segundo que estará centrado na didáctica e o patrimonio. Pero ambos os dous proxectos están nunha fase inicial.

Que destaca da vida dun escritor?

A min a palabra escritor/a méteme bastante respecto e eu non me considero tal. Teño publicados oito libros pero son traballos de investigación e recursos didácticos. Se tivese que poñer unha etiqueta ao meu labor diría que son unha persoa investigadora que publica e unha profesora que pon á disposición do alumnado uns materiais de traballo.

Que libro está lendo agora mesmo?

Estou lendo varios, coma sempre, e teñen que ver máis co ámbito da docencia da materia que imparto ca co ámbito toponímico. Son: *E o sol era Ela, Venecia abandonada, O outro lado da música, Virtudes (e misterios)*, ademais de *Castelao. Construtor da nación*.

A UNED abre a matrícula para as III xornadas sobre feminismo, que serán do 23 ao 30 de marzo

A UNED celebra de novo a terceira edición das Xornadas Aprendendo Feminismo, que terán lugar en formato on line ou presencial do 23 ao 30 de marzo e para as que xa está aberto o prazo de matrícula. Estas III Xornadas *Aprendendo Feminismo: Feminismo e Educación: Que se está facendo?* centraranse na cuestión da igualdade no ámbito educativo. Así se analizará a situación actual da muller no ensino, expóndose medidas para alcanzar esa igualdade. Pero tamén, avanzaráse na difusión da historia do

feminismo e das grandes figuras femininas da Historia, como é propio destas xornadas. Algunhas delas, grandes mulleres galegas, como Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal. A lexislación actual, no noso país contempla a igualdade e prevé instrumentos funcionais para conseguila, que na maior parte dos casos non se están cumprindo. Consideramos que conseguir a igualdade real e efectiva, así como promover a equidade entre mulleres e homes involucra a toda a sociedade.

A Unidade Móbil de Axuda coas Reclamacións volveu ao Hospital

A Unidade Móbil de Axuda coas Reclamacións volveu colocarse o pasado mércores 2 de marzo na entrada do Hospital da Mariña en horario de 11.00 a 13.00 horas, despois da parada técnica de preto de dous anos pola pandemia e tras unha primeira toma de contacto o pasado 15 de febreiro no centro de saúde de Viveiro. A mesa informativa que se colocou na entrada principal do hospital tiña como obxectivo informar a profesionais e usuarios de todas aquelas dúbidas que poi-



deran ter en relación á asistencia sanitaria, derivacións cara a outros centros públicos ou privados,

tempos de agarda excesivos para consultas, probas diagnósticas ou intervencións, ou calquera outra cuestión que desexen consultar. Tamén se prestou axuda na redacción de reclamacións e no rexistro das mesmas. A Plataforma Sanitaria da Mariña convoca e anima a todos aqueles veciños e veciñas da Mariña que así o desexen ou precisen a achegarse a esta unidade, onde se informará sobre todas estas cuestións e se lles prestará a axuda coas súas reclamacións.

VEN A REPOSTAR A Ortegal Oil

ESTACIONES DE SERVICIO ABIERTAS 24H Y 100% SEGURAS OFRECIENDO SIEMPRE LO MEJOR PARA NUESTROS CLIENTES

www.ortegaloil.es

Escanea y visita nuestras estaciones

NOVAS

viveiro

Publicadas as bases da IV edición do Premio de Novela Vilar Ponte

O Concello de Viveiro publicou as bases do IV Premio de Novela Vilar Ponte, un certame que naceu coa finalidade de lembrar aos escritores Antón e Ramón Vilar Ponte e, asemade, apoiar e difundir a literatura en lingua galega e que conta cunha ampla participación todos os anos.

“Dende o Concello de Viveiro animamos a todos os escritores e escritoras a participar neste premio, que se quere consolidar dentro do escenario da literatura galega”, afirma a alcaldesa, María Loureiro.

Como en anos anteriores, tanto a extensión como a temática das obras é libre e cada orixinal será presentado en catro copias en papel, sen sinatura pero con



título e lema en sobre pechado.

O prazo de presentación acabará o próximo 30 de xuño e o lugar

para enviar os orixinais será o Concello de Viveiro. Habrá un primeiro premio de 4.000 euros e un segundo de 1.000 euros, coas súas correspondentes pezas de cerámica e diplomas. O acto de entrega será no Teatro Pastor Díaz.

Na primeira edición o gañador do certame foi Adolfo Caamaño, coa obra *Matar o heroe*, e na segunda edición resultou gañadora Natalia Carou Figueira, con *O mal querer*. En 2020 o premio non se convocou por mor da pandemia da covid 19 e, na pasada edición, o premio quedou deserto por decisión motivada do xurado.

As bases completas desta convocatoria poden consultarse na web municipal.

O Concello ofrece un terreo para a residencia de Aspanane

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, mantivo unha reunión coa directiva e xerencia de Aspanane (Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual de Viveiro) para informalas do traballo e xestións realizadas para a construción dunha residencia.

“Levamos tempo realizando xestións para conseguir a cesión do antigo colexio de Celeiro, co obxectivo de reubicar nesa edificación a Escola Oficial de Idiomas, que actualmente se atopa na parte superior do Centro de Día de Aspanane, para crear a residencia nesa segunda planta”, sinala a rexedora. Porén, o traslado da Escola Oficial de Idiomas está retrasándose e demorándose máis do previsto,

porque dende a Tesourería Xeral do Estado non se atopa unha alternativa para a cesión dese edificio. Deste modo, o Concello de Viveiro, en contacto con Aspanane, está traballando na búsqueda doutras posibles opcións.

“Atopamos unha segunda alternativa, que pasaría por construír a residencia nunha parcela de titularidade municipal, na que urbanisticamente é posible”, anuncia a rexedora.

Polo momento, dende o goberno municipal non se quere facer público o lugar no que se atopa esta parcela referida. Deste modo, como habitualmente procede o goberno local, quérese primeiramente informar aos voceiros municipais.

A UNED Sénior contará cun autobús para as súas viaxes

A aula UNED Senior de Viveiro poderá continuar coas súas viaxes gracias a unha achega do Concello para facilitarles neste caso un autobús para realizar a viaxe programada dentro da materia de Econoloxía. Nesta materia de econoloxía, impartida entre o 21 de outubro e o 17 de febreiro, matricularonse un total de 15 veciños de Viveiro. Deste modo, o pasado 17 de febreiro viaxaron a Brión e Boiro para aprender como xestionan o seu territorio os colectivos vinculados á UNED Senior deses lugares.

Continúa a programación do 8M

O Centro de Información á Muller (CIM), preparou unha programación para celebrar o Día Internacional da Muller. Maruja Mallo é ademais protagonista dun ciclo de conferencias, co obxectivo de enxalzar a súa figura.

“Con estas actividades buscamos sensibilizar a toda a cidadanía, con opcións para os máis cativos pero tamén para os adultos. Ademais, visibilizamos a figura da artista viveirense Maruja Mallo, referente nas artes e tamén na igualdade”, explica a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

A programación, que comezou co

club de lectura *En Feminino*, continuará co ciclo de conferencias *Maruja Mallo. Viveiro e a vangarda do século XX*, que se celebrarán no Teatro Pastor Díaz. O ciclo inaugurarase o domingo 13 de marzo ás 19:00.

Concretamente desenvolveranse as conferencias: *De Viveiro ao mundo. Maruja Mallo a gran vangardista europea* a cargo de Jose Luis Ferris, escritor e autor do libro *Maruja Mallo, la gran transgresora del 27*; e *Maruja Mallo, dende Viveiro ao Madrid Republicano*, a cargo de Carlos Nuevo Cal, cronista oficial de Viveiro e experto e biógrafo de Maruja Mallo.

O luns 14 de marzo estará en marcha o obradoiro *Educando na boa sexualidade*, dirixido ao alumnado dos IES María Sarmiento e Vilar Ponte de Viveiro. A formación durará ata o mes de xuño.

Ademais, os traballos do VII Concurso de Debuxo Escolar Mamá traballadora exporanse na Sala da Biblioteca Municipal ata o 18 de marzo. Doutra banda, os traballos do VII Concurso de Fotografía Amateur Mulleres e traballos estarán expostos nos comercios adheridos ao Casco Histórico de Viveiro, tamén ata o 18 de marzo 2022.

O BNG presenta alegacións contra a suba da auga

O BNG vén de presentar alegacións en contra unha nova subida da tarifa da auga. “O Goberno Municipal defendeu novamente á empresa Viaqua para aplicar o máximo incremento posible na tarifa de abastecemento e saneamento sen ningún tipo de xustificación, isto é, un aumento do 3,8% conforme á variación do IPC”, din.

“O BNG leva solicitando dende a última subida, fai un ano, que se xustifique o custo real que lle supón á veciñanza o recibo da auga”, explican.

Actos Día Internacional da Muller • 2022

Clube de lectura **“EN FEMININO”** a cargo da actriz galega Estíbaliz Veiga.
Comenzou o 23 de febreiro “Día de Rosalía” e desenvolverase de xeito on line ata o mes de xuño 2022.

5 DE MARZO
Obra de teatro **“AS QUE LIMPAN”** da Compañía A Panadaria. Teatro Pastor Díaz. 20:30 horas.

8 DE MARZO
Lectura de manifesto na Praza Maior, as 20:30 horas.

CICLO DE CONFERENCIAS “MARUJA MALLO. VIVEIRO E A VANGARDA DO SÉCULO XX”.
Teatro Pastor Díaz.

13 DE MARZO
Inauguración. 19:00 horas coas Conferencias:

“De Viveiro ao mundo. Maruja Mallo a gran vangardista europea” a cargo de Jose Luis Ferris, escritor e autor do libro *“Maruja Mallo, la gran transgresora del 27”*.

“Maruja Mallo, dende Viveiro ao Madrid Republicano”, a cargo de Carlos Nuevo Cal, cronista oficial de Viveiro e experto e biógrafo de Maruja Mallo.

Obradoiro **“EDUCANDO NA BOA SEXUALIDADE”**, dirixido a alumnado dos IES María Sarmiento e Vilar Ponte de Viveiro. Data de comezo: **14 DE MARZO**, e desenvolverase ata o mes de xuño 2022.

VII Concurso de Debuxo Escolar **“MAMÁ TRABALLADORA”** e Exposición de traballos na Sala da Biblioteca Municipal ata o 18 de marzo 2022.

VII Concurso de Fotografía Amateur **“MULLERES E TRABALLOS”** e Exposición de traballos nos comercios adheridos ao Casco Histórico de Viveiro, ata o 18 de marzo 2022.

“Queremos dinamizar a vida cultural e social e crear unha comunidade unida”

A asociación Fuga presentouse na sociedade viveirense coma unha entidade sen ánimo de lucro para facer proxectos culturais e educativos

Que é Fuga?

Fuga é unha asociación sen ánimo de lucro formada en Viveiro para levar a cabo proxectos e ideas culturais e educativas baixo unha comunidade libre de discriminación, inclusiva e respectuosa.

Son todos de Viveiro?

Non, aínda que afincados en Viveiro a nosa orixe é diversa.

Quen se atopa á fronte?

Os membros fundacionais da asociación somos Lara Buyo, Ana Corujo, Víctor García, Hilda Díaz, Iván Roel, Lucas Requejo, Óscar Fernández, Álvaro Cabarcos e Paloma Huesca. Dende o primeiro momento plantexamos Fuga coma unha asociación que traballará de forma horizontal polo que a súa estrutura interna non ten importancia. Fuga é todas as persoas que queiran colaborar e apoiar as iniciativas que xurdan dunha confluencia de

ideas e dinamizen a vida cultural e social do noso entorno.

Teñen local para as reunións?

Por agora reunímonos no local comercial dun dos membros. Co tempo, gustaríanos dispoñer dun local donde poder levar a cabo moitas das actividades pero tamén, pensamos que Fuga ten que estar visible para todos polo que ademais de promover actividades ó aire libre, seguiremos colaborando con outros espazos privados e públicos.

Como xurdiu a idea de crear a asociación?

Fuga nace desde a idea fundamental de que o colaboracionismo é a maior forza impulsora para levar a cabo proxectos e actividades diversos que reflexan e identifican un sentir social. Algúns de nós propuxémonos facer realidade esta idea e por eso nace Fuga.

Porque o nome de Fuga?

Despois de valorar varias opcións para o nome da asociación, crimos que Fuga era o máis adecuado porque ademais de transmitir movemento tamén reflexa o noso apoio a expresións artísticas menos convencionais ou minoritarias.

Que obxetivos persiguen?

Dinamizar a vida cultural e social de Viveiro e A Mariña para crear unha comunidade unida por lazos basados na empatía, a igualdade e comprometida co valor e o esforzo da autoxestión.

Quen pode asociarse?

Calquera persoa que queira axudar a potenciar e facer máis fortes eses lazos e benvida a Fuga.

Que destacan da actividade cultural de Viveiro?

Respectando a vida cultural máis institucional, que por suposto é



necesaria, a nosa proposta sumaría con todo aquilo que nace desde dentro da propia comunidade para conformar así unha experiencia máis rica e diversa.

Que ámbitos de traballo teñen?

Todo o relacionado coa cultura. Entendemos que cultura pode ser un concerto ou axudar a ún artista a amosar a súa obra pero tamén é compartir coñecemento sobre calquer ámbito ou mesmo facer unha ruta en patíns.

Fixeron xa algunha actividade?

Si, o pasado 25 de febreiro no Gara-

je de Viveiro fixemos un evento con contacontos, exposicións, concertos e presentamos Fuga aos nosos veciños para máis adiante, convocar a toda a xente interesada a participar nunha asemblea aberta, empezar a confluír ideas e que así Fuga comece a percorrer o seu camiño.

De cara aos vindeiros meses, teñen algún proxecto en mente?

Pronto anunciaremos máis actividades coma un taller de debuxo natural, exposicións de arte en pedra e madeira ou coincidindo co Día da Muller, unha charla sobre a sexualidade feminina.

O BNG insta a habilitar a área de autocaravanas de Portochao



Segundo o BNG de Viveiro o Concello segue sen habilitar a área de autocaravanas en Portochao “que conta con auga, luz e alcantarillado ao pé”.

“Dende o BNG xa fai case un ano que se fixo unha proposta moi interesante neste eido, unha proposta con pouco custe, unha proposta en consonancia con este tipo de turismo que ampliaría a oferta para que os autocaravanistas se sintan cómodos na nosa Vila. Esta proposta foi a creación desta área ao final do paseo fluvial do Landro na zona de Portocha”o, que como dixo e reitera a concelleira do BNG, Míriam Bermúdez: “é unha zona perfecta para esta área xa que ofrece natu-

reza e tranquilidade, contando xa o lugar con auga corrente, acceso a rede eléctrica, recollida de lixo e alcantarillado, polo que o investimento sería mínimo e a balanza entre gasto/rendimento, dende logo, decántase polo segundo.” Todo o exposto convertíuse nunha moción presentada en xuño do ano pasado, unha moción cunha gran acollida cos concelleiros do BNG, PSOE, Por Viveiro e grupo mixto votando a favor e co PP absténdose, sen ningún voto en contra. Dende o BNG e ante a proximidade do tempo de verán e vacacións “instamos a que á alcaldesa exerza diso, de alcaldesa, e traballe nos acordos plenarios aprobados”.

O Concello elabora un proxecto para o parque Pernas Peón

O Concello de Viveiro anuncia que xa ten elaborado o proxecto para a realización gradual do parque público Pernas Peón.

Trátase dun proxecto amplo e ambicioso, no que se contemplan varias zonas de actuación, preservando a esencia tradicional do parque, co obxectivo final de mellorar a calidade deste espazo verde. O parque conta cunha superficie total de 3 hectáreas e se vén utilizando polos veciños e veciñas como lugar de descanso e esparcemento.

As diferentes intervencións que se pretenden levar a cabo teñen como finalidade, entre outras, a apertura visual dos bordes do parque, para preservar o carácter de espazo verde alleo ás construcións e urbanizacións do entorno, así como a creación de novos usos. Tamén está previsto crear unha praza central ou a utilización da vexetación como elemento de unión entre as diferentes zonas para que os veciños e visitantes perciban o espazo como unha unidade. Ao tratarse dun proxecto elaborado para a súa realización gradual, o goberno municipal ten intención de ir executando as obras por zonas. Ademais, o feito de contar co proxecto xa elaborado permitiría solicitar algunha subvención que puidera convocarse para este tipo de fin con



fondos europeos.

O Concello leva tempo traballando na elaboración deste proxecto e ten intención de comezar executando as actuacións para a zona sueste do parque, na que recentemente se talaron diversas árbores por cuestións de seguridade. En concreto, en breve, procederase á retirada do mobiliario existente e á plantación de 18 árbores de diferentes especies, xa con determinado porte e grosor. Ademais, realizaranse os movementos de terra precisos e a plantación de cespede onde sexa necesario. A primeira actuación, como se indica, foi a realización do proxecto por parte da empresa lucense Landelar – Diseño de Espacios Verdes. Dentro do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2021 existía unha partida de 30.000 euros destinados

a este parque; a existencia desta partida formaba parte do acordo para a aprobación dos orzamentos entre o goberno municipal do PSOE e o grupo Por Viveiro. Dese importe de 30.000 euros, unha parte foi dedicada á redacción do proxecto básico e de execución e outra parte será destinada á plantación referida.

BNG. O BNG fixo unha recuperación simbólica no parque Pernas Peón plantando un carballo, un bidueiro e un castiñeiro no mesmo. A concelleira do BNG, Míriam Bermúdez, afirma que con esta acción simbólica queremos que a alcaldía “espabile e traballe por recuperar esta zona verde, para que volva ser un parque vivo no que poder medrar, socializar, xogar e practicar deporte”.

Concello e Augas de Galicia avanzan no proxecto da Xunqueira

O Goberno local tivo unha reunión de traballo en relación co proxecto que se está a elaborar para executar as actuacións que contribúan a minimizar o risco de inundacións en Xunqueira.

Cómpre destacar que na reunión se acordou modificar o proxecto previsto inicialmente, incluíndo as modificacións propostas polo Concello de Viveiro en beneficio dos veciños e veciñas do barrio de Xunqueira. A redacción deste proxecto atópase en fase final e a previsión é que a finais de marzo xa poida estar finalizado para sacar a concurso a súa execución.

Tamén se valorou a posibilidade de incluír neste proxecto todas as actuacións incluídas no "Plan Específico de Xestión de Risco de Inundación do Rego Fontecova" co obxectivo de presentar unha candidatura e optar aos fondos da Fundación Biodiversidade. Deste xeito, tamén se incluírían actuacións que quedaban inicialmente fóra do proxecto inicial, como poden ser as previstas para a zona da Carreira.



PARTIDO POPULAR. "Os veciños de Xunqueira séntense esquecidos polo goberno local, presidido pola alcaldesa María Loureiro", así o expuxeron os directivos da asociación de veciños deste barrio de Viveiro na reunión que mantiveron co portavoz popular, Óscar Rodríguez, e outros representantes do PP. "Dende o urbanismo ao aseo urbano, nada do que depende do Concello funciona debidamente en Xunqueira", di Rodríguez, "no PP esiximos ao goberno municipal que tome nota das queixas dos veciños, abandone a zona de confort na que

está instalado e poña mans a obra de atender as necesidades desta parte de Viveiro".

Os populares anuncian que desenvolverán iniciativas para comprobar en que momento está o plan especial de protección e reforma interior (Pepri) aprobado no seu día para Xunqueira. Os representantes da asociación de veciños din que dende que foi aprobado este plan, nada se fixo para desenvolvelo, pese a importancia que debiera ter para a debida organización deste barrio, así como para a xestión de axudas a rehabilitación de edificios.

O Concello está a modificar a cartografía das parcelas afectadas polo FEVE

O Concello aclara que as comunicacións do Catastro recibidas por numerosos veciños non implican expropiacións de parcelas. Neste sentido, dende o goberno municipal quere informar, en primeiro lugar, que mediante eses comunicados non se está a tramitar ningún tipo de expropiación.

O Concello explica que, simplemente, se está a realizar a modificación cartográfica das parcelas afectadas, no seu día, polas expropiacións da liña de FEVE no tramo comprendido entre Viveiro e Vegadeo. Unha modificación de acordo cos límites de expropiación levados a cabo en data 19-06-1968 pola Xefatura da Construción da Dirección Xeral de Transportes Terrestres, é dicir, a antiga FEVE, hoxe ADIF.

Mediante esta comunicación estase a notificar a todas as parcelas e edificacións que lindan coa liña de FEVE que se vai proceder a modificar a planimetría catastral. O obxectivo é incluír na planimetría as zonas de afección referida, sen que isto implique novas expropiacións. Anteriormente, por parte do Catastro xa se remitiron comunicacións aos titulares das parcelas afectadas polas expropiacións da estrada LI-862 Ferrol-San Cibrao e da VAC, así como tamén das parcelas afectadas pola liña de deslinde de Costas.

O Concello conta coa información que vén de comunicar á cidadanía. Non obstante, calquera veciño ou veciña afectado pode dirixirse á Xerencia Territorial do Catastro para solicitar información ao respecto.

Achegas para melloras no campo de Lavandeiras, Pallaregas e no Paraíso

A Deputación de Lugo, a través da súa Área de Deportes, comprométese a achegar unha parte do importe necesario para arranxar o campo de fútbol de Lavandeiras. O Concello de Viveiro elaborou o proxecto para executar diversas melloras nesta instalación, solicitando a colaboración económica da Deputación de Lugo e da Xunta de Galicia para poder levar a cabo as actuacións.

Tras a reunión mantida no día de hoxe na Deputación, á que tamén acudiron representantes do Celeiro Club del Mar, a Área de Deportes provincial confirmou a súa colaboración.

Deste xeito, o Concello de Viveiro e a Área de Deportes da Deputación asumirán, cada unha delas, unha terceira parte gasto, e o terzo restante o goberno local espera que sexa asumido pola Xunta de Galicia.

O Concello redactou o proxecto e presentouno en ambas administracións. Xa se conta co compromiso da Área de Deportes da Deputación



e goberno local agarda que pronto poida contar tamén coa colaboración da Xunta de Galicia.

PALLAREGAS E PARAÍSO. O Concello solicitou, no marco do Plan Único 2022, unha axuda económica para impulsar diversas obras nas Pallaregas e no Paraíso. No caso do Paraíso, cun orzamento segundo proxecto de 107.522,63 euros, realizárase a reposición do firme da estrada do Paraíso e doutros catro viais da zona. O Concello mantivo unha reunión en días

pasados con veciños do Paraíso para ensinarlles o proxecto e explicarlles as obras que se van a levar a cabo dentro desta actuación.

No caso das Pallaregas, cun orzamento segundo proxecto de 129.882,11 euros, as actuacións previstas inclúen obras de acondicionamento e mellora da pista principal, dende a Ponte de Feve ata a Casería. O proxecto tamén inclúe obras no ramal denominado Pista de Vilar – O Rego, que dá acceso ás vivendas de Porta Leira.

O PP demanda a reapertura a maior brevidade posible da Oficina Municipal de Información ao Consumidor de Viveiro, da que se viu privado hai uns tres anos.

"O consumidor enfróntase cada día a novos modelos de negocio, a riscos e abusos fronte aos que precisa contar con asesoramento técnico", di o voceiro popular, Óscar Rodríguez.

Rodríguez, di que en Galicia "hai unhas noventa OMIC, en concellos de moi distinto tipo. Mentres, e a pesar de que os populares solicitaron, ao principio do mandato, a reapertura deste servizo, Viveiro continúa

sen contar con el. É verdadeiramente inexplicable que nunha cidade como esta non estea operativo esta oficina. E máis tendo en conta os tempos que corren, nos que se multiplican os abusos aos que se enfronta os consumidores".

Rodríguez destaca que, igual que outros moitos concellos galegos teñen OMIC, tamén Viveiro debe ter, ten que ter. "Son moitas as queixas dos veciños por non ter un servizo ao que acudir presencialmente cando se enfrontan a problemas fronte aos que precisan asesoramento, para, se fora o caso, tramitar a correspondente reclamación".



CURSO 2021/2022
Reserva tu plaza

Rúa Eduardo Pondal 13 - Bajo, Foz
Rúa Fernández del Riego 7 - Bajo, Lourenzá

...where English is fun! www.docklandsacademy.es

982 103 377
605 738 247

DEPILACIÓN con
NUEVO LÁSER DE DIODO
de ÚLTIMA GENERACIÓN
Milesman
ESTÉTICA

+ Efectividad
+ PROTECCIÓN para la PIEL

Dermoterapia
Centro de Estética

Foz
Cita Previa:
664 527 486

A asociación Torques de Marzán terá un espectáculo de maxia



A asociación de veciños Torques de Marzán de Foz organizan para o 12 de marzo un novo espectáculo de maxia. Este evento estará a cargo do mago Aris Villarino. O espectáculo terá lugar na sala Bahía ás 19.30 horas con entrada gratuita ata completar aforo. Villarino é un mago focogo de 30 anos, formado como deseñador gráfico pero que traballa actualmente no sector comercial.

Augas de Galicia comprométese a axilizar as obras da EDAR

O Concello de Foz recibe o compromiso de Augas de Galicia de axilizar a legalización das captacións de Cordido e Trasmonte (Nois) e a ampliación da concesión no río Ouro. Representantes do Concello de Foz mantiveron unha xuntanza de traballo en Santiago con Augas de Galicia, reunión na que estiveron presentes o alcalde, Fran Cajoto; o tenente de alcalde, Francisco Fanejo; a directora de Augas de Galicia, Teresa Gutiérrez; e técnicos do Concello e do organismo autonómico. O Concello de Foz interesouse polo avance na tramitación dos expedientes para a legalización das captacións de auga. Tratouse a problemática existente para a legalización da captación de Cordido, respecto á cal o Concello de Foz presentou unha nova proposta ao ente autonómico que resolvería os condicionantes de Augas de Galicia e que vai remitir por rexistro este mesmo venres. Respecto á captación de Trasmonte, na parroquia de Nois, e á ampliación de caudal na captación prin-



Presentación do proxecto da EDAR

cipal do río Ouro, Augas de Galicia comprometeuse a axilizar os expedientes para contar coa aprobación á maior brevidade, que estimaron en algo máis de dous meses. O alcalde de Foz manifestou: “teño que agradecer á directora de Augas de Galicia a súa atención. É prioritario para o concello de Foz contar coa legalización de todas as captacións e coa ampliación de caudal no abastecemento do río

Ouro, non só para que veciñas e veciños teñan todas as garantías senón tamén para desbloquear un Plan Xeral que naceu coxo e que agora mesmo imposibilita a edificación de novas vivendas en Cordido ou o desenvolvemento do solo urbanizable no parque empresarial de Fazouro”. O Pleno de Foz aprobou na última sesión a expropiación dos terreos para construír a nova depuradora.

Os Sendeiros de Foz preparan unha nova saída ata o Castro de Doade en Lalín

A asociación Os Sendeiros de Foz continúa coa organización de roteiros e o domingo 13 de marzo realizarán unha nova saída polo Castro de Doade, en Lalín, de dificultade media. A saída está prevista para ás 6.00 horas e os desprazamentos faranse en autobús coa intención de rematar para xantar todos xuntos. O punto de inicio será diante de Cenor, en Foz. Os socios non federados deberán pagar 54 euros e os socios temporais, 58 euros, sendo 50 euros para os socios federados. A organización recomenda levar equipo de sendeirismo e máscara. As persoas interesadas en participar poden anotarse ata o día 9 de marzo nos teléfonos 606 718 482 ou 670 369 017 ou mesmo no correo ossendeiros@yahoo.es. Esta asociación celebra normalmente unha saída polo menos unha vez ao mes para visitar e coñecer as principais paraxes da contorna.



A PÉ DO MANOLETE. O Cinema de Foz acolle dende onte a exposición do Entroido que este ano está dedicada a Pé do Molete e que ademais foron os encargados de facer o pregón. A mostra poderá verse no centro cultural ata o 12 de marzo e nela desfrutarase dun percorrido fotográfico polos seus anos de inxenio. Pé do Molete é unha Peña sociogastrocultural do Entroido focogo.

As claves das cabinas da Rapadoira deben devolverse antes do 18 de abril

O Concello de Foz solicita aos usuarios dos vestiarios e cabinas que non tiveran entregadas as claves dos mesmos sitios na praia da Rapadoira antes do día 15 de xaneiro de 2022, deben facelo efectivo con data límite 18 de abril, así como retirar as pertenzas que permanezan no seu interior. Na praia da Rapadoira existen cabinas ou vestiarios os cales son adxudicados nunha lista pública na que se poderán anotar aqueles usuarios que queiran contar cun vestiario. Terán prioridade no primeiro ano de

elección os actuais usuarios pero só nesta primeira lista. A lista será renovada no primeiro día de xaneiro dos anos pares, entregando as claves antes do 15 de xaneiro os usuarios saíntes, e deixando todo igual que lles foi entregado. No primeiro ano par, seguinte ó da primeira lista publicada, correrase na súa totalidade, non podendo repetir ninguén máis de dous anos seguidos dende que se publique a ordenanza. O demandante do vestiario deberá solicitar por escrito a inclusión na lista de espera que será pública para

que toda persoa que o desexa poida consultala. E o aluguer será anual pola cantidade de 10 euros mensuais o que deixa a cota anual en 120 euros. Os veciños de Foz que estean empadroados terán un 20% de desconto nesta cota. O importe da cota acomodase cada ano ás variacións que, en máis ou en menos, sufra o Índice Xeral de Prezos ao Consumo que fixe o Instituto Nacional de Estatística. O pago da cota anual pasarase no mes de xuño. Reservarase 4 vestiarios para persoas con discapacidade.

MEMBER OF
Dow Jones Sustainability Indices
In Collaboration with RobecoSAM

Changing Tomorrow Now

ya llevamos 14 años cambiando hoy el mañana

edp

edp.com

in

Comezaron as obras das rúas Limoeiros e Costa Castro

Veñen de dar inicio ás obras de reforma da rúa Limoeiros con case 58.000 euros de orzamento con cargo ao Plan Único 2021 da Deputación, os traballos pódense dividir en dous tramos. As obras comezaron con tarefas de demolición entre Paco Maañón e a Congostra do Cura, onde a renovación será total, pasando de ser unha rúa con rego asfáltico e beirarrúas sen accesibilidade a unha plataforma única de formigón impreso ao mesmo nivel, con acceso limitado a residentes. Ademais, neste tramo dispórase unha nova varanda de protección, un colector de pluviais de PVC para avanzar na rede separativa e renovarse o abastecemento e outras tubaxes onde sexa preciso. No tramo entre a Congostra do Cura e a Rúa do Porto mellorarase o firme con aglomerado en quente e dispórase nova sinalización, nun viario que pasará a ser dun único sentido de circulación.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, móstrase satisfeito cunha obra moi demandada nunha rúa "á que lle facía moita falta".

Fran Cajoto engade: "xa o fixemos no 2020, continuamos no 2021 e

seguiremos no 2022, primando investimentos naquelas necesidades máis urxentes. Sempre cremos que a mellor forma de axudar é o investimento: en eventos, en cultura, na mellora de servizos, na mellora de infraestruturas. Este ano 2022 o PP xa mudou o discurso, porque lle interesa. Nós seguimos, con seriedade e honestidade, co plan de goberno marcado. Do Plan Único do 2022 134.000 euros van destinados á mellora de distintas rúas da vila e 136.000 a viais en seis parroquias. Ademais con 49.000 euros de fondos do Agader e o IVE, que aportará o Concello, melloraremos dous viais no barrio do Chao, en Santa Cilla, e outro en Mourente San Martiño. Coas baixas das obras adxudicadas -que curiosamente e de forma inexplicable antes non existían- podemos aglomerar a rúa da Báscula, o Camiño da Cadra e camiños en Vilaronte e en Nois, por exemplo. Seguiremos traballando nesta liña".

COSTA DO CASTRO. Comezaron tamén as obras de urbanización completa da rúa Costa do Castro entre Álvaro Cunqueiro e o cemiterio, que consisten na creación de beirarrúas

de máis de 2 metros de anchura, novo alumeadado público e a mellora de servizos, como a substitución da rede de abastecemento e a disposición dunha rede separativa cun novo colector de pluviais. A empresa adxudicataria será Construcciones Isidro Otero SL. que presentou unha oferta de 500.721,82 euros.

Para maior seguridade durante a execución dos traballos está pechado temporalmente ao tráfico o tramo entre a rúa do Pilar e o cemiterio, con acceso limitado a residentes e usuarios do taller mecánico Basanta. O alcalde indicou que se levarán a cabo todas as melloras incluídas nos pregos de licitación. "O primeiro lote de melloras que se executarán inclúe a pavimentación con aglomerado en quente das rúas Fiallega e do Cemiterio, co cal quedará renovado no seu conxunto o viario entre o centro da vila e a estrada ao Bispo Santo, titularidade da Deputación de Lugo. Ademais, está previsto realizar unha reorganización de tráfico nestas dúas rúas e delimitar unha senda peonil específica na rúa do Cemiterio, de xeito que unha persoa poda camiñar sen dificultades e con seguridade entre a Residencia e Centro de Día de



Rúa Limoeiros (arriba) e Costa Castro, en obras

Foz e a rúa Álvaro Cunqueiro. Esta senda levará separadores de carril tipo gota para delimitar o paso peonil do tráfico rodado e, xunto a unha mellora da iluminación do vial, permitirá un acceso peonil seguro entre o barrio de Marzán e o centro de Foz,

cun recorrido moito máis curto que pola Avenida de Viveiro".

Tamén será executado un miradoiro a carón das letras de Foz. Cunhas dimensións de 7 por 4 metros permitirá poñer en valor unhas vistas sobre a rúa de Foz.



*Hijos de
Ramón Rubal*

COMPRAMOS
MADERA
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

O musical ‘De ellos aprendí’ chega ao auditorio municipal

O domingo 13 de marzo ás 18.00 horas será representado no auditorio municipal *De ellos aprendí*, o musical dos grandes musicais que conta as súas funcións con cheos absolutos. Un ano despois de que Vaiana restaurase o corazón de Tefiti e salvase as illas da súa destrución, a vida no seu pobo prospera e os seus habitantes volven a navegar polos mares. Con todo, un acontecemento inesperado concede a Vaiana a primeira oportunidade de liderar o seu pobo. Guiada polo sabio espírito da súa avoa Talla, Vaiana embarcarase nunha gran viaxe a través de máxicos contos que lle axudarán a saber como chegar a ser a gran líder que o seu pobo necesita. Personaxes das películas La Sirenita, El Rey León, Frozen, Aladdin, Rapunzel ou La Bella y La Bestia aparecerán en escena como fío condutor da obra. As entradas para este espectáculo xa están dispoñibles.

O PP lamenta que o Goberno se opoña aos puntos de recarga para vehículos eléctricos

O voceiro do Grupo Municipal Popular, Manuel Rouco, considera moi positivo que “outro membro da agrupación local de Burela forme parte das comisións de traballo do Partido Popular a nivel provincial, autonómico ou nacional”, mento como membro do Comisión de Medio Ambiente do PPdeG. Precisamente en materia de medio ambiente, o Grupo Municipal Popular de Burela defendía no último pleno ordinario unha proposta coa que pretendía que “o Concello de Burela liderara a comarca da Mariña na loita contra a descarbonización mediante a creación de puntos de recarga para vehículos eléctricos de carácter municipal, unha forma de anticiparse ao futuro tecnolóxico que xa está chamando ás nosas portas”. Rouco explica que “por desgraza, tanto o PSOE do señor Llano coma o BNG do señor Pillado -dúas formacións que sempre se autovenden como defensoras do medio ambiente- opuxéronse á nosa proposta facendo gala, unha vez máis, do seu sectarismo político e esgrimindo a súa bandeira habitual de facer oposición da oposición”. “Cremos que as ideas razoables e con sentido que poden favorecer á veciñanza deben ser apoiadas independentemente da súa orixe”, manifesta o popular.

Varias rúas da zona dos Castros e Suafonte varían de dirección

O alcalde, Alfredo Llano, anuncia cambios no tráfico na zona dos Castros e en Suafonte. Haberá varias rúas dun so sentido de circulación, límites de velocidade para garantir a seguridade dos viandantes e crearanse prazas de aparcamento. Equipo de goberno e técnicos municipais abordaron estas medidas, que cando entren en vigor se comunicarán á veciñanza e se sinalizarán con antelación suficiente. O rexedor contou que “estamos pensando desde o Concello en facer unha renovación do tráfico e xa estamos preparando actuacións en dous sitios concretos: un é nos Castros, ao redor do colexio Virxe do Carme, onde imos reorganizar un pouco o tráfico, máis que nada para darlle máis fluidez e seguridade. Marcarase e dirase con tempo como vai quedar coa sinalización concreta en cada lugar, pero na rúa que rodea o colexio Virxe do Carme seguirá sendo de



Cambio de dirección da rúa Suafonte

sentido único e a novidade é que se poderá aparcarse do lado dereito, non do esquerdo, como se fai agora. Será así por motivos de seguridade, para deixar os nenos e as nenas na beirarrúa que corresponde á entrada do colexio. A rúa dos Castros vai ser de sentido único tamén e conectará coa rúa de Mondoñedo e coa rúa da Veiga, que tamén serán de sentido único. Os motivos son para ter maior seguridade e máis aparcamentos,

pois imos dotar esa zona dun espazo de estacionamentos para favorecer a carga e descarga”. Outra remodelación no tráfico vai ser poñer a rúa Suafonte en sentido único, de conexión desde a Eijo Garay ata a rúa do Mariñeiro, e esta última vai ser tamén de sentido único ata a rúa Monte Castelo. Vanse crear máis prazas de aparcamento e haberá maior seguridade no tráfico porque se evitarán accidentes”.

A casa da cultura acolle a representación de ‘Feminísimas’

A compañía De Ste Xeito representará *Feminísimas* na casa da cultura de Burela o venres 18 de marzo ás 21.00 horas. Trata sobre un congreso feminista en Vigo no que tres amigas da adolescencia que hai anos que non se ven. Tres maneiras moi distintas de entender o “feminismo”. Por exemplo: feminismo radical, feminismo liberal e teoría queer. Este é o punto de partida da creación de Esther F. Carrodegas, Noelia Blanco, Stephy Llaryora e Xavier Castiñeira. Unha peza teatral con altas doses de humor, ironía e complicidade para poñer a amizade a proba mentres analizamos -desde a comedia- de que maneira as mulleres estamos a convivir neste novo mundo feminista no que nos atopamos mergulladas. Unha maneira tamén de rirnos de nós mesmas, das nosas propias incongruencias e sobre todo do espazo que separa a teoría pura da práctica diaria. As entradas estarán dispoñibles por 3 euros.

Comezan as escolas deportivas de envellecemento activo

A Concellerías de Deportes e de Servizos Sociais únense para ofrecer escolas deportivas de envellecemento activo para xoves de máis de 60 anos empadroados. Segundo explican Carmela López e Ramiro Fernández “estas actividades están dirixidas a persoas activas e será o técnico de deportes do Concello de Burela, Iván Cao Lucas, o que imparta as clases, que serán lúdicas baseadas en xogos, estiramentos, forza xeneral con pesas, circuitos técnicos, actividades de coordinación...”. A adxudicación de prazas será por rigorosa orde de inscrición, sempre que se cumpran os requisitos esixidos. As persoas interesadas en participar poden descargar a ficha de inscrición na web www.burela.org ou ben recollela na Casa do Concello. As escolas deportivas para xoves de máis de 60 anos terán lugar en dous grupos os luns e mércores na praza de abastos. O horario do primeiro será de 9:30 a 10:30 horas e o do segundo de 10:30 a 11:30. As actividades de Envellecemento Activo desenvolveranse do 14 de marzo ao 15 de xuño e do 19 de setembro ao 14 de decembro. A cota de inscrición é de 6 euros ao mes.



EXPOSICION. A casa da cultura acolle unha mostra de acuarelas e acrílicos de Oniel Rodríguez, aberta ata o 4 de abril en horario de luns a venres de 11.00 a 13.00 horas e de 18.00 a 20.00 horas. Oniel Rodríguez López, nado en Guanajay, A Habana, é un pintor, debuxante, membro da AHS, ademais do Colectivo Plástico do Mariel, do proxecto Táboa de Auga e do proxecto Artes son entre as Artes da Sociedade Cultural José Martí. A súa obra forma parte da colección de importantes institucións como ICAIC, ICRT, SCJM e de coleccións privadas tanto en Cuba como noutros países, Canadá, Perú, Italia, Alemaña, Holanda e Grecia.

O Vencello reitera o seu malestar pola “parálise do municipio”

A Asociación de Veciños O Vencello de Burela vén de escribirlle unha carta ao alcalde para reiterarlle o seu profundo malestar e o da veciñanza pola parálise que está a sufrir o municipio debido “en gran medida á súa ineptitude para abordar os problemas de Burela”. “Poderíamos enumerarlle unha infinidade de temas que demostran que o único que vostede fai é propaganda. Sistemáticamente escoitámoslle dicir que vai facer isto e que vai facer o outro, pero desgraciadamente case nunca vemos que eses titulares cos que nos agasalla se fagan realidade”, di a súa presidenta Brixida Pino. “A súa inoperancia á hora de abordar problemas concretos é máis que coñecida para a gran maioría dos que vivimos neste concello. Por iso, permítanos centrarnos nun dos tantos temas que ten pendente e que ao noso modesto entender, traspasa a legalidade: Referímonos ao estado do ascensor do edificio da antiga praza de abastos, no que se atopan diferentes locais de asociacións, administracións e tamén o Xulgado de Paz”, di a presidenta do colectivo. Segundo Pino, o ascensor está fóra de servizo e as súas portas están tapiadas con mobiliario e outros enseres o que impide o paso a a persoas con mobilidade reducida. Hai aproximadamente un ano nunha xuntanza mantida entre Concello e

asociación informouse de que se ía amañar esta situación. “Pero gustaríanos que dunha vez por todas fora concreto e nos dixera cando pensan amañalo?”, di Pino. “Desgraciadamente, este tema do ascensor é só a punta dun gran iceberg. Temas dos que non sabemos nada coma a anunciada modificación do PXOM; nin da solución que pensa darlle ao problema que levamos arrastrando neste concello co cemiterio da Puída; nin que é o que vai pasar coas obras das instalacións deportivas da Marosa; e por suposto outro tema recorrente que parece non ter fin coma é a urbanización de Torrentes”, engadiu a asociación. Tampouco sabemos que é o que ten feito diante a delegación de Carreteras do Estado sobre a nosa reivindicación de instalar carteis de sinalización quilométrica de Burela nas estradas nacionais, nin si fixo algunha xestión de cara a coñecer con antelación o trazado da futura auto-vía ao seu paso polo municipio; nin tampouco si pensa facer algo para solucionar o tema provocado polas gaiotas (que outros concellos si teñen feito). Por todo isto, o colectivo esíxelle ao alcalde de Burela que exerza o seu cargo “para traballar dunha vez por todas en solucionar os problemas cotiáns, concretos e importantes do noso municipio”.

A ponte do tren de Eijo Garay lucirá unha obra con cerámica

Dende o Concello burelés anunciaron que se vai embelezar a ponte do tren de Eijo Garay cunha obra de arte realizada con cerámica serigrafada, que será ideada polo Concello coa axuda de artistas locais e da Fundación Eu Son.

José Díaz dixo que “a idea creo que é boa porque serve para darlle un pouco máis de toque artístico ao pobo. Xa temos Amarte, no muro do porto, e a ponte, que serve de vía de comunicación entre o pobo de Burela e o porto e a zona de Amarte, é un bo escaparate para facer este percorrido artístico, que oxalá que podamos facer en máis zonas, como vimos tentando desde 2017, cando foi a primeira edición de Amarte”.

O concelleiro de Cultura engadiu que “aínda levará algún tempo, pero



imos ir traballando sobre os deseños posibles. Na ponte hai varias paredes que poden ser obxecto de decoración con cerámica e aí podemos poñer diferentes motivos que rememoren Burela en todos os seus aspectos: sociais, culturais e de todo tipo. É un lugar moi visible porque se

imos á zona centro de Burela temos que subir ou baixar por baixo desa ponte”.

Díaz sinalou que “este é o proxecto que hai, pensamos que pode quedar ben, que o efecto final pode ser bo e esperemos que sexa do gusto de todos os veciños”.

Arrinca a campaña Recicla e únete ao reto

Arrinca en Burela a campaña Recicla e únete ao reto na que participa xunto a outros doce concellos galegos. O obxectivo é incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros nun 10% ata o vindeiro 31 maio. O pobo que o consiga recibirá un premio de 2.000 euros para doar a unha causa social. A concelleira de Medio Ambiente, Toñi Eijo, fai unha chamada á participación das veciñas e dos veciños de Burela neste reto.

O 24 deste mes estarán repartindo pulseiras de tea entre a veciñanza á que lle explicarán a importancia da reciclaxe no contedor amarelo para conseguir o reto e no mes de abril instalárase un contedor xigante na Praza do Concello, montarase uns días antes da Semana Santa.

O BNG reclama de novo a Comisión de Memoria Histórica

O voceiro nacionalista, Mario Pillado, indicou que “o señor alcalde igual non se lembra, pero nós seguimos pendentes da creación da Comisión de Memoria Histórica que foi un acordo plenario ata en dúas ocasións e para a que non hai impedimento obxectivo ningún, posto que xa foi elixida cronista oficial, que era no que se escudaba o alcalde. É recoñecido o noso interese por mudar o nome da rúa Eijo Garay e a retirada do título de fillo adoptivo, e parécenos unha boa oportunidade se o obxectivo é darlle unha volta a nivel urbanístico á nosa vila. Para nós a ferramenta axeitada para esa modificación

é esta comisión”. Para finalizar, sinalou que “tamén lle insistimos en que debe continuar coas negociacións co grupo propietario do inmovible na antiga fábrica de Gres, para acadar un convenio que sexa satisfactorio para ambas partes”. Para o voceiro do BNG “os novos cambios no tráfico non responden á planificación nin á previsión. Levamos anos reclamando un Plan de Urbanismo, Mobilidade e Humanización; facémolo cada ano no debate orzamentario e sobre o Plan Único, posto que cremos que é a mellor forma para desenvolver o PXOM, aínda coas modificacións que precise o mesmo”.

Once artistas confirmaron a súa participación no Burela-IN



Reunión previa dos artistas para coñecer o lugar

Ata o 13 de marzo está aberto o prazo de presentación de traballos ao Concurso Artístico convocado por Burela IN. Os artistas coñeceron o espazo e os materiais cos que se realizará a obra gañadora. A asociación Tá en Artes formará parte do xurado, segundo deu a coñecer hoxe a concelleira de Mar, Carmela López.

A edil contou que “estivemos no muro, na antiga fábrica de gres e visitando ás redeiras. Entón puideron ver in situ os materiais cos que van contar para poder presentar o seu boceto, antes do día 13. Aínda está aberto o prazo e entón queremos convidar a todos os artistas

que queiran participar a que nos envíen as súas propostas ao enderezo electrónico burelain@burela.org e engadiu que “para obter máis información poden contactar co seguinte número de teléfono: 627 096 062”. Carmela López contou que “xa temos 11 artistas interesados en participar nesta convocatoria de Burela IN, que pediron información e máis da metade acudiron hoxe a coñecer as zonas”.

A concelleira subliñou que “a asociación Tá en Artes formará parte do xurado. Da directiva deste colectivo forma parte Neira Brochs, que é un grandísimo muralista mariñán”.

Primeiras confirmacións para a oitava edición do Osa do Mar

O Festival Osa do Mar de Burela puido confirmar a celebración da oitava edición do festival burelés que se celebrará a fin de semana do 2 e 3 de setembro.

Para a realización desta edición fixeron a primeiros de ano unha captación de fondos para poder organizar a oitava edición. Así, marcouse obxectivo de chegar aos 3.000 euros, para poder

afrontar os primeiros trámites e os gastos básicos, e logrouno en menos de dous semanas e a día de hoxe recaudaron 10.510 euros.

Tamén, dende a organización, informaron das primeiras confirmacións para o festival de música alternativa que son Anabel Lee, Arde Bogotá, bertomusica, Karavana e LA LA LOVE YOU.

VA VEIGUELA ABOGADOS

TARJETAS REVOLVING ¿ESTÁS AFECTADO?

SI TIENES UNA TARJETA DE CRÉDITO CON PAGOS APLAZADOS, CONSULTA CON NOSOTROS SI PUEDES RECLAMAR LA CANCELACIÓN DEL CONTRATO Y RECUPERAR LO PAGADO DE MÁS

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: **982 228 606**

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.
 982 228 606
 veiguelabogados
 veiguela abogados

Este ano si haberá celebración indiana a primeiros de xullo

Os organizadores do Ribadeo Indiano anunciaron que neste ano 2022 si haberá celebración indiana e que previsiblemente será en o 8 e o 10 de xullo.

Aínda que todavía é pronto e non está organizado, esperase que na celebración deste ano se manteñan algúns eventos culturais xunto cos propiamente festivos. A idea é a de continuar coa tradición e o encontro de culturas dos emigrantes chegados dende América.

As edicións anteriores contaron cunha variedade de eventos que deron comezo coas antevésperas e as vésperas e nas que se puido desfrutar de ciclos de cine, teatro, música, exhibición de vehículos clásicos ou exposicións fotográficas.

O Ribadeo Indiano pretende poñer en valor a historia da localidade, intimamente relacionada co fenómeno da emigración e que supuxo un gran pulo para o crecemento económico da vila.

Comezan as obras do carril bici que unirá a praia dos Bloques coa zona do faro



Deron comezo as obras de construción do carril bici que unirá a praia dos Bloques coa zona do faro. Este proxecto, que ascende a uns 320.000 euros e que está financiado pola Deputación de Lugo e polo Concello de Ribadeo, despois do proceso licitación a obra foi adxudicada á empresa Asfalgal Técnicas Viarias.

Consiste na adaptación como vía ciclista dun traxecto de 4 quilómetros entre a praia dos Bloques e a zona do Faro, bordeando toda a costa e discorrendo por lugares emblemáticos como O Cargadeiro ou o forte de San Damián. Para iso vaise habilitar un carril bici bidireccional de 2 metros e medio de ancho a partir do forte de San Damián mentres que no resto do traxecto vaise optar por harmonizar o paso de vehículos e de bicicletas nunha vía de sección única de prioridade ciclista. E tamén o traxecto vai ser transitable a pé, polas beirarrúas e polos pasos peonís. Para completar esta ruta circular vaise incluír tamén o aglomerado asfáltico do treito comprendido entre a praia de Rochas Brancas e o encontro coa estrada provincial, en Vilaselán.

XUSTO BARREIRO E SAN MIGUEL. O Concello acometerá tamén obras

de mellora na rúa Xusto Barreiro, no barrio de San Miguel e nos vieiros transversais desa zona.

Estas obras dan continuidade ás iniciadas, xa fai uns meses, na parte norte deste barrio de San Miguel e dan resposta á demanda da veciñanza para o acondicionamento desta zona da vila. É unha zona esquecida durante décadas polo Concello e agora queren poñela en valor co seu acondicionamento e coa súa humanización.

Nesta actuación executarase a dotación dun novo pavimento de aglomerado asfáltico xunto coa reparación dos tramos de beirarrúa que están deteriorados, facendo especial fincapé na eliminación das barreiras arquitectónicas para mellorar a accesibilidade da veciñanza. Tamén procederase ao pintado dos bordes e prazas de aparcamento, á sinalización horizontal e vertical e tamén á dotación de mobiliario urbano como bancos, papeleiras e árbores.

A inversión, de 48.300 euros de orzamento, é financiada integramente polo Concello de Ribadeo a través de fondos propios. O período máximo de execución será de dous meses e temos a previsión de que as obras comezan para a semana que ven.

Saen a licitación as obras de mellora da Escola Vella de Rinlo

O Goberno local sacou a licitación as obras de mellora e equipamento da Escola Vella de Rinlo. O investimento ascenderá a 23.600 euros. As empresas interesadas poden presentar as súas ofertas ata o 21 de febreiro. Redactouse un proxecto polo técnico municipal que ascende a uns 23.600 euros e que recolle todas as suxestións feitas, no seu momento, pola asociación de veciños, como foron as de arranxar os problemas de humidade, revisar a cuberta, reparar a carpintaría, eliminar os problemas de filtración de auga nos aseos, pintar e reparar a zona do peche da parcela, dotar de radiadores e mobiliario.

O proxecto está en licitación para que todas as empresas profesionais interesadas podan presentar a súa oferta ata o vindeiro 21 de febreiro en sobre pechado, aquí nas oficinas xerais do Concello de Ribadeo.

Esta obra é posible grazas a un convenio de colaboración interadministrativa entre a Deputación de Lugo e mais o Concello de Ribadeo para financiar as obras de mellora e equipamento, logo de que a axuda que tiveramos solicitada á Xunta de Galicia para este fin a principios do ano anterior, viñera denegada lamentablemente.



Escola Vella de Rinlo

PISTA POLIDEPORTIVA DE RINLO. Por outra banda, Tito Suárez, responsable de deportes dos populares ribadenses, sinala que “o abandono da pista polideportiva de Rinlo é unha mostra da deixadez deste goberno local do BNG” en materia de infraestruturas deportivas.

O popular advirte que “o goberno local do BNG nin invirte nin traballa polo deporte da vila. Máis ben todo o contrario: abandona ás entidades que son as que ao final traballan para a nosa mocidade e para integrala no deporte”.

Tito Suárez explica que “fai días falabamos do mal estado no que se atopa o campo de fútbol e os aledaños

do campo municipal Pepe Barrera e denunciabamos tamén o abandono que sofre o pavillón polideportivo municipal da rúa Alfredo Deaño”. A ese respecto, “seguimos esperando a que este goberno nos dea unha explicación aos ribadenses ante esta falta de coidado e mantemento das infraestruturas deportivas”, indica.

“Agora vemos que no rural tampouco actúan”, engade. En relación á pista polideportiva de Rinlo preguntárase “se foi construída para mantela en ruínas, como está agora”.

O popular asegura que “o goberno está a outras cousas, non sabemos a cales; pero, claramente, ao deporte non”, conclúe.

Deu comezo o plan formativo de emprego Ribadeo Suma

O programa Ribadeo Suma, o novo proxecto de formación para a mellora da empregabilidade, deu comezo na aula cemit con todas as prazas cubertas.

Trátase dun plan formativo para este ano 2022, onde terán cabida todas as persoas e sectores que o desexen: desempregadas, emprendedoras, produtoras, empresas...

Os días 15, 16 e 17 de marzo centrarase nas Habilidades sociais para o emprego, onde se incidirá no proceso de busca de emprego a través da optimización das características persoais.

Os idiomas tamén terán cabida en Ribadeo Suma Emprego. Do 22 de marzo ao 28 de abril impartirase Inglés para atención ao público (nivel básico), no que os asistentes recibirán nocións sobre gramática básica, vocabulario e expresións útiles para a atención ao público.

Tamén en marzo está previsto que comece a funcionar o novo



Portal de Emprego, que integra tanto a xestión das demandas de emprego das persoas desempregadas como as ofertas das empresas que están levando a cabo un proceso de selección de persoal.

E ao igual que en anos anteriores en abril dará comezo o Curso preparatorio para os exames de competencias clave (nivel 2), nas materias de comunicación en lingua castelá, comunicación en lingua galega e competencia matemática.

Instalarán na vila dous novos puntos limpos de proximidade

O Concello de Ribadeo ven de solicitar unha subvención á Xunta de Galicia, procedente de fondos europeos, para a instalación de dous novos puntos limpos de proximidade, que se unirán aos tres xa colocados hai algún tempo no parque e nas avenidas Rosalía de Castro e Rafael Fernández Cardoso.

Un dos novos, que será fixo, situarase en Rinlo e o outro, que contará cunha plataforma móbil, destinarase ás demais parroquias ribadenses, a onde se desprazará de xeito itinerante.

Suporán un orzamento duns 15.000 euros e este importe será para subvencionar ata o 90% e o restante máis o IVE correrá a cargo do Concello.

Con este servizo refórzase un pouco máis todos os servizos que hai no punto limpo fixo, como pode ser a recollida de enseres, e que son tan importantes para a veciñanza, para o coidado do medio ambiente e para coidar a vila e as parroquias do concello de Ribadeo.

Ribadeo celebrará o Día da Muller

Ribadeo celebra o Día Internacional das Mulleres con teatro, cunha exposición de fotos e coa presenza da rapera de orixe marroquí Miss Raisa. As actividades comezaron o domingo 6 de marzo co espectáculo *O Benquerer(se)* da compañía Aldao-lado.

Xa o propio 8 de marzo, na rúa Rodríguez Murias, en colaboración co CIFP Porta da Auga, terá lugar a inauguración da exposición de fotos feitas por Xesús Varela nese centro, que se poderá ver ata o 12 de marzo. Co título *A Educación: a porta para o cambio social* mostra as diferentes familias profesionais que se imparten no CIFP Porta da Auga e cal é a representación das mulleres nelas. Trátase de visibilizar á muller sen caer en estereotipos nin imaxes caducas: en defender a libre elección sen prexuízos, sen medos, porque sen cambio non hai futuro.

Apaga Ribadeo acolle un curso de soldadura TIG

A Asociación de Profesores de Automoción de Galicia (APAGA) prepara un curso de soldadura TIG que se desenvolverá en Ribadeo os días 12 e 13 de marzo. Esta actividade formativa será impartida polo profesor de soldadura Andrés Álvarez López, do CIFP Avilés, e abordaranse os seguintes temas: principios do proceso TIG, selección do tipo de corrente, equipo de sondaxe, electrodos non consumibles, metais de achega, gases de protección, técnicas operativas, técnicas especiais, defectos típicos nas soldaduras e fallos no equipo de sondaxe.

Os interesados poden contactar con Apaga a través do correo apagaribadeo@gmail.com ou dos teléfonos 639 884 945 e 629 096 711.

O PP queixase do mantemento do pavillón da rúa Alfredo Deaño

Tito Suárez, coordinador de deportes dos populares ribadenses, explica que “o goberno do BNG non só ten sen mantemento o campo municipal Pepe Barrera”. De feito, sinala ao exterior do pavillón da rúa Alfredo Deaño como outro exemplo “da incapacidade de traballo deste goberno local e do seu concelleiro de Deportes”.

O popular enumera “cristais rotos, pintadas, madeira exterior sen tratar, humidades que se aprecian no parque interior ou farolas coas cables á vista. A imaxe exterior destas instalacións deportivas municipais é lamentable”, manifesta.

Tito Suárez advirte que “a falta mantemento é a demostración palpable da deixadez do goberno do BNG coas instalacións deportivas: traballar pouco ou, máis ben, nada. Aínda que se ten dedicación exclusiva”. Ademais, condena que “fotos si que sacan, pero só as que conveñen”.

Igual que reivindicou noutras ocasións a mellora e mantemento das instalacións deportivas tanto da vila como do rural, o popular volve a pedir ao goberno local que “planifique o traballo para coidar e manter en boas condicións as instalacións públicas”.

LAMEIROS E FOCHANCAS. Daniel Vega asegura tamén que “os veciños de Rinlo están completamente indignados e cabreados. É moi normal porque día tras día notan que non hai ningunha inversión por parte do goberno local do BNG”.

O popular explica que “a asociación de veciños tiña unha proposta coa que estaba de acordo toda a hostalería para a ordenación do tráfico. Demandan dende fai moitísimo tempo aparcamentos públicos en Rinlo”. Nese sentido, Vega explica



Arriba, estado do pavillón e abaixo, as fochancas nas vías de Rinlo

que “noutros pobos similares a Rinlo teñen aparcamentos na súa entrada; pero aquí o goberno do BNG despreza esta proposta e desvía o tráfico de coches e caravanas por pistas estreitas. Incluso se poden considerar camiños de cabras como se pode comprobar ao visitar Rinlo”. Así mesmo, “hai lameiros e baches, todo moi típico do goberno do BNG”, apunta. Vega explica que “dende o Grupo Municipal Popular pedimos que se escoite aos veciños de Rinlo e á asociación de veciños”. De feito, os populares defenden que “as decisións hai que tomalas en consonancia cos veciños. Non hai que dicilo só en artigos ou escritos por parte do BNG; senón que hai que facelo na realidade”. O popular indica que “a realidade de

Rinlo é que, se non se toma unha decisión coherente e sensata; as caravanas e coches van ir por camiños de cabras. E isto afecta ás distintas empresas que hai no pobo: o laberinto, o cámping e tamén a hostalería. O que non se pode facer é aparcamentos rápido e correndo que o único que fan é reducirles espacio ás carreteras e pasar a convertelas, practicamente, en vías de sentido único”. Vega pregunta pola “coherencia e responsabilidade das accións que se levaron a cabo estes días en Rinlo onde todo o que se fixo foi en contra da opinión da asociación e, polo tanto, en contra dos veciños. O BNG moito di que escoita, pero despois oídos xordos e faise o que di o goberno local do BNG”, conclúe.

O auditorio Hernán Naval acollerá un concerto de Ugía Pedreira o 12

O auditorio Hernán Naval de Ribadeo volve a ter a sorte de contar nas súas instalacións cun concerto de Ugía Pedreira, que esta vez virá acompañada dos seu compañeiro e coprodutor Pierre-Yves Rougier, ambos presentarán en escea Segmento Cantábrico, o primeiro disco de Ugía Pedreira asinado por ela co seu apelido.

O concerto será o 12 de marzo ás 20.00 horas e nel poderase desfrutar deste maravilloso disco de folk progresivo que aúna formas tradicionais do litoral cantábrico con outros sabores da world music europea e o folk americano.

Para asistir será necesario a compra de entradas na web.

Comeza a recollida dos plásticos agrícolas

O 7 de marzo comezará a recollida porta a porta dos plásticos agrícolas. As explotacións que precisen contar con este servizo deben solicitalo a través do teléfono do Punto Limpo municipal, 664 00 09 32, dentro do seu horario de luns a venres de 9:00 a 13:00 e de 16:00 a 18:30 horas e os sábados de 9:00 a 13:00 horas. As solicitudes poderán presentarse ata o 4 de marzo. A campaña prolongarase durante os días que sexan necesarios para atender todos os avisos recibidos en tempo e forma.

A Área de Medio Ambiente pide que as explotacións procuren ter os plásticos en lugar adecuado e facilmente accesible para o camión de recollida e agradece “a máxima colaboración posible con este servizo principalmente á hora de dispoñer os plásticos no lugar de recollida”.

HOMBRE MUJER NIÑOS
Servicio a domicilio
Horario mañanas:
9:30 a 13:30
Tardes: 16:00 a 20:00
Tel.: 663 536 651
C/ Federico García Lorca, 2 Foz

AISHA
DESDE 2021

PELUQUERIA BARBERSHOP

HY MULTITIENDA
HORARIO
09:30 - 21:30

Avenida Álvaro Cunqueiro 50, Foz



Destinan 900.000 euros para mellorar o cuartel da Garda Civil

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, destacou o importante investimento que vai realizar o Goberno no cuartel da Garda Civil de Xove coa finalidade de mellorar a súa eficiencia enerxética. Anunciou que o Goberno destina 899.514 euros do Plan de Recuperación para unha actuación que ten previsto realizar o Ministerio do Interior nestas dependencias da Garda Civil.

Os dous proxectos que se acometerán en Xove e Burela forman parte dun plan de mellora de equipamentos do Ministerio do Interior que ten por obxectivo promover o aforro e a eficiencia enerxética.

Con esta finalidade, o Goberno vai investir un total de 21 millóns de euros en Galicia, dos que máis da metade serán destinados á provincia de Lugo.

Os cartos para equipamentos na provincia superan os 11 millóns de euros. Ademais das actuacións na comarca da Mariña, está prevista tamén a realización de melloras en instalacións da Garda Civil de Monforte, onde se farán obras por un importe de 2,4 millóns de euros. Esta medida inclúe obras destinadas ao illamento de fachadas e cubertas, cambio de fiestras, substitución de luminarias e instalación de paneis solares.

O Concello implanta o servizo de comunicación Línea Verde

O Concello de Xove vén de implantar o servizo de comunicación de incidencias a través de app móbil, web e contacto., Línea Verde. “Grazas a esta iniciativa, os veciños do municipio poden beneficiarse das vantaxes que ofrece Línea Verde”, din dende o Concello. Este servizo serve como canal directo de comunicación dos desperfectos que se detecten no equipamento urbano do municipio. Durante este mes, o Concello de Xove únese aos máis de 500 municipios que a nivel nacional dispoñen do servizo Línea Verde. A través deste canal de comunicación directo, os veciños poden poñer en coñecemento do Concello aqueles desperfectos que detecten na súa localidade. Grazas a esta ferramenta de participación cidadán, o Concello pretende coñecer as necesidades do municipio e así, poder dar solución as cuestións comunicadas.

Para poder utilizar este novo servizo é necesario proceder a descarga da APP Línea Verde e para elo, o usuario accede a Google Play ou APP Store en función da tecnoloxía empregada no seu Smartphone (Android/ios). Unha vez localizada, lévase a cabo a descarga de forma gratuíta. A partir dese momento, o usuario selecciona o municipio sobre o que quere comunicar a incidencia.



Demetrio Salgueiro, na presentación da Línea Verde

O procedemento é moi rápido e sinxelo xa que para comunicar unha incidencia, basta con pinchar sobre o botón Nova Incidencia e un desplegable coas diferentes tipoloxías de incidencias aparece na pantalla. O usuario selecciona aquela sobre a que quere comunicar e de forma automática, a APP detecta as coordenadas exactas nas que se ubica o desperfecto.

O seguinte paso é adxuntar unha foto da incidencia e observación sobre a mesma e xa só queda dar ao botón de enviar. Unha vez enviada, persoal do Concello recibe notificación do desperfecto comunicado e a partir deste momento, iníciase os trámites para dar solución a incidencia detectada.

O cidadán a súa vez, recibe notificación no seu teléfono móbil sempre que se produza un cambio no estado da mesma.

Ao servizo Línea Verde tamén se pode acceder a través do dominio www.lineaverdexove.es, ou ben a través de contacto telefónico no número 902 193 768 no horario de 8.00 a 17.00 horas (custo da chamada 0.07€/min).

O Concello de Xove anima aos veciños da súa localidade a utilizar o servizo Línea Verde. A través da implantación deste servizo e grazas a unha importante participación cidadán, pretende lograr un municipio que cumpra coas expectativas de benestar social dos seus veciños.

EN BREVE



CHOCOLATADA. Os alumnos de 5º e 6º do colexio CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán de Xove preparan un sorteo para recadar fondos para a excursión de fin de curso. O premio deste sorteo será unha cesta con produtos de tempada e da zona valorada en 300 euros e que ademais inclúe unha fin de semana para dúas persoas, valorada en 150 euros. Para participar neste sorteo, que se celebrará o Día de San Xosé 19 de marzo, os pequenos e os socios do anpa venderán rifas por valor de 1 euro.

DÍA DA MULLER. O Concello de Xove celebrará o Día Internacional da Muller o domingo 13 de marzo cunha chocolatada á que convidada a todos os veciños. Esta será ás 17.30 horas no salón de actos do propio edificio municipal e será unha homenaxe as mulleres e os seus dereitos.



Rematado o XVII Campionato de Tute de Penasagudas

O pasado sábado 19 de febreiro, cunha cea de confraternidade, rematou a décimo sétima edición do Campionato de Tute organizado polo Centro Social de Penasagudas, na parroquia de Monte, o cal contou coa colaboración da Concellería de Cultura do Concello de Xove.

Nel participaron 10 parellas de distintos concellos da Mariña, as cales, durante os venres dos pasados meses invernales disputaron

o campionato na modalidade de todos contra todos.

A victoria final foi para parella formada por Enrique e Elier, segundo foron Lorena e Debi, completando o cadro de honra na terceira posición Pepe e Borja.

As únicas 5 participantes recibiron un ramo de flores e no tocante aos trofeos foron entregados pola concelleira de Servizos Sociais Ana Abad e Jesús Pérez por parte da organización.

Entregadas as árbores froiteiras e plantas ornamentais aos veciños



Xa foron entregadas as árbores froiteiras, árbores forestais autóctonas e plantas ornamentais da Campaña 2021-2022 a todas as persoas que as solicitaron nos meses de novembro e decembro pasados.

Xove, como Concello con moita superficie e solo forestal dá a oportunidade a todo propietario que teña que cortar poida solicitar árbores autóctonas para repoboar

de xeito económico e cercano.

A importancia de plantar árbores autóctonas vén dada porque unha vez retiradas as especies prohibidas neses faixas de protección, que deberán estar limpas, aconséllase repoboar estas especies (castiñeiros, carballos do país, cerdeiras, nogueiras...) de xeito que se diversifica o habitat, se beneficia a fauna e se xenera estabilidade ao ecosistema.

“Somos un Concello referente en servizos sociais”

Demetrio Salgueiro atópase á fronte do Concello de Xove dende fai 15 anos

Como é Xove como Concello?

Xove é un Concello industrial debido á presenza de Alcoa e as súas auxiliares e tamén a planta de Pescanova. Nos primeiros anos Xove foi un Concello rural que vivía da pesca e do agro, e coa chegada da factoría pasouse a vivir do sector industrial e del case a maioría da poboación, aínda que quedan algunhas explotacións agrícolas.

Cales son os beneficios de Xove fronte a outros municipios?

Destacamos por ter unha gran cantidade de servizos similares aos dunha cidade media e con prezos públicos e cun nivel impositivo relativamente baixo o que fai que Xove sexa un lugar moi agradable para vivir. Así mesmo, estamos moi próximos a outros núcleos de poboación importantes como Burela, Viveiro, etc, no caso da costa lucense, e preto da auto-vía e doutras vilas. Todo isto fai que non esteamos perdendo poboación como outros lugares máis rurais, de feito, no último censo aumentamos un pouco.

Cal é o maior proxecto que se levou a cabo no Concello dende que goberna?

O máis importante é que melloramos as infraestruturas a nivel xeral tanto no núcleo urbano como no rural, melloramos as infraestruturas das nosas aldeas, as distintas estradas de titularidade municipal, os accesos a todas as vivendas, e tamén estamos acabando a renovación de todo o alumeadado público a tecnoloxía led.

E no relativo ás novas tecnoloxías?

Neste senso estamos investindo moito e contamos con varias instalacións fotovoltaicas co fin de reducir as emisións de CO2 e promover as enerxías renovables. Así mesmo temos tres caldeiras de biomasa funcionando.

Que tipo de investimentos se fixeron relacionados co turismo?

Si, e tamén comezan a dar os seus froitos. Dende fai uns anos levamos traballando de xeito importante para constituírnos nun foco turístico porque cremos que Xove ten moito que ensinar, conta cunha costa moi importante e moi ben conservada así como unha zona de montaña espectacular. Por iso cremos que temos un potencial turístico importante e de aí que esteamos asignando recursos neste eido.

Ten algún proxecto no tinteiro?

Teño un proxecto no que levo loitando case desde o principio do mandato e que por temas burocráticos foise paralizándose, que é a creación dun porto deportivo en Morás. Sería unha instalación que contaría cun

dique novo de abrigo para protexer as embarcacións profesionais e con pantaláns para o amarre de embarcacións deportivas de diferentes esloras. Precisamente esta semana tivemos unha reunión con persoas de Portos de Galicia e xa tivemos fai uns meses con Costas do Estado no que se comprometeron a entregar os terreos para poder facer as obras. Ver esa infraestrutura encheríame de orgullo pois é algo no que levamos loitando moito tempo e é unha demanda histórica co Concello, pero parece que vai dando algún pasiño para poder ver a luz.

Como se atopa a ampliación do polígono industrial?

Esta semana tiven unha reunión con Xestur para tratar de avanzar neste tema. Xa hai unha proposta de zonas pero o polígono de Camba ten un pequeno problema por un dos lados porque hai un rego que se salvará cunha ubicación ao lado. Con iso podemos ir avanzando na futura adquisición dos terreos para facer a ampliación.

Estudou Ciencias Económicas, sírvelle como base para tomar algunha decisión?

Efectivamente os estudos danme uns cimentos en materia económica que doutra maneira non podería ter o que faría que tivera que apoiarme ou asesorarme. Pero teño que dicir que de ser así, os técnicos municipais que temos no Concello son un exemplo de traballo e de saber facer e é un gusto traballar en equipo con eles.

Como lle gustaría que fose Xove nun futuro?

Que fora un pobo no que os veciños se sintan orgullosos de vivir e de ser de Xove, que sigan tendo servizos e infraestruturas de calidade e que se vaian mellorando pouco a pouco e que sexa un referente na Mariña. Pero o máis importante é que os veciños se sintan cómodos para asentarse e vivir tranquilamente.

Que quedaría por facer de cara ao futuro?

As tres cousas fundamentais que teño pendentes para sacar adiante e que levan enquistadas tempo son as estradas da Deputación, o porto deportivo de Moras e a ampliación do polígono industrial. No tocante ás estradas provinciais de acceso ás parroquias, que pertencen á Deputación, temos un compromiso do presidente, que espero que se cumpra, e así poder sacar adiante todas esas melloras na rede viaria. Estamos traballando para mellorar a propia imaxe dos edificios municipais e temos un acordo co colexio de arquitectos de Lugo para facer un concurso de ideas e darlle unha volta ao complexo do centro cívico. No su momento cando se fixo foi un referente construtivo e agora mesmo quedouse un pouco anticuado polo que queremos darlle un folgo para modernizalo e facelo máis atractivo.

Que logros se acadaron nestes anos no Concello?

Pois fíxose a nivel municipal unha relación de postos de traballo ou RPT, aprobamos un Plan Xeral de Ordenación Municipal no ano 2012, no que fomos dos primeiros concellos en facelo. Tamén melloramos a xestión das contas municipais, no que creo que tamén somos un exemplo, xa que non temos débedas e pagamos aos provedores nun prazo moi breve moito antes do que permite a lei. É certo que os ingresos que nos da Alcoa tamén posibilitan que non pasáramos problemas económicos en ningún momento e que proporcionemos os bos servizos que temos.

Contan cun amplo abano de axudas para a poboación?

Si, somos un Concello referente en servizos sociais porque asignamos unha parte moi importante dos orzamentos a eles tanto para o SAF, como para a gardaría municipal ou os propios servizos para a xuventude. Asignamos preto de 200.000 eu-



ros anuais ás diferentes asociacións culturais e deportivas do Concello, ás que quero agradecer o seu traballo desinteresado, o que posibilita que fagan o seu labor e sexan un servizo importantísimo para o Concello.

Tamén teñen axudas para a mocidade?

Contamos con axudas ao estudo ás que asignamos preto de 70.000 euros todos os anos e que engloban a universitarios, estudantes do CEIP, mobilidade, transporte, comedor, etc. E que ademais son compatibles con outras axudas. A nosa idea é que ninguén se quede sen estudar por ter poucos recursos e para nos é un orgullo poder axudar aos nosos rapaces.

E no relativo ao emprego?

Dentro das axudas que mencionaba antes temos un plan de emprego para axudalos a atopar un posto de traballo ao que destinamos máis de 70.000 euros co fin de que as empresas que contraten desempregados do Concello de Xove teñan unha axuda anual durante tres anos. Neste caso son axudas importantes e posibilitou que moitos mozos atoparan o seu primeiro emprego e que sigan traballando despois dos tres anos na mesma empresa que lles deu unha oportunidade. Tamén temos axudas para os traballadores que queiran darse de alta como autónomos e crear o seu propio posto de traballo. É un plan de emprego que está sendo un éxito dende fai moitos anos e que é un labor social moi importante para nos. Nos cremos que hai que traballar para as persoas xa que ao fin e o cabo nos estamos aquí grazas a eles e o seu apoio, e non queremos defraudalos por iso é o noso deber axudalos e devolverlles uns bos servizos e beneficios.

Como alcalde, cal foi o maior reto ao que se tivo que afrontar?

Pois despois destes 15 anos que levo sendo alcalde o momento máis duro sen dúbida foi o vivido nestes dous

últimos anos polo tema de Alcoa. Foi unha situación de incerteza e de sufrimento da poboación xa que hai unha parte importante de xente nova que traballa alí e perdería o seu emprego así como a nivel municipal, pois non víamos expectativas para a comarca.

Como se supera esta situación?

Supérase pouco a pouco e con moita preocupación, como veciño e como alcalde. Aínda que o meu posto de traballo non está en Alcoa si que coñezo e teño amigos e familiares que traballan alí polo que vivín con moita preocupación e con moitas noites sen durmir.

Estes días Endesa e Alcoa asinaron un acordo, como se recibiu esta nova?

Por suposto, agora vemos un pouco de esperanza coa noticia que están saíndo de subministración de enerxía renovable a dez anos de Endesa con Alcoa. E esperamos tamén que se retome a produción o antes posible, aínda que xa sabemos que é no 2024, pero se fora antes mellor e que ademais se garantan os postos de traballo durante moitos anos.

Como ve o asentamento de Altri na comarca?

Sobre este tema quero ser prudente, e dicir, que todo o que veña para a Mariña é moi bo pero o primeiro e manter o que temos e no noso caso é manter a planta de aluminio. O de Altri vémolos con ganas e con esperanza pero tamén cun pouco de precaución á espera dos estudos técnicos que avalen se é viable ou non o seu emprazamento na comarca. Porque esta planta ten uns requisitos moi importantes de auga continua tanto de entrada como de evacuación, pero temos a vantaxe de contar cun amplo territorio forestal para o seu desenvolvemento. En principio hai un compromiso por parte da Xunta de que si se cumpren os requisitos pois traeráse para a Mariña. Pero debemos ser cautos.



O Concello renovará estradas e creará un aparcadoiro

Vaise renovar a estrada que transcorre polos núcleos de Laxes, O Bidueiro e a estrada de Vilar, na parroquia de Sargadelos, aumentando o seu ancho co obxectivo mellorar a accesibilidade e a seguridade vial. O equipo de Goberno mantivo un encontro con varios veciños destes núcleos para explicarlles a actuación que se vai levar a cabo nos vindeiros meses.

O obxecto desta obra é realizar unha renovación do firme da zona, cubrindo todo o ancho do vial, o que proporcionará unha amplitude suficiente para o tránsito de vehículos en dúas direccións, mellorando a seguridade vial. Ademais, substituirase a rede de abastecemento de auga existente, por unha nova que ofrezca mellores prestacións, así como tamén se executará un novo saneamento de pluviais e fecais, que de servizo aos núcleos da zona. O orzamento desta actuación ascende a un total de 195.107 euros, financiados con fondos procedentes do Plan Único.

O rexedor destacou que “con esta actuación melloramos a dotación de infraestruturas básicas existentes, así como tamén a accesibilidade e a calidade de vida da parroquia de Sargadelos”.

APARCADOIRO. Vaise crear un novo aparcamento público no Conxunto Histórico e Artístico de Sargadelos, así, haberá un novo lugar para estacionar os vehículos. Situarase nunha parcela de titularidade municipal, situada na parte traseira do antigo edificio da Carboeira.

A creación deste novo aparcamento, que estará rematado ao longo deste ano 2022, obedece á intención de mellorar a seguridade do vial principal que transcorre polo centro de emprendemento, diminuindo o número de vehículos que ocupan esa estrada, sobre todo épocas de gran afluencia de visitantes.

O proxecto xa está listo para a súa licitación, logo do informe positivo por parte do Patrimonio.



Supervisión dos traballos na rúa Lindín

Na actualidade, o Conxunto Histórico e Artístico de Sargadelos é un dos puntos con máis afluencia de visitantes. Dende a creación do centro de emprendemento, que nestes intres frecuentan 7 negocios artesanais, a localización veu incrementado o seu potencial turístico, sendo cada vez máis un punto de interese para os turistas ao longo de todo o ano.

O orzamento total desta execución ascende a un total de 67.589 euros, financiados na súa totalidade polas arcas municipais.

Alfonso Villares: “coa creación deste aparcamento público, pretendemos mellorar a seguridade do vial que transcorre polo Centro de Emprendemento de Sargadelos, desconxestionando a ocupación da vía por vehículos, sobre todo en épocas de

gran afluencia de visitantes, como pode ser o verán”. “A liberación de tráfico desta estrada permitiranos, ademais, facer máis atractivo á vista este enclave, que é un dos puntos con maior valor turístico dentro do noso municipio” engadiu o rexedor.

RÚA LINDÍN. O Concello de Cervo inicia os procedementos para executar a obra de mellora de accesibilidade na rúa de Galdín, en San Cibrao.

A execución pretende mellorar a accesibilidade do vial, conseguindo integrar a circulación tanto de vehículos como de peóns. Vaise substituír a rede de abastecemento existente, así como tamén se vai instalar unha nova rede de saneamento cun sistema de separación. Por último, acometerase unha renovación do firme, adecuado ás condicións de accesibilidade actuais.

O orzamento total desta execución ascende a un total de 104.492 euros, con fondos procedentes do Plan Único.

Farán unha pista ecuestre na contorna da Bidueira

O Concello inicia os trámites para a realización dunha pista ecuestre nas inmediacións das instalacións deportivas da Bidueira. O alcalde, Alfonso Villares, e o concelleiro de deportes, David Rodríguez, reuníronse con membros da Comunidade de Montes de Cervo e cunha representación de veciños afeccionados ao mundo ecuestre, para facilitarlles información sobre o proxecto, que se executará nos vindeiros meses.

A realización desta pista vai ser posible grazas á sinatura dun convenio por parte da Comunidade de Montes e o ente municipal, no que a Comunidade cede os terreos para a súa construción e o Concello aporta a financiación pertinente.

Con este novo proxecto retomarase a actividade nas instalacións da Bidueira, antigo campo de fútbol da S.D. Cervo, que se atopa en desuso desde que o club cesara a súa actividade no ano 2018. Coa creación desta pista ao seu carón, podería ser sede de campionatos e diferentes tipos de encontros cabalares. Segundo o concelleiro de turismo, David Rodríguez, “esta iniciativa nace froito da comunicación cun grupo de veciños e veciñas afeccionados ao mundo ecuestre, posto que no noso municipio hai unha gran tradición. Así tamén, conseguimos crear un espazo apto e seguro para a equitación dentro do noso concello”.

Iniciadas as obras de abastecemento de auga ao burgo de Trasbar, en Castelo



Visita do equipo de Goberno ás novas obras

Iniciadas as obras que van dotar dun sistema público de abastecemento de auga ao burgo de Trasbar, na parroquia de Castelo e que contan cun orzamento de 133.020 euros.

O proxecto, que consta de tres fases, ten por obxecto a dotación do subministro de auga potable ao núcleo de Trasbar, mediante a conexión coa rede xeral de auga existente. Nunha primeira fase, completouse a o tramo que vai desde A Senra ata a igrexa de Castelo; nesta segunda fase executárase a canalización do tramo que vai desde as inmediacións da igrexa ata a mesma entrada do burgo, cunha lonxitude de 2.300 metros; e a continuación levarase a cabo a terceira fase, e definitiva, que será

a de distribución de auga.

Este proxecto segue a liña argumental do equipo de goberno de levar o abastecemento de auga e saneamento a todos os puntos da xeografía municipal, tentando equilibrar a balanza de condicións das zonas rurais coas urbanas. O rexedor precisou que “levabamos xa un tempo traballando conxuntamente na posta en marcha desta prestación para que os habitantes da zona rural de Trasbar podan acceder a este servizo público en condicións de calidade e seguridade”.

“Traballamos para chegar a todos os puntos da xeografía do noso municipio e tentar equilibrar o nivel de servizos das zonas rurais coas urbanas” engadiu o rexedor.



FROITEIRAS. Fíxose entrega das árbores froiteiras e autóctonas aos veciños. O ter tramitado o pedido conxunto supón, ademais, -precisou- “un importante aforro aos veciños e ás veciñas que solicitaron as árbores”, que nesta ocasión foron especies moi variadas: maceiras, pereiras, cerdeiras, castiñeiros, figueiras, carballos, aguacateiros... O número de exemplares entregados nesta ocasión foi de 121 árbores solicitados polos veciños.



CENTENARIO. O alcalde, Alfonso Villares e a concelleira de Servizos Sociais, Pilar Armada, visitaron ao veciño Ramón García Méndez, que vén de cumprir cen anos. Ramón é coñecido como Ramón do Museo, debido á gran labor que desempeñou á hora de sacar adiante o Museo do Mar de San Cibrao. Como mostra de agarimo e homenaxe, fixéronlle entrega dun agasallo.

O Concello afea á Sareb por obstaculizar os plans de mellora

O Goberno municipal está disposto a utilizar todos os instrumentos administrativos posibles para impedir que a Sareb -a entidade semipública estatal, tamén coñecida como banco malo- “continúe bloqueando as iniciativas de mellora paisaxística e de creación de vivenda accesible”.

O rexedor popular non comprende a “actitude obstrucionista” dunha entidade que, participada polo Goberno de España, “debera mirar polo interese xeral” e revela que a Sareb está a poñer “múltiples obstáculos” ante os esforzos do Goberno local por eliminar os esqueletos de edificios paralizados hai anos.

Alfonso Villares aclara que a Sareb é propietaria de tres edificios en esqueleto: dous no barrio de Galdín, nun dos principais accesos á localidade de San Cibrao, xunto ao colexio público. E tamén dun bloque de edificios situado na zona da Atalaia, na illa de San Cibrao (porto de Arriba), moi próxima ao xacemento arqueolóxico do mesmo nome.

“Desde o Concello, queremos loitar contra o feísmo destas construcións inacabadas e realizar neses espazos proxectos de mellora e integración paisaxística”.

O alcalde explica que, aínda que cada un destes edificios inacabados ten unha situación administrativa e xurídica diferente, en todos os casos, cando a propiedade está en mans da SAREB, atópanse con múltiples atrancos: “Obstáculos á hora de negociar a venda dos inmobles, desprezo aos distintos requirimentos urbanísticos que ordenan a demolición, continuos recursos ante as resolucións ad-



O esqueleto do edificio da Atalaia

ministrativas do Goberno local”. Ata tal punto é así que o Goberno local “xa estuda un plan B”. De feito está a valorar “moi seriamente” a posibilidade de poñer en marcha un procedemento de expropiación forzosa das parcelas sobre as que se alzan esas estruturas inacabadas. Con todo, esta situación “non é a desexada” porque prolongaría no tempo a solución, e obrigaría a realizar trámites máis complexos.

MULTAS E OBSTÁCULOS. Así por exemplo, no caso de San Ciprián, os dous edificios situados no barrio de Galdín, promovidos no seu día por Pasillo Verde e Os Molineiros, contan cunha orde de demolición en curso, que a SAREB non está atendendo, incluso, a pesar de que se suceden sobre a entidade varias multas coercitivas. A situación é aínda máis sorprendente, se cabe, cando se trata da estrutura inacabada da Atalaia. Neste caso, tal e como se explicou

recentemente, o Concello, tras forzar a poxa do inmoible compareceu na mesma para a súa adquisición. Tras a poxa, a SAREB presentou alegacións e mellorou a oferta, sorprendentemente, impedindo que a administración local se fixese polo de agora cos terreos.

Os reiterados incumprimentos da Sareb en relación co edificio inacabado da Atalaia sobre o que tamén pesa un expediente de reposición da legalidade que obriga a súa demolición, desembocou en tres multas coercitivas que xa acumulan un valor total de 13.000 euros. En ambos casos, tras moito tempo de infrutuosas negociacións, hai xa catro anos que iniciaron os trámites para lograr, en primeiro lugar, a caducidade das licenzas e iniciar, de seguido, un expediente de reposición da legalidade urbanística, que implica a desaparición deses edificios e a adecuación da parcela á situación anterior ao inicio das obras de construción.

Entregados os premios do XI concurso Cervo Respecta

A concelleira de Medio Ambiente, Mali Méndez, fixo entrega dos premios do concurso fotográfico Cervo Respecta 2021, na súa XI edición.

O gañador do primeiro premio, Juan Barreiro grazas á súa obra *Blessed*, que acadou 51 puntos, non puido recoller o premio de xeito presencial por motivos laborais, polo que se lle foi enviado por correo.

En segunda posición situouse a fotografía *Reflexos do Faro*, tomada por Emilio Pérez, natural de Xove, que sumou un total de 50 puntos, e que ademais, tamén logrou o premio Top Cervo, co mellor retrato dalgún punto do noso mu-

nicipio.

Nesta edición do concurso participaron un total de 41 instantáneas que loitaban por acadar un dos tres premios que había en xogo: un primeiro e un segundo premio, ademais do Top Cervo, que se entrega á mellor fotografía tomada nalgún punto do termo municipal. Os premios compóñense de figuras de Sargadelos.

A concelleira, Mali Méndez, quixo apuntar que “estivemos agardando para que o gañador do primeiro premio puidera vir recoller o primeiro premio de xeito presencial, pero finalmente non se deron as circunstancias e llo tivemos que facer chegar por correo”.

Aberto o prazo para participar na VI Foliada

Fol do Raxal, Acr Fervenza de Sargadelos e Marmeladas A Morena organizan para o 7 de maio a VI Foliada de Cervo e a Feira de artesanía e alimentación.

Será a partir das 10.00 horas na praza do Souto de Cervo, sempre e cando as condicións sanitarias o permitan.

Para asistir á feira con posto ou con grupo será necesaria a inscrición chamando ao teléfono 649 130 873 ou mediante o formulario web.

A Foliada de Cervo volve celebrarse despois de dous anos de parón e en edicións anteriores houbo obradoiros e actividades musicais así como un festival folklórico, cantos de taberna e foliada libre.



OBRAIDROIRO DE PANDEIRO. Ao abeiro impartirase un obradoiro de contrución de pandeiros, a cargo de Xosé Maceda.

Para máis información e inscricións, é necesario contactar antes do 10 de abril mediante correo electrónico fervenza-desargadelos@gmail.com ou no 678 957 554, xa que as prazas son limitadas.

Propoñen un cambio horario ao GES

O Concello de Cervo propón un cambio de horario ao GES (Grupo de Emerxencias Supramunicipal) co obxectivo de ampliar as condicións de seguridade dos profesionais.

Nos Comité Local de Seguridade e Saúde deuse resposta ás inxerencias amosadas por unha agrupación de traballadores. Así, co obxectivo de mellorar máis aínda a seguridade dos traballadores, o Concello de Cervo propón un cambio horario e así pasar das 24 horas seguidas actuais, a facer quendas de 8 horas.

A diferenza dos bombeiros, o GES non só desempeña funcións que atinxen ás emerxencias, senón que tamén levan a cabo labores continuos de prevención.

A parroquia de Rúa celebrará a Candelaria do 11 ao 13 de marzo

A parroquia de Rúa, no termo municipal de Cervo, celebrará a súa festa tradicional relixiosa na honra á virxe da Candelaria do 11 ao 13 de marzo deste ano trala suspensión en febreiro da festa. Veciños e visitantes poderán gozar dos actos programados para a ocasión e deleitarse con variadas actuacións musicais que amenizarán estas xornadas festivas.

Así, o venres 11 haberá unha gran verbena a cargo das formacións Fania Blanco Show e Los Satélites.

Durante a xornada do sábado 12



ás 13.00 horas terá lugar a misa cantada polo coro parroquial con posterior procesión. Finalizados os actos litúrxicos, todos os presentes poderán gozar coa sesión vermú a cargo da orquestra Miramar, que tamén animará a verbena xunto con Finisterre. Por último, o domingo 13 os veciños poderán participar ás 13.00 horas na misa cantada polo coro parroquial que dará paso á procesión. A sesión vermú desta última xornada de festa estará amenizada polo grupo Fénix, que tamén amenizará a verbena.

Comeza unha campaña de entrega de composteiros

Comeza unha campaña para facer entrega de composteiros a domicilio. Estes contedores serven para que os propios veciños e veciñas sexan capaces de autoxestionar os seus residuos orgánicos, conseguindo un compost ou fertilizante natural de alta calidade para a súa terra e as súas plantas, ao tempo que reducen a xeración de lixo que iría ao contedor verde, contribuíndo así á protección medioambiental.

Os composteiros poderán solicitarse de xeito presencial no Concello de Cervo. Serán entregados a domicilio por empregados municipais, que explicarán o seu funcionamento á veciñanza.

a pontenova

A mina Consuelo é a segunda cavidade máis grande de Galicia



O sábado 26 de marzo ás 20.00 horas na no auditorio da casa de cultura farase a presentación dos traballos de topografía en 3D e planimetría completa da Mina Consuelo.

“Levamos traballando máis de dous anos na topografía desa mina para ver cal é o seu desenvolvemento polo interior da montaña na que está situada”, di o técnico municipal de turismo, Carlos Morado. Ata o de agora, levan máis de 3,1 quilómetros de mina topografiados o que a converte xa na segunda cavidade topografiada máis grande de Galicia por detrás da Cova do Rei Cintolo e por diante de Sima Teixeira.

O pasado 20 de febreiro un equipo de mergulladores da empresa

Geoceanic de Madrid estivo preto de dúas horas mergullando no nivel -5 da mina para seguir cos traballos de topografía que xa se fixeron no resto de niveis superiores. Segundo explicou Carlos Morado, os avances desa última xornada non foron moitos pola escasa visibilidade da auga o que impediu que se atopara a baixada ao nivel -6 que segundo a información da que dispón o Concello podería estar moi preto da batería de fornos de calcinación que hai no centro urbano. Por iro volverán no mes de abril para facer dúas inmersións máis, a primeira para rematar a exploración do que queda do nivel -5 e ao día seguinte, se todo vai ben, meteranse no nivel -6.

O CIT local organizará a súa asemblea ordinaria o día 25

O CIT da Pontenova organizará a súa asemblea ordinaria o vindeiro 25 de marzo ás 20.30 horas para tratar as contas do exercicio anterior e a renovación de cargos.

Así mesmo, trataranse outros temas como son as actividades para este ano 2022 como un curso de inglés, a Cabalgata de Reis, a festa de Entroido, a celebración dun concurso social de pesca nos cotos de

Xinzo e Vilarmide, outro concurso no río Eo, unha paellada anual para os socios, a limpeza do río Eo, etc. Sen dúbida outra das actividades das que se falará e que máis tradición ten será Festa da Troita, que este ano chega a súa 43 edición, e o concurso do Salmón e o de cola de rata, que xa conta con data de celebración e será o 30 de abril e 1 de maio.



TIROLINA. Inaugurouse a tirolina máis longa de Galicia con 330 metros de lonxitude e a 80 metros de altura. Recrea este o antigo funicular aéreo da mina e será un elemento máis dentro dun conxunto de actividades.

o vicedo

O orzamento municipal para 2022 ascende a 2,3 millóns de euros

O Concello do Vicedo aprobou, coa abstención do BNG e do PSOE, os orzamentos municipais, que ascenden a 2,3 millóns de euros e nos que destacan os 469.709 euros que se destinarán a investimentos reais.

Así, investirase no acondicionamento de viais en Ruño, Serantes e Covelo, por un importe de 145.758 euros, que combinan fondos municipais co Plan Único. A renovación do alumeadado no campo de fútbol do Vicedo ascende a 48.349 euros e unha cantidade similar destinarase á colocación das farolas no aparcadoiro de nova construción do Fuciño do Porco e no que se inclúen 10.000 euros para a compra de novos terreos para a súa ampliación.

Tamén haberá cambios na zona de Moledo ao que vanse destinar 34.324 euros á expropiación de



Jesús Novo, alcalde do Vicedo

terreos para a construción dun paseo dende o antigo varadero, e 17.995 euros para renovar o mobiliario urbano.

Por outra banda, a instalación dun sistema automático na Etap terá un investimento de 28.776

euros, a segunda fase dos accesos a O Vilar, 22.714 euros, e a primeira fase dos accesos a O Enxertado na parroquia de Cabanas, 15.089.

O capítulo de gastos ascende a 1.830.290,98 euros e desglósanse en 1.024.105 euros no gastos de persoal, 614.126 euros en bens e servizos, os financeiros suman 7.000 euros, as transferencias correntes 70.820, e resérvase unha partida de 114.239 para o fondo de continxencia e imprevistos.

Na sección de ingresos, que suma 2.299.999,88 euros, 864.016 euros son en impostos directos, 23.527 en indirectos, 216.807 en taxas, 915.798 veñen de transferencias correntes, 2.758 euros son ingresos patrimoniais e 277.090 son transferencias de capital.

Renovado o portal web turístico



O Concello de O Vicedo renova o seu portal web turístico poñendo ao día tanto en contidos como o deseño, para obter un aspecto moi moderno, en consonancia coas novas tendencias nas webs actuais. Os principais cambios estéticos afectan ao colorido, que segue as cores do lema turístico O Vicedo: Natureza Envolvente.

En canto aos contidos, foron reforzados aspectos como a ubicación dos diferentes elementos turísticos e, sobre todo, ampliouse a información práctica sobre o gran punto turístico do Vicedo na actualidade: O Fuciño do Porco. Neste apartado, ademais de todo o relativo á reserva de praza (nos meses de verán), dase información práctica sobre accesos, puntos a visitar, outras visitas

cercanas, aparcadoiros, etc. Tamén hai un apartado de preguntas frecuentes.

Outra información moi importante é toda a relativa ás praias, miradoiros, etc puntos frecuentemente visitados polos turistas, ademais da información do patrimonio natural e histórico do municipio.

Finalmente, un apartado dedicado aos establecementos de hostelería de todo o concello, de cara a ofrecer información ao visitante á hora de preparar unha visita e atopar onde aloxarse e onde comer. Aínda que a web acaba de ser renovada, os contidos iranse ampliando co tempo de cara a ofrecer unha información moito máis ampla sobre cada punto de interese.

O Concello porá autobuses para ir á presentación de Jakobsland a Santiago

A curtametraxe *Jakobsland*, un proxecto a cargo da produtora Queiman e Pousa, poderase ver o sábado 12 de marzo na Cidade da Cultura de Santiago e máis adiante proxectarase no Vicedo.

Os concellos do Vicedo e Mañón poñerán autobuses gratuítos a disposición de todo aquel que queira asistir a esta presentación. O horario de saída será ás 16.00 horas desde O Barqueiro e Vicedo e o de regreso será ás 20.30 horas desde Santiago. Tanto as persoas que vaian en autobús como os que vaian pola súa conta deben anotarse no 982 590 195 ou no mail omix@concellodevicedo.org (as persoas do Concello de Mañón no 981 414 002 ou por correo cultura.deportes@manon.es). Así, a praia de San Román e o Fuciño do Porco foron inmortalizados na curtametraxe que da difusión ao pasado viquingo da zona.

Esta gravación contou cun cento de persoas, entre protagonistas e figurantes, ademais da participación do Concello e dos negocios da contorna.

Esta curta contou con actores amplamente coñecidos do audiovisual galego como son Isabel Blanco, Alfonso Agra ou Serxio Pazos, e tamén cos actores internacionais Paul Kavanagh e Tim O'Sullivan, intérpretes de *Vikings* e *Juegos de Tronos*.

Chega 'Con M de Mulleres', o programa do Día da Muller

O Concello de Barreiros dará continuidade á programación de Entroido con diversos actos que se encadran dentro do slogan Con M de Mulleres e que se desenvolverán ao longo do mes de marzo. Con esta programación quérese adicar este mes de marzo ás mulleres mariñás, que serán as protagonistas da meirande parte dos actos.

O programa comezou coa actuación musical do grupo Habelas Hainas o domingo 6 de marzo, no centro sociocultural de San Cosme.

Para o domingo 13 de marzo ás 18.00 horas, tamén no centro sociocultural de San Cosme, as nenas e nenos que forman parte do programa Sinfónico no Rural, interpretarán unha peza musical baixo a dirección do profesorado. Ao acto acudirán varias artistas invitadas, todas elas mulleres mariñás do mundo da música e da escrita que interpretarán varias pezas musicadas. Unha vez remate a actuación farase un breve coloquio. O programa Sinfónico no Rural é un programa de educación músicosocial que promove a Fundación Xesús Bal y Gay. Combina a aprendizaxe dun instrumento co desenvolvemento de valores e capacidades encamiñados



a enriquecer as relacións sociais, estimular a imaxinación, a motivación, a mellorar a autoestima e o traballo en equipo achegando a música a nenas e nenos independentemente do lugar onde vivan.

Para rematar, o sábado 19, ás 12 horas, terá lugar nos Colexios Vellos de San Miguel o encontro literario *Mulleres na escrita*. A edil de igualdade, Montse porteiro, sinala que: contaremos coa presenza da escritora burelá Antía Yáñez que falará do seu libro *Senlleiras* e tamén presentará o libro da escritora barreirense Lucía Ferro, *Resaibo Amargo*.

O Concello paga por primeira vez desde 2013 as facturas en prazo

O Concello de Barreiros vén de aprobar a liquidación do orzamento do 2021, na que se constata o cambio de xestión económica que se produciu desde a chegada do novo goberno municipal a mediados do 2019.

A alcaldesa, encargada de aprobar por resolución documento económico elaborado polos servizos municipais do que dará conta no vindeiro pleno, explica que “o máis importante que se visibiliza nesta liquidación do orzamento do ano pasado é que, por primeira vez desde que existe constancia do dato a partir do ano 2013, as empresas e persoas autónomas que traballan para o concello cobran nos prazos establecidos pola normativa.”

A lei establece que os provedores deben cobrar nun máximo de 30 días desde a presentación das facturas e o Concello de Barreiros sitúase nunha media anual de 27 días. “O dato non é menor, porque

non só amosa o control económico que se realiza, senón que dá seguridade ás empresas e persoas autónomas que operan con este Concello e permite certa tranquilidade, especialmente en épocas tan complexas como as que se están a vivir”, explica Ana Ermida.

A alcaldesa manifesta a satisfacción polo resultado acadado, porque “ pese a todas as dificultades coas que nos atopamos e ao estrito control que require, demostrase que é posible facer unha boa xestión dos cartos públicos e que iso redunde no beneficio xeral.”

Ademais, a liquidación tamén amosa outro dato relevante, a obtención dun resultado orzamentario axustado positivo, que non se producía neste Concello desde o ano 2017. Este dato supón que os ingresos correntes obtidos no 2021 foron suficientes para financiar as obrigas dese exercicio.

A asociación de Voluntariado de Protección Civil renova a directiva

A asociación de Voluntariado de Protección Civil de Barreiros vén de renovar a súa directiva, incorporando cambios na presidencia, que pasa a ser asumida por José Fernando Dorrego González, que ata o momento era vicepresidente da mesma.

Ademais desta renovación, na asemblea realizada o pasado sábado decidiron informar publicamente de que calquera persoa que queira participar como voluntaria en dita asociación pode solicitálo dirixíndose á mesma, nas oficinas municipais, podendo acceder posteriormente aos cursos básicos que habilitarán para a participación nos operativos da agrupación.

A Xunta Directiva actual quedou composta por José Fernando Dorrego González, como presidente; Vicepresidente: Agustín Rodríguez Pérez; Secretaria: Ramona Rodríguez Pérez; Tesoureiro: David Quelle Pérez; vogais: Miguel Villarino Damorin, Lucas Ares Iglesias e Maximiliano Vilaseca Sánchez. Con esta renovación da directiva, a agrupación pretende iniciar un novo tempo no que se incorporen persoas por primeira vez.

Textos de Rosalía lucirán polo municipio

Rosalía de Castro saudará a partir de hoxe a todas as persoas que se acheguen a dependencias municipais ou se crucen con vehículos do Concello, cun estrato do texto *Lieders*, considerado primeiro manifesto feminista publicado en Galicia.

Desde a área de Dinamización, o concelleiro Dani García, explica que a iniciativa “trata de achegar a nosa escritora nacional á veciñanza e ás persoas que nos visiten, facendo visible a unha das autoras galegas máis importantes de todos os tempos. Con esta acción non só queremos dar a coñecer a xa universal escritora, senón poñer en valor a súa mensaxe e adoptala como propia.”

O texto escollido Libre é o meu corazón, libre a miña alma e libre o meu pensamento que se alza ata o ceo, figurará na pasarela de unión dos edificios municipais e nos dous vehículos renovados recentemente para coñecemento xeralizado da poboación e visitantes.

Dani García explica que a escolla non é casual, senón que “queremos transmitir a idea de liberdade que sentía Rosalía e o dereito a soñar cun concello mellor no que calquera persoa poida sentirse libre de soñar, sentir e desexar; tal e como facía a poeta”.

O Concello rematou a execución dos arranxos en vías do 2021

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, e o concelleiro de obras, Antonio Veiga, visitaron as obras de asfaltado das últimas vías municipais que se están a realizar con cargo aos distintos plans do ano 2021. Nesa anualidade o investimento en arranxos de vías municipais superou os 215.000 euros, que se suman aos máis de 700.000 euros investidos desde o inicio do mandato actual.

“Somos conscientes das necesidades dunha rede viaria tan extensa coma a de Barreiros que require de atención continuada e de planificación de investimentos para evitar un deterioro como o que se atopaba no ano 2019”, explica Antonio Veiga.

Neste sentido, o Concello prevé executar no 2022 máis de 350.000 euros en investimentos na rede viaria municipal para mantela en estado óptimo e para garantir o acceso en condicións aos núcleos de poboación e vivendas.

Ata este momento intervíuse en viais na totalidade das parroquias do concello, tanto do interior coma da costa, con limpeza de cunetas dos mesmos, actuando nuns casos sobre o firme con dobre tratamento superficial, recargo de grava e gravillón, corrección das deformacións existentes e aplicación de ligante ECR3 (rego asfáltico) e noutros casos con capa de mezcla asfáltica en quente de 5 cm de espesor (aglomerado).

A alcaldesa destacou que nestes tres anos de execución de orzamentos do novo goberno municipal, o investimento total en vías no municipio superará o millón de euros, sendo posible en moitas ocasións grazas á colaboración doutras administracións, como a Deputación de Lugo que mediante o plan único permite planificar estes traballos mediante cantidades fixas que se destinan a cada municipio.



Reunión para a aprobación do Plan de Igualdade

Aprobado o primeiro Plan de Igualdade

O Concello de Barreiros vén de dar luz verde na Comisión Negociadora de Igualdade ao documento + Igualdade: I Plan de Igualdade de Xénero para o cadro de persoal, converténdose no primeiro municipio da provincia de Lugo que conta con un documento deste tipo a nivel interno, para o propio persoal municipal. Con esta aprobación, que deberá ser ratificada no pleno que se celebrará mañá luns, Barreiros dará cumprimento á obriga legal establecida pola normativa estatal e galega, dentro do prazo establecido pola mesma; converténdose así na primeira administración local da provincia de Lugo

en cumprir con tal requisito.

A concelleira de Igualdade, Montse Porteiro, explica que “esta iniciativa non responde só ao cumprimento dunha obriga legal, senón ao compromiso deste goberno municipal de dotar a Barreiros de políticas de igualdade. E, para iso – insiste – debemos ser exemplares e amosar que facemos realidade ese compromiso empezando pola propia casa.”

O Concello comprométese a implementar unha serie de medidas nos vindeiros catro anos co obxectivo de garantir un Concello libre de discriminacións, desigualdades por razón de sexo e de violencia de xénero.

trabada

O investimento do Plan Único supón máis de 260.000 euros

O Concello de Trabada aprobou nunha xunta de goberno local as obras e servizos incluídos no Plan Único, que suporán un investimento de máis de 260.000 euros.

As obras que se realizarán son a rexección do pavimento dos accesos a Vilaferando, Pacios, O Acevedo e Vilaformán-Vilapena (79.596,72 euros), e a reforma dos vestiarios do pavillón polideportivo da parroquia de Sante (97.287,62 euros). Un total de 22.040 euros se destinarán ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

En canto ao programa de fomento do emprego, haberá unha achega de 53.313,30 euros para a contratación de persoal de administración e servizos urbanísticos, ao igual que en anos anteriores. Como novida-

de, este ano tamén se contratará un técnico de turismo a media xornada para a oficina de turismo, situada no recentemente inaugurado Centro Etnográfico "Xosé Rocha".

Por último, Trabada recibirá 6.437,15 euros para a realización durante o ano de actividades culturais como concertos musicais, teatro e cine na rúa.

"As obras dan resposta ás demandas veciñais e ao noso obxectivo de renovar os servizos básicos e as infraestruturas do concello de forma continua", explica a alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez, que lembra que "as administracións locais estamos en primeira liña de atención aos veciños, de aí a necesidade tamén de reforzar o gasto social e de xerar emprego que garanta

os servizos no rural".

A alcaldesa valora de forma moi positiva esta forma de cooperación cos concellos da Deputación, "pois xa a inicios de ano sabemos cal é a achega da Deputación aos concellos, o que supón que efectivamente poidamos executar os proxectos que presentamos", a diferenza da Xunta, "que establece convocatorias de axudas e hai que agardar meses para que resolva a súa concesión ou denegación, o que supón que no mellor dos casos, coa concesión das axudas se retrasen as execucións dos proxectos, ou no caso de denegar as axudas que despois de pasar o traballo de facer a solicitude e de efectuar o gasto da redacción dos proxectos, non se poidan levar a cabo as actuacións pola falta de colaboración".

A alcaldesa pide colaboración para a construción do auditorio

García Bermúdez aproveitou a visita do delegado da Xunta ao Concello para demandarlle "a reparación da estrada autonómica LU-132, que en varios tramos atópase en mal estado de conservación, e para poñer dous pasos de peóns, ademais de colaboración na construción do auditorio".

A alcaldesa de Trabada remitiulle unha carta a principios de decembro ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, solicitándolle

unha entrevista para presentarlle o proxecto e a maqueta do mesmo e valorar as diferentes posibilidades de financiamento, pero non obtivo resposta.

Na carta informaba a Feijóo de que o Concello redactou un proxecto para a construción dun auditorio e solicitaba a colaboración similar á que a Xunta de Galicia realizou recentemente coa construción dun auditorio en Marín, coa aportación de dous millóns de euros.

José María Fernández asume a presidencia do PP de Trabada

José María Fernández vén de asumir a presidencia do PP de Trabada, logo de obter o apoio unánime dos afiliados. O popular convértese así no novo presidente local e faino convencido de que "somos máis necesarios ca nunca para que este concello recupere a ilusión". Durante o congreso comprometeuse a seguir traballando para que "Trabada cambie de rumbo". E é que, engadiu, "non se está facendo ningunha política que realmente interese aos trabadenses".

O novo presidente referiuse así a que a actual alcaldesa está a incumprir o principal obxectivo que se fixou cando acadou a Alcaldía: dar servizos que permitan asentar poboación no rural.

O sábado 12 será o Entroido

A asociación O Picato, en colaboración co Concello, ten programadas as actividades para o Entroido que será o sábado 12 de marzo e que como de costume será o derradeiro Entroido da Mariña. Contarán coa pulpería Mario de Viveiro para dar de comer e cear o sábado e unha verbena amenizada polos grupos Eureka e DJ Decibelios.

O desfile dará comezo as 18.00 horas e acto seguido farase entrega dos premios as 00.00 horas. Tamén venderanse rifas durante o desfile e no comezo da verbena e ao longo da noite sortearanse 3 cestas con produtos típicos desta época. Para participar é necesario anotarse chamando ao 636 864 132 ou o mesmo día do desfile antes das 17.00 horas.



A cuantía dos premios do desfile ascende a 3.000 euros a repartir entre todas as categorías. Para cumprir coa normativa, todos os participantes do desfile deberán levar mascarilla e presentar o certificado covid

O sábado 26 volve o Mercado de Primavera do Valadouro

O sábado 26 de marzo o Concello de Valadouro celebrará como é tradicional o seu Mercado de Primavera no que ademais das típicas vendas e degustación dos produtos tradicionais, a hostalería da vila ofrece nesa fin de semana unha xornada gastronómica adicada ao tapeo.

Conferencias e coloquios adoitan completar a programación desta feira, que polo momento non está pechada, así como, actividades para os nenos, roteiros, mostras, e un desfile de zocas.



alfoz

O Concello pide probar os beneficios da futura central

O arquitecto municipal Diego Hermida Varela emitiu un informe para o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en relación ao anteproxecto da construción da central hidroeléctrica reversible Xistral na que considera que a empresa non chegou a probar en ningún momento que os beneficios socioeconómicos que xerará serán superiores aos seus inconvenientes.

O técnico considera que é necesario "unha maior xustificación do beneficio socioeconómico da actuación plantexada que se define ao longo do documento xustificativo en distintos puntos que leva a descartar a alternativa 0 do proxecto. É unha cuestión que se deberá desenvolver con maior detalle no Estudio de Impacto Ambiental".

No anteproxecto expóñense tres escenarios coñecidos como Alternativa 0, 1 e 2. A 1 e a 2 son distintas posibilidades de afección que

modifican a súa construción, pero non se analiza en ningún momento a Alternativa 0.

O Concello remitirá este documento ao Ministerio aínda que Augas de Galicia xa rexeitou o proxecto. Na documentación tamén se expón a necesidade de realizar unha análise da afección paisaxística xa que considera que "a intrusión visual desde o barrio da Grela xenera un impacto moi significativo, polo que deberá atenderse a esta circunstancia tratando de reducir este impacto así como o deseño de alternativas de ocultación ou naturalización das instalacións".

Dende a Plataforma de Veciños Afectedos pola Macrocentral Hidroeléctrica do Xistral, veñen de informar da "deixadez e despreocupación do goberno do concello de Alfoz en canto o anteproxecto de central hidroeléctrica reversible proxectado no noso Val e que afecta a os nosos veciños."

O PP pide á Deputación que se implique para facer a residencia

O Partido Popular de Alfoz considera que o goberno local tamén debería pedir á Deputación apoio económico para a construción da residencia da terceira idade. Os populares defenden así que "toda colaboración institucional é precisa". "Esta ben recorrer á Xunta de Galicia pero tamén o sería contar co respaldo do resto de administracións", advirten.

E é que dende o Grupo Municipal do PP lembran que, "dos 236.000 euros investidos na vivenda comunitaria, 46.000 son aportados polos usua-

rios, mentras que os 190.000 euros restantes, corresponden á fondos do Goberno galego. É dicir, a implicación da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais e na atención aos maiores de Alfoz é clara e manifesta", aseguran.

"O Concello non pon nin un só euro nesta importante dotación. Cómpre, por tanto, ampliar horizontes e non pechar portas nin perder outras oportunidades, como pode ser contar coa colaboración da institución provincial". Ademais, destacan dende o PP, "sería de sentido común.

Veciños unidos contra a central hidroeléctrica

“A terra non é unha herdanza dos nosos pais, senón un préstamo dos nosos fillos”, di a Plataforma de afectados

Veciños da comarca e máis concretamente do Valadouro e Alfoz veñen de constituir a Plataforma de veciños afectados pola macro central hidroeléctrica do Xistral, coa intención de achegar á veciñanza un punto de encontro para tratar, organizar e propoñer actos informativos e reivindicativos relacionados co anteproxecto da central hidroeléctrica.

Esta Plataforma constitúese como un movemento apartidista, pluralista, inclusivo, equitativo e respectuoso coas opinións dos que forman parte da mesma.

“Somos un colectivo sen ánimo de lucro, de carácter asembleario e de libre adhesión, que xunta a todos os veciños que estean sensibilizados coa finalidade da nosa Plataforma, sen intereses particulares nin partidistas”, din dende a Plataforma.

Segundo a empresa zaragozana Atalaya Generación, esta central hidroeléctrica contará cunha potencia total de 936 megavattios na comarca da Mariña.

A finalidade deste colectivo, que conta cunhas 100 persoas polo momento, é a de informar aos cidadáns da magnitude deste anteproxecto e as súas consecuencias reais desde o punto de vista paisaxístico, patrimonial, medioambiental, económico, social, etnolóxico e cultural, así como axudar ás persoas afectadas na defensa dos seus dereitos.

“O obxectivo é o de defender a comarca particularmente O Valadouro e Alfoz do espolio ao que se pretende someter”, engaden “consideramos que é unha irresponsabilidade ignorar as enormes consecuencias negativas que este proxecto pode provocar sobre o noso territorio, as poboacións, a

despoboación, a paisaxe, a biodiversidade, o patrimonio público, os recursos e sobre os ecosistemas dos que dependemos”.

O anteproxecto, que xa foi visto pola Plataforma coa axudas de veciños enxeñeiros, fala basicamente da construción de dúas balsas, unha superior de 73,2 hectáreas en Vilacampá e unha inferior de 49,9 hectáreas en Recaré, “que tería 8.924.581 metros cúbicos de auga, é dicir, 8.450 piscinas olímpicas”. Estas dúas balsas estarían unidas por tuberías e túneis, “afectando a calidade de vida dos veciños, sen falar das consecuencias da construción das mesmas, que non só afectaría ao día a día da comunidade, senón tamén á flora e fauna que rodea o val”, din. Nunha época na que se fala da España Vaciada, moitos destes veciños queren seguir vivindo e apostando polo val para traballar, vivir e criar aos seus fillos, coidando dos recursos que nos ofrece a natureza e que nos deixaron en herdanza nosos pais. Ademais, a metade da parroquia de Recaré desaparecería coa construción da balsa”, sinalan, e algunhas casas quedarían moi preto “estaría a menos de 100 metros da miña”, di un dos afectados, “pero hainas que se atopan a 50 metros, e por riba imaxínate saír pola porta e atopar un muro de 20 metros de alto. Todo isto fará a vida dos veciños insostenible polas vibracións, ruídos e incluso falase dun posible cambio de clima”.

Segundo o proxecto crearanse postos de traballo pero “serán para a construción da central, pero cantos empregos quedarán despois?. Por iso algúns veciños están pensando ata en mudarse xa que non poden aguantar

nin pensar nas obras”, engaden, “isto non fixará poboación como nos queren facer crer, senón que a deslocalizará. Tamén moitas explotacións gandeiras veranse afectadas pois quedarían baixo a auga”.

“Nos queremos seguir coa nosa vida aquí e deixarlles aos nosos fillos un modo de vida”, di outro veciño, por iso o lema desta Plataforma é A terra non é unha herdanza dos nosos pais, senón un préstamo dos nosos fillos”.

“Non estamos dacordo coa instalación da central hidroeléctrica porque nos costa entender que coa excusa das enerxías renovables, enerxías verdes se destrúa precisamente a nosa Galicia Verde, se nos deixe sen os nosos montes, ríos, regatos e fontes. Estamos a favor das enerxías renovables, pero non así”, continúa dicindo outro veciño.

A propia promotora recoñece o alto impacto ambiental do proxecto. Así, na súa memoria sinalase que a central “atópase dentro da Reserva da Biosfera Terras do Miño, das Zonas de Especial Conservación (ZEC) Serra do Xistral e Río Ouro, das Zonas Protexidas de Augas Potábeis Poligonais Ortegal-A Mariña e Ribadeo-Valadouro, e sobre a Reserva Natural Fluvial do Río Cobo”.

Polo de pronto, a empresa non se reuniu cos veciños e eles seguen coa redacción das alegacións, así como a celebración dunha manifestación en forma de andaina o 13 de marzo de Recaré a Vilacampa que poderá facerse a cabalo ou en bicicleta, na que haberá obradoiros e actividades para os cativos.



Augas de Galicia rexeitou o proxecto da macrocentral

Augas de Galicia rexeitou o proxecto da macrocentral hidroeléctrica reversible Xistral no Valadouro. O informe que remitiu negativamente é vinculante ao anteproxecto presentado pola empresa zaragozana Atalaya Generación.

O devantido informe toma en consideración unha serie de indicacións do Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica que falan da afectación a varios cauces. Así, se a empresa quere seguir adiante coas instalacións terá que modificar e presentar outro ante-

proxecto. Un apartado do informe di que aínda que os regatos de Recaré, Vilacampa e Balsadas non forman parte das masas de auga delimitadas para protexer, consideran que a instalación das balsas ocupando os seus leitos supoñen novos elementos que comprometen a continuidade fluvial dos cursos de auga.

O anteproxecto afectaba na súa maior parte aos municipios de Alfoz e O Valadouro, onde a maior parte dos veciños opoñíanse e por iso crearon unha Plataforma informativa.

O 13 haberá unha manifestación contra a hidroeléctrica do Xistral

A Plataforma de Veciños Afectados pola Macrocentral Hidroeléctrica do Xistral organiza para o domingo 13 de marzo unha manifestación en contra do anteproxecto.

O acto reivindicativo percorrerá unha distancia 9 km de dificultade media-baixa entre Vilacampa e Recaré, lugares onde irían instaladas as balsas superior e inferior. Durante a manifestación, as per-

soas que así o desexen poderán deixar os seus fillos nunha ludoteca habilitada paraca a ocasión en Recaré.

O percorrido farase máis ou menos por onde iría a tubaxe que uniría as dúas balsas segundo o anteproxecto, co fin de poder demostrar a magnitude do mesmo. Haberá tres alternativas para facer este percorrido: andando, a cabalo ou en bicicleta. Os que

fagan o percorrido a pé ou a cabalo deberán estar ás 9.00 horas na igrexa de Recaré e dende alí irán ata Vilacampa, onde se iniciará a marcha. Os que decidan ir en bicicleta, deberán estar ás 9.00 horas no pavillón municipal de Ferreira, para iniciar dende alí a marcha. Ao finalizar o percorrido, sobre as 13.00 horas, procederase á lectura dun manifesto na igrexa de Recaré para dar por finalizado o acto.

ourol

Chega o autocine en marzo

O sábado 12 de marzo o Concello de Oural acollerá o unha sesión de autocine que dará comezo ás 21.00 horas. A película proxectada nesta ocasión será *Sicixia*.

Para asistir será necesaria a reserva da entrada, que é gratuita, e o aforo estará limitado a 40 coches. Para conseguila haberá que chamar ao departamento de servizos sociais do Concello aos teléfonos 982 559 109

ou 677 489 457 ou na páxina web do autocine. O filme trata sobre Xiao, un enxeñeiro de son, recibe un encargo para gravar os singulares sons de Costa da Morte. Alí coñece a Olalla, unha guía local que recolle algas no océano Atlántico e que lle axudará a empaparse da idiosincrasia do lugar. A partir de aí, nese lendario Finisterrae, as súas vidas escaparán ao seu control.

Oural celebra tres cursos

O Concello acolle nos vindeiros meses varios cursos que serán no edificio multiusos e nos que será necesario anotarse chamando aos teléfonos 982 559 109 e 677 489 457.

ENXERTO. O primeiro, que xa comezou, e é de enxerto e plantación de froiteiras seguirá o 12 de marzo. As xornadas, que terán lugar no centro social do Carme en Miñotos, pretende localizar o maior número de variedades locais e reproducilas mediante enxerto para evitar a súa desaparición. Para participar é preciso anotarse xa que as prazas son limitadas no teléfono 630 970 132.

ESTRÉS. O curso sobre manexo do estrés e ansiedade que será impartido o martes día 5 de abril. Será ás 16.30 horas e estará a cargo pola Escola galega de saúde para cidadáns, e en concreto por Jennifer Souto Pérez, enfermeira educadora e psicóloga.



INFORMÁTICA. Os días 26 de marzo e 2 e 9 de abril en horario de 10.00 a 13.00 horas será o curso de informática co obxectivo de aprender de forma práctica a utilización de dispositivos móbiles no día a día como pedir citas por Internet, manexarse nas páxinas das diferentes administracións, aplicacións bancarias, etc.. As prazas son limitadas polo que recomendan inscribirse o antes da data límite que é o 21 de marzo.

riotorto

O PSOE pide que se priorice a atención ás persoas maiores e con mobilidade reducida

A Agrupación Socialista de Riotorto denuncia que o Concello non está prestando ningunha axuda social á familia a que se lle quemou a vivenda no lugar de Cachán, o pasado sábado día 12 de febreiro, e onde vive unha muller encamada de avanzada idade xunto co seu fillo.

“Dende a Agrupación Socialista de Riotorto puidemos comprobar que esta familia non está recibindo ningún tipo de asistencia por parte dos servizos sociais do Concello, tal e como anunciou o propio Alcalde, ao que lle gusta moito saír nos medios, pero despois rascamos e resulta que non hai absolutamente nada de nada sobre o que afirma. Ademais hai que puntualizar que a

única asistencia coa que conta esta veciña, esta pagada do seu propio peto”, din.

Por iso emprazan ao Concello, da man dos servizos sociais do Concello de Riotorto, para que priorice as demandas das persoas maiores da vila, “especialmente das persoas que teñen mobilidade reducida e non poden valerse por si mesmas, xa que precisan moita axuda e atención”.

“Dende o PSOE de Riotorto creemos que o coidado aos nosos maiores debe ser unha prioridade nas políticas do noso Concello, por iso vamos a seguir reclamando e insistindo para que se mellore a calidade de vida da nosa veciñanza”, din.

O Tribunal Supremo confirma a anulación de dous parques eólicos

O Tribunal Supremo ditou dúas sentencias que anulan os proxectos que serviron de base para a posta en funcionamento dos parques eólicos Sasdónigas, fase I e II.

Así, o alto Tribunal rexeita os argumentos de Norvento orientados a evitar que se discutira no proceso a legalidade da Declaración de Impacto Ambiental (DIA) que analiza o impacto dos parques sobre o territorio. Sostiña a empresa que non cabe discutir a súa legalidade con motivo da impugnación do Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal cando serviu para conceder a autorización para a súa posta en funcionamento



dende o punto de vista eléctrico. Sen embargo, o Tribunal Supremo indica que a propia normativa sobre avaliación ambiental “pon de manifesto a inconsistencia do argumento que se fai pola defensa da mercantil reco-

rrente”, concluíndo que “a Administración autonómica non só podía, senón que debía tomar en consideración o contido da DIA”.

Achaca que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural estima compatible a instalación eléctrica co xacemento ó que afecta, en aberta contradición co Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e do PXOM de Mondoñedo, “que parten da existencia contrastada dun xacemento arqueolóxico ó outorgárselle o máximo grado de protección e a expresa prohibición de calquera uso que no tivera por obxecto a posta en valor do ámbito protexido.

Convocado o XXIII Premio Díaz Jácome

O Concello de Mondoñedo convoca o XXIII Premio de Poesía Díaz Jácome para novos creadores no que poderán participar menores de 30 anos con poemas orixinais e inéditos, escritos en galego e non premiados noutros concursos.

As composicións terán unha extensión máxima de 150 versos, o tema e o metro queda a elección do autor. Os orixinais non poderán ir asinados e deberán ser presentados nun sobre aparte e cerrado. O prazo de admisión de orixinais remata o día 15 de setembro de 2022 e deberán enviarse a ao Concello de Mondoñedo. Este concurso consta de tres premios que recibirán un premio en metálico, placa e diploma, o primeiro de 1.500 euros, un segundo de 600 euros e un terceiro de 300 euros.

O CIM recupera o seu tradicional concurso Debuxando en Igualdade

O CIM recupera este ano o seu tradicional concurso Debuxando en Igualdade, dirixido ao alumnado de Primaria, Secundaria e Bacharelato dos centros educativos dos concellos de Mondoñedo, Abadín, Lourenzá, A Pastoriza e Riotorto. O traballo consistirá nun debuxo en soporte cartolina de tamaño mínimo DIN-A4 e máximo DIN-A3, podendo utilizarse todo tipo de técnica e sen limitación de número de cores. No caso de que a obra leve incluído un slogan ou lema, este deberá ir redactada en idioma galego.

Os traballos serán entregados á

persoa que o centro escolar designe e a data máxima para presentalos é o venres 25 de marzo de 2022, incluído, data a partir da cal serán recollidos por persoal do CIM. O fallo do concurso farase público o día 31 de marzo de 2022 a través dos medios habituais. Haberá dous premios por cada categoría, reservándose o xurado o dereito de declarar deserto algún dos premios no caso de que os traballos presentados non alcancen o nivel suficiente, e consistirán nun lote de libros e material escolar. As bases poden consultarse na páxina web.

Apostan por parcelas de menos de 80 euros ao mes no polígono

A responsable da xestora de 13 polígonos industriais en Galicia reuniuse coa tenente de alcaldesa, Elena Candia, para expoñerlle as novas propostas para impulsar o polígono. A xerente de SEA e a tenente de alcaldesa coincidiron, ademais, en valorar distintas fórmulas, que serán estudadas de forma conxunta, coas que poder poñer en valor esta área industrial.

Na actualidade, lembrou, Mondoñedo é un dos polígonos de SEA no que se ofrece chan baixo o réxime de Dereito de Superficie, un sistema similar ao alugueiro con opción a compra, que permite ás empresas

instalarse por menos de 80 euros ao mes (ao redor de 800 euros anuais) durante as primeiras anualidades. O custo das parcelas elévase levemente durante os seguintes anos, pero os adxudicatarios poderán seguir neste sistema ata 30 anos ou ben optar a comprar a parcela. No prezo de venda descóntase parcialmente a cantidade achegada durante os anos anteriores.

Na actualidade, SEA oferta seis parcelas en dereito de superficie, desde os 959'9 metros cadrados ata os 1.441'72, cun canon base e o primeiro e o segundo ano desde 791'92 ata 1.382 euros anuais.

O Concello eliminará o feísmo na rúa Regueira

O goberno mindoniense dará conta no vindeiro pleno municipal da intervención proxectada na rúa Regueira. Esta actuación será financiada con fondos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do plan Hurbe, e do Concello. O orzamento ascende a máis de 43.000, dos cales 13.870 euros os aporta o Concello de Mondoñedo.

O Concello xa ten dispoñibilidade de terreos e conta con todas as autorizacións sectoriais para acometer esta intervención e, así, eliminar o feísmo no entorno do Camiño Norte.

O BNG pídelle ao Concello que defenda o Castro da Trindade

Ante a sentenza ditada polo xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Lugo na cal se condena ao Concello a realizar todo o necesario para excluír do catálogo de elementos culturais do PXOM de Mondoñedo o Castro da Trindade, o BNG no Pleno celebrado o pasado venres pediulle ao goberno municipal que interpoña recurso de apelación contra a resolución da sentenza e defenda o patrimonio arqueolóxico local fronte a empresa mineira que opera no lugar. O voceiro do BNG no Concello mindoniense, Eloi Cabanas, apunta que "Canteras Santa Cecilia S.L no ano 2020 interpuxo contencioso-administrativo fronte ao concello de Mondoñedo na que pedía a exclusión do castro do catálogo de bens culturais do PXOM".

A sentenza dálle a razón á demandante e o Concello ten agora de prazo ata o 11 de marzo para inter-



poñer recurso de apelación.

Elena Candia, en resposta a pregunta do concelleiro do BNG na que se interesaba polos pasos que ía dar agora o Concello ante esta situación contestou que "aínda non o sabía pero farían o que lles marcara os servizos xurídicos da Deputación".

Cabanas pediulle ao Concello que "esgote todos os mecanismos de acción posibles antes de dar por

perdido o Castro e no caso de que finalmente se demostrara que xa non hai nada que conservar no lugar, se investigue e se pidan responsabilidades aos encargados de velar pola preservación deste Ben Cultural que pese a estar incluído no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos desde 1991 e catalogado (B.O.P) desde 1995 non recibiu a protección que lle correspondía".

Os socialistas advirten que a Casa Cunqueiro estivo pechada durante máis de dous meses

O Grupo Socialista de Mondoñedo interpelou ao Goberno Local, na pasada sesión plenaria, sobre o peche da Casa de Cunqueiro, a axuda económica á Asociación Edad Dorada Mensajeros de La Paz e o cumprimento da sentenza do Castro da Trindade.

No que se refire á Casa de Cunqueiro, constatamos que este Museo estivo pechado durante máis de dous meses. Concretamente dende mediados do mes de decembro de 2021, e esta mesma semana volveu a abrir as súas portas despois de estar pechado durante tódolos festivos de Nadal e Reis, ata hoxe.

ASILO. O Grupo Socialista tamén preguntou ao Equipo de Goberno pola solicitude de axuda económica por parte da Asociación Edad Dorada Mensajeros de La Paz en referencia á Residencia para Maiores e Centro de Día San Rafael, xa que

pediu axuda ao concello de Mondoñedo para financiar gasto corrente e consumos ocasionados pola COVID-19. Segundo sinalan no decreto da Alcaldía "víronse obrigados a pechar o Centro de Día, o que supuxo unha perda de ingresos, mantendo igualmente o emprego". Segundo nos avanzaron desde o Concello concedeuse unha axuda económica de 10.000 euros das arcas municipais para este fin.

CASTRO DA TRINDADE. E no que se refire á sentenza do Castro da Trindade, que foi ditada polo xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Lugo e coa que se condena ao concello de Mondoñedo a realizar todo o necesario para excluír do catálogo de elementos culturais do PXOM de Mondoñedo ao citado Castro da Trindade. Interparamos ao Concello para saber cal vai ser o procedemento a seguir neste asunto.

A primeira fase do Plan Hurbe mellorará a rúa Rocha de Vélez



O Concello de Mondoñedo acóllese ao Plan Hurbe para a mellora de espazos urbanos e dentro deste plan, o Concello pretende levar a cabo a mellora da accesibilidade á zona de Os Castros dende a rúa Rocha de Vélez, un proxecto que ten un orzamento de 173.868,06 euros. A zona na que se prevé intervir está dentro do plan especial de protección e reforma interior. Para levar a cabo este proxecto será preciso conseguir algúns terreos; para unha parte, o Concello xa chegou a un acordo con 2 propietarios. Noutro caso, prepara a expropiación, dado que se descoñecen os propietarios.

Na memoria do proxecto indícase que esta actuación prográmase dado que o estado dunha parte importante dos muros de contención que conforman esta rúa, na súa confluencia coa antiga N-634, atópanse en moi mal estado de conservación;

algúns tramos sufriron derrubes, polo que se require unha reconstrución dos mesmos.

Esta rúa bordea a zona coñecida como Os Castros de Mondoñedo, na que se atoparon vestixios dun castro, sobre o que o plan xeral recentemente aprobado establece unha zona verde con fin arqueolóxico. Este futuro parque arqueolóxico tería dende a rúa Rocha de Vélez o seu principal acceso con vehículos. Habilitar esta rúa supón poder acceder ao futuro parque do Castro que, aínda que só sexa para mantemento, require un acceso de vehículos.

Tamén se busca mellorar a contorna do cemiterio municipal.

Por outro lado, é imprescindible a mellora da accesibilidade ás vivendas e parcelas existentes neste ámbito dos vehículos de emerxencias. Igualmente, búscase conseguir a posta en valor desta parte da cidade.



Quencen motores para a Concentración Mototurística

O Concello de Mondoñedo acollerá unha nova edición da Concentración Mototurística N-634 Cidade de Mondoñedo os días 19 e 20 de marzo, e que nesta ocasión chega á XXXI edición.

O período de preinscrición xa está pechado con 200 participantes malia poderanse facer inscricións o mesmo 19 de marzo a partir das 12.00 horas. Cada unha delas inclúe un imán motero de recordo, un pin feito polos artesáns dos Muíños, unha camiseta, trípticos de Mondoñedo, un pincho de benvinda de empanada de Mondoñedo, unha caña, a cea, queimada, o desayuno do domingo, pincho de media mañá, xantar do domingo e a zona de acampada no pavillón.

A concentración iníciase o día 19 e os participantes poderán desfrutar desde as 16.00 horas dun toro mecánico, dun salón de tatuaxes, animación, música a cargo de DJ Zalo pola tarde e xogos.

E xa ás 20.00 horas será o desfile polas rúas da vila seguido da cea na Finca San Antonio e do comezo da festas con música e verbena a cargo de Grupo 2.Com e da orquestra Principal e unha queimada.

O día 20, despois de almorzar unha magdalena do Rey das Tartas e un café, os participantes desfrutarán dunha ruta turística pola Mariña, que rematará cun comida no pavillón para despedir a todos.

César Antonio Molina é nomeado Cunqueiriano de Honra 2022



O escritor César Antonio Molina acaba de ser nomeado Cunqueiriano de Honra por unha comisión designada polo Concello de Mondoñedo e a Casa Museo Álvaro Cunqueiro.

O xurado destacou de César Antonio Molina, nado na Coruña en 1952, a ampla serie de antoloxías do periodismo cunqueiriano das que se responsabilizou, a edición e tradución da súa poesía (*Antología poética*, 1983), así como a publicación de ensaios (*Homenaje a Álvaro Cunqueiro*, 1994), infinidade de artigos, conferencias e capítulos de libros dedicados ao mindoniense, amais de iniciativas como a magna exposición sobre Cunqueiro que organizou o Círculo de Bellas Artes de Madrid en 2003 baixo a súa dirección ou o bautizo da Biblioteca do Instituto Cervantes de Damasco co nome do escritor en 2006 sendo o coruñés máximo responsable deste Instituto.

Preparada a VIII concentración de VespaFaba & Clásicos

A Asociación Club VespaFaba & Clásicos Lourenzá presentou o cartel da 8ª edición da súa concentración de scooters, motos e clásicas que coincide sempre coa celebración da Festa da Faba. Contará con scooters e vehículos clásicos que se poderán desfrutar con todas as restricións e normas sanitarias ata o momento da celebración. Este encontro será o 1 e 2 de outubro e dará comezo ás 10.00 horas. Para máis información será necesario chamar aos teléfonos 660 049 416, 670 801 034, 689 008 073 ou 669 452 430.



vegadeo

A asociación A Veiga prepara varias charlas sobre os hortos

O Concello de Vegadeo acollerá durante os meses de febreiro e marzo diferentes charlas sobre o cultivo de verduras, plantas e árbores no horto. Todas estas charlas serán no local da asociación A Veiga ubicada na rúa Camilo Barcia Trelles en horario de 18.00 a 20.00 horas. A primeira delas deu comezo en febreiro e tratou sobre *Coñecementos básicos de horto e xardín*, a seguinte foi sobre as diferentes plantas e a súa saúde e o derradeiro venres de febreiro será a quenda do cultivo das árbores froiteiras autóctonas. Xa en marzo o día 11 sobre o control



ecolóxico de pragas e enfermidades nos hortos domésticos. Xa por último o venres 18 de marzo a charla será sobre coidados do xardín. Estarán impartidas por Ángel Prieta de Quercus Rural, e para participar será necesaria a previa inscrición chamando ao teléfono 609 711 481.

O Concello pon en marcha actividades para os nenos

O Concello de Vegadeo pon en marcha actividades e talleres para nenas e nenos de 3 a 12 anos, dirixidas a facilitar a conciliación das familias. Desenvolveranse ata o 25 de xuño, de luns a venres en horario de 17.00 a 19.00 horas e os sábados de 11.00 a 13.00 horas. As actividades están subvencionadas polo Goberno do Principado de Asturias con cargo aos fondos recibidos do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero no marco do Plan Corresponsables. Non é necesaria a inscrición aínda que o aforo está limitado.



Para máis información haberá que chamar ao 985 634 022.

O Concello aproba a restauración do Mosteiro de San Salvador

O Concello de Lourenzá vén de aprobar na xunta de goberno local a solicitude de licenza presentada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, da Xunta de Galicia, para a realización de traballos consistentes na restauración da igrexa do Mosteiro de San Salvador. As obras incluírán a restauración de carpinterías e ferraxes de reforzos metálicos, arranxos na nave da epístola e no muro sur, reposición da instalación eléctrica e actuacións para evitar entradas de augas nas naves laterais, entre outros traballos. O orzamento de execución material é de 237.999 euros. A alcaldesa de Lourenzá, Rocío López, alégrase de que “en breve se vaian acometer esas obras xa que é unha intervención moi necesaria para a conservación da igrexa e do seu conxunto arquitectónico”.

MOSTEIRO. O mosteiro foi fundado no século X por Osorio Gutiérrez, o conde santo, que logo da súa morte foi enterrado no seu templo, nun sarteiro de mármore paleocristián



do século VI orixinario de Aquitania. O sarteiro pode verse na capela de Valdeflores (século XVIII) da igrexa mosteiral. Dos primeiros séculos da historia deste cenobio consérvanse unha arca do IX e unha lauda do XII. Nesta última centuria pásase dunha congregación familiar a depender da Orde beneditina e, a principios do XVI, queda baixo a influencia de San Benito de Valladolid. No XIX, coa Desamortización, iníciase a decadencia, ata que entre 1910 e 1942 se recobra a vida monástica coa chegada de monxes dependentes de Samos. Disgregada esta comunidade, e tras un tempo como Semi-

nario Menor Diocesano, dependente do bispado de Mondoñedo, faise cargo do edificio o Concello, que sitúa nel a súa sede. O carácter medieval da construción pérdese coas remodelacións dos séculos XVII e XVIII. É precisamente no segundo terzo do XVIII cando se finaliza a fachada barroca da igrexa do mosteiro polo arquitecto Fernando de Casas Novoa, considerada precedente da fachada do Obradoiro da catedral de Santiago. Desde os anos 60 do século XX a edificación alberga tamén un interesante Museo de Arte Sacra. En 1974 o conxunto é declarado Monumento Histórico Artístico.

Abre a mostra ‘A memoria do son’


O xoves 3 abriu en Lourenzá a mostra *A memoria do son*, con fondos instrumentais e do arquivo documental do Centro de Artesanía e Deseño (Centrad) da Deputación de Lugo. A mostra poderá verse na sala de exposicións do Concello ata o 18 de marzo. A mostra, cun formato itinerante pensado para achegar as distintas localidades o patrimonio musical da Colección de Instrumentos e Obxectos Sonoros do Centrad, inclúe unha giga, unha rota, unha cítola, unha viola de perna, unha viola de brazo, unha zanfona e un organistro, construídos a partir de representacións escultóricas destes instrumentos en lugares emblemáticos como o Pórtico da Gloria ou o Pazo de Xelmírez ou dos datos recollidos en documentos literarios e históricos. Os fondos instrumentais complétanse con melodías, accesibles a través de códigos QR, que ofrecen a oportunidade de escoitar o son de cada un dos instrumentos expostos, valorar as pegadas herdadas e conservadas na música tradicional actual e as posibilidades que

ofrecen para a interpretación de novas músicas. A mostra tamén inclúe propostas interactivas, como un salterio no que as persoas visitantes poderán interpretar melodías de cantigas

de Afonso X e Martín Códax. De cara ao público máis novo, ofrécese dous pasatempos -un crebacabezas e un encrucillado- que incorporan os contidos da exposición de forma lúdica.

O gaiteiro e artesán Pablo Seoane presenta o seu libro

O salón de actos do Concello de Lourenzá acollerá a presentación do libro *O toque pechado* escrito polo gaiteiro e artesán Pablo Seoane. Esta publicación, que recolle exercicios específicos e 150 partituras todas tradicionais, ten como obxectivo axudar a todos os gaiteiros a mellorar ou aprender o toque pechado para a gaita de fol galega. Segundo Pablo Seoane, e baixo a súa experiencia coma gaiteiro e docente, a mellor forma de dominar calquera dos distintos estilos de toque pechado que existe en Galicia é traballando con exercicios previos e tamén, por suposto, coas



músicas axeitadas a este xeito de tocar. O evento será o 13 de marzo e para asitir será necesario a previa reserva chamando ao número de teléfono 616 636 320.

DEPUTACIÓN

Consenso das deputacións para destinar os fondos europeos ás estradas

O presidente da Deputación de Lugo participou no pleno da Comisión de Deputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) celebrado na cidade de León, un encontro no que houbo consenso en torno á reivindicación de Tomé Roca de habilitar fondos europeos para mellorar a rede de infraestruturas provinciais, así como da capacidade das deputacións para xestionar estes recursos económicos conseguidos polo Goberno de España para recuperación da pandemia da covid-19 e que, deste xeito, sexan realmente útiles para a cidadanía, sobre todo no mundo rural.

Neste sentido, a Comisión de Deputacións acordou enviar unha carta ás Comunidades Autónomas e ao Ministerio de Transportes solicitando que as deputacións reciban un 15% dos recursos da UE que xestiona o Estado e outro tanto dos transferidos ás autonomías para destinalos ás redes viarias provinciais.

Tomé toma posesión como presidente lucense do PSOE

José Tomé Roca foi proclamado Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo no IV Congreso Provincial socialista que se celebrou no hotel Torre de Núñez baixo o lema *Lugo Avanza*. Tomé Roca asegurou que deste congreso “os socialistas saímos unidos e máis fortes para darlle un novo impulso ó Partido Socialista na provincia, para seguir medrando, para seguir ampliando a representación institucional e para seguir mellorando a nosa provincia e a vida dos nosos veciños e veciñas. A provincia necesita máis Partido Socialista”.

Dende un “bo punto de partida”, pois o PSdeG goberna a día de hoxe para o 65% da poboación lucense, con 27 gobernos, catro cogobernos, e a Deputación de Lugo, o Secretario Provincial situou como obxectivos “consolidar as alcaldías que temos, conseguir outras novas nas que temos clarísimas opcións, manter a Deputación e, con toda esa forza municipalista, axudar a renovar o Goberno de España e a recuperar o Goberno da Xunta de Galicia, que



tanta falta lle fai a este país”.

Para continuar avanzando e lograr estes obxectivos, Tomé Roca establece no plano orgánico unha serie de medidas, que coinciden ademais co que lle foi trasladando a militancia nos encontros Camiñamos Xuntos que mantivo nas últimas semanas por toda a provincia para preparar o Congreso. “Iso é moi bo, porque así é máis fácil remar todos e todas na mesma dirección”, afirmou o Secretario Xeral, explicando que, “para empezar, concordamos na unidade, en que queremos un

partido unido porque iso é forza. E, neste sentido, creo que empezamos ben porque, gracias ao diálogo e ao acordo, houbo unha única candidatura á dirección do partido na provincia, e o compañeiro Xosé María Arias integrouse nesta candidatura que hoxe sae ratificada neste Congreso”.

José Tomé agradeceu a Arias que puxese “por riba de todo, a vontade de acordo e de integración, máis alá das lexítimas aspiracións persoais a optar a un cargo que calquera compañeiro ou compañeira pode ter”.

Preparada a segunda tempada do programa Saborea a túa provincia

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a segunda edición do programa Saborea a túa provincia, unhas xornadas gastronómicas e lúdicas coas que busca promocionar e incentivar o consumo dos produtos de proximidade, como fórmula para dinamizar a economía dos concellos e para axudar na recuperación da hostalería, do turismo, do comercio e dos pequenos produtores, que viron moi mermada a súa actividade pola pandemia.

Igual que o ano pasado, no que o programa tivo moi boa acollida con 200 visitantes, o Saborea a túa Provincia celébrase ao longo do mes de agosto de xeito itinerante en 9 concellos da provincia e contará cun orzamento de 100.000€. A diferenza da edición do 2021 terá un formato máis dinámico, con programacións de media xornada, pero mantendo os principais atractivos do Saborea: a música, as demostracións culinarias, as degustacións e as actividades para os máis pequenos.

O Pleno reclama á Xunta unha atención bancaria para os maiores

A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia que se implique na defensa dunha mellor atención bancaria para as persoas maiores. Así o acordou o Pleno da Corporación provincial coa aprobación dunha moción do grupo do PSdeG, que contou co apoio do BNG, mentres que o PP se abstivo.

A proposta socialista parte das reclamacións da Asociación de Xubilados e Pensionistas de Lugo sobre cuestións transversais como a necesidade de ampliar horarios de atención ao público das oficinas, garantir a atención presencial a maiores que non contan con competencia en medios dixitais, ou medidas de seguridade nos caixeiros; pero fai corresponsable á Xunta pola súa inacción. Concretamente, a institución provincial instará ao Goberno galego a mostrar o seu respaldo ás reclamacións de mellora na atención bancaria formuladas polas plataformas da terceira idade e do rural; a tomar medidas para garantir a presenza de sucursais bancarias en tódolos concellos da provincia; a primar as operacións

con aquelas entidades que garantan a prestación de servizos bancarios dun xeito adecuado; a excluír da participación na xestión dos fondos de reconstrución a aquelas entidades que non cumpran estas condicións; e a elaborar unha Carta de Servizos Básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas a non quedar excluídos da prestación dos servizos básicos de carácter financeiro. O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, argumentou que “subvencionar a instalación de caixeiros nos concellos onde non hai oficinas bancarias non é a solución”, que son moitos os maiores que non son quen de desenvolverse coa banca dixital e que a perda dos postos de traballo no sector supón xa o 27,5% desde o 2008, con máis de 5.000 empregos destruídos.

Concellos como Negueira de Muñiz, O Páramo, Ribeira de Piquín y Samos carecen xa de oficina bancaria no seu municipio e no caso de Samos, isto supón un prexuízo para os veciños, pero tamén para os moitos pe-

regreiros que pasan pola vila, situada no camiño de Santiago.

FONDOS COVID. A institución provincial tamén pedirá explicacións ao Goberno galego por deixar sen executar o 30% -220M€- dos fondos Covid, duplicando a porcentaxe media doutras comunidades autónomas. “Feijoo non foi quen de achegar ás pemes, ós autónomos, ao comercio ou á hostalería todos os recursos que o Estado lle transferiu para frear o impacto da covid neses sectores”, denunciou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, que reprochou tamén que o Presidente da Xunta cargase con gastos extraordinarios ás facendas locais ou que non contratase máis persoal sanitario cando colapsaron a Atención Primaria e as Urgencias.

De acordo á proposta socialista, a Deputación reclamará que o presidente da Xunta compareza nun pleno extraordinario do Parlamento para dar explicacións sobre esta cuestión; que o goberno galego reactive o Pacto Local firmado cos concellos, avalie



ca Fegamp a pegada extra da covid nas facendas locais e determine as fórmulas para compensar ás administracións locais polo gasto extra asumido durante a pandemia; e a creación dunha Mesa de Seguimento da xestión dos Fondos de Recuperación, que conte coa representación de todas as forzas parlamentarias e na que estea representada tamén a administración local, para evitar que se manteña o baixo grao de execución actual.

ATENCIÓN SANITARIA. O Pleno provincial aprobou unha moción do BNG para demandar á Xunta de Galiza a normalización da asistencia en atención primaria, recuperando

a atención presencial para todas as persoas que o soliciten e limitando as consultas telefónicas ou telemáticas a actividades complementarias, garantindo tamén que esa atención se faga sen demoras co aumento do número de profesionais que as atenden.

Na exposición da proposta, a vicepresidenta da Deputación de Lugo e deputada nacionalista Maite Ferreiro sinalou que “o goberno da Xunta está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de deterioro da sanidade pública” e referiuse á situación dos centros de saúde Xermade, Chantada, Pantón, Castro de Rei ou Lugo, onde a falta de persoal está clara.

DEPORTES

Volve o Memorial Heroes do Orzán da Fundación Imdecum

Este verán volverá o Memorial Heroes do Orzán da Fundación Imdecum, regresando ás súas orixes e con sede unificada na Mariña como nas últimas edicións. O Torneo de Fútbol sala Base en recordo dos policías Rodrigo Maseda Lozano, Javier López López e José Antonio Villamor Vázquez arrincará na comarca o 24 de xuño ata o domingo 28 de xuño. Burela, Foz, San Cibrao, Xove e Viveiro volverán ser testemuñas do mellor futsal de pequenas promesas do panorama nacional, nas categorías prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil. Os equipos interesados poderán reservar a súa praza na páxina web da Fundación.

Confirmada a III Carreira de Cabalos Cidade de Viveiro

Por terceira vez, Viveiro acollerá a Carreira de Cabalos Cidade de Viveiro, na que os amantes dos equinos poderán presenciar as mellores carreiras. Este torneo vaise disputar os días 10 e 11 de setembro no campo de fútbol de Celeiro. En anos anteriores participaron a asociación Cabaleiros do Landro, a Federación Galega de Hípica, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro. En 2019 contaron tamén con feira de gando e premios para os que levaban o maior número de reses equinas e outros cen para o número maior de cabezas de vacún. Ademais dos premios para as diferentes modalidades do torneo.

A focense Vanessa Ares, prata no Kickboxing Lowkick

A focense Vanessa Ares acadou o segundo posto no Galego Profesional de Kickboxing – Lowkick, así, tras conseguir tres campionatos galegos e ser a terceira mellor en España, volveu ao ring para dar un paso máis, no cadro profesional. O esforzo e traballo sen descanso, sempre coa súa man dereita, Isma Entrena, obtivo de novo o éxito no certame, que se celebrou en Sobrado dos Monxes, e no que tivo que pelexar contra Alicia Sanchez. Os éxitos de Vanessa Ares son moi recoñecidos na Mariña e sente moito agradecemento polo Concello de Foz.

As guerreiras laranxas xa son tetracampeas da Supercopa

A Historia das Guerreiras Laranxas non ten capítulo final. O Pescados Rubén Burela FS converteuse en tetracampeón de Supercopa de España tras impoñerse 2-1 a Futsi Atlético Navalcarnero no Palacio Municipal de Deportes de Jerez de la Frontera. A capitá, Peque, recibiu o undécimo trofeo consecutivo das filas mariñás de mans do presidente da Real Federación Española de Fútbol, Luís Rubiales, para brindarllo a toda a afección pero especialmente dedicado á memoria dunha das incondicionais da Bancada Laranxa, Ana Nogueira. Nuns primeiros minutos de toma de contacto entre dúas escuadras cautas foi Ale de Paz quen protagonizou a primeira gran ocasión, ao segundo pau nunha chegada de Peque con unha magnífica resposta de Marta Balbuena. Aos poucos, a prudencia deu paso ás ganas. Irene Córdoba, a pase de Ame



Romero, dispuxo dunha con moito perigo pero foi Laura a encargada de subir o 0-1 tras unha boa saída de Jozi Oliveira #ante Anita Luján. As mariñás rozaron o empate chegando ao descanso, a tan só 29 segundos, cun pase longo da meta laranxa a Ale de Paz. As mariñás igualaron a contenda no regreso cunha gran recuperación de Irene Samper servida a Emilly que buscou á excepcional Peque ao segun-

do pau; triangulación de libro. Nunha segunda parte na que as Guerreiras atopábanse cada vez máis cómodas e con máis perigo, Cami deulle ao Pescados Rubén a iniciativa no electrónico no minuto 30, nun místil á escuadra. Peque e Cile-ne rozaron o terceiro. Tamén o rozou Emilly con case catro minutos por diante e apostou o Futsi con Anita Luján como porteira xogadora ante un Burela FS impertérrito.

A II Proba Popular de Orientación a pé de Lourenzá será o 13



A segunda Proba Popular de Orientación a pé Concello de Lourenzá, celebrarase o domingo día 13 de marzo. Está organizada conxuntamente polo Club Atletismo Lourenzá e o Club Compás, e coa colaboración do Concellome as Escolas Deportivas Lourenzá. O inicio deste evento deportivo terá lugar ás 10.30 horas dende o campo da feira de Lourenzá e o peche de meta será ás 12.45 horas. Haberá tres categorías: Iniciación Curta (menores de 10 anos, con 12 balizas), Iniciación Longa (para maiores de 10 anos, con 14 balizas), e avanzada/adestro federados (con 22 balizas). Antes da saída daránselles instrucións aos corredores noveis nas probas de orientación. Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados en cada categoría.

Vicepresidencia abre o prazo para solicitar as axudas para entidades deportivas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou as bases das convocatorias de axudas de concorrencia competitiva a asociacións culturais e a clubs e entidades deportivas, coas que a Vicepresidencia da Deputación achegará ao tecido asociativo 700.000 euros. A vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, detallou as contías e obxectivos das convocatorias, que nos vindeiros días se publicarán no Boletín Oficial da Provincia para que as entidades poidan tramitar as solicitudes correspondentes. No tocante á convocatoria para clubs e entidades deportivas, o investimento da Vicepresidencia da Deputación será de 500.000 euros. Establécense dúas liñas de axuda: unha destinada a sufragar gastos da actividade competitiva, cun importe que oscila entre os 300 e os 5.000 euros, con 470.000 euros, e outra dirixida á organización de eventos, con achegas entre os 300

e os 2.000 euros. Na concesión, valóranse criterios como o número de deportistas e/ou equipos, ao rendemento deportivo ou a traxectoria do club, e tamén se formulan baremos ligados a promoción do deporte feminino e a participación de persoas con capacidades diferentes. Así mesmo, primáanse aos clubs con sede en concellos con menos de dous mil habitantes. Maite Ferreiro sinalou que “estas subvencións son un recurso fundamental para clubs de base e afeccionados de todas as comarcas, xa que con elas financian gastos derivados de fichas, material deportivo ou transporte facilitando que rapaces e rapazas poidan practicar diferentes modalidades que se benefician nenas e nenos/rapazas e rapaces de todas as modalidades deportivas”. O ano pasado recibiron estas axudas uns 200 clubs de base e afeccionados das distintas comarcas.

O Ría de Foz xa é campión galego Sub 12 por equipos no Campionato de Cross



O Club de Atletismo Ría de Foz participou no Campionato Galego de Cross con 45 atletas das categorías inferiores e 3 atletas máster. Celebrouse na Pobra do Caramiñal e converteuse nunha das expedicións máis numerosas dos clubs galegos. Destacaron os resultados do club focego no que Miguel Diz, sub 12, conseguiu un 5º posto; Lucas García, sub 16, o 6º posto, e Helena Celada, sub 18, 8º posto. No tocante a equipos sub 12 masculino, foron os campións galegos o que lles dá o billete para o campionato de España. No equipo estaban: Miguel Diz, Adrián Villapol, Iago Rodríguez, Xabier Diz, Iago Balseiro,

Guillermo Pardiñas e Nicolás Pardiñas. O feminino levou o 4º posto no equipo sub 14 composto por: Marina García, Alba Iravedra, Lucía Gonzalez, Lara González, Antía Fernández, Ainhoa Souto, Azahara De la Peña e Paula Manín. Por outra banda, o club tamén estivo representado na proba máster, que se disputou na sesión de tarde, coa participación de tres atletas: Carla Trillo, Óscar Buján e Marcelo Lanza. Carla ocupou o 5º posto da xeral e o 4º posto da súa categoría, M35; Óscar tivo que retirarse a falta dunha volta por lesión, e Marcelo foi o 7º da xeral e obtivo o 6º posto da súa categoría, M45.

“Somos un club bastante estable dentro do fútbol da comarca”

Jacobo Rivas Val é o actual presidente do CD Alfoz

Cando naceu o club e que percorrido tivo nestes anos?

O club naceu no verán 1981 sendo unha excisión do club Valle de Oro, un equipo que unía aos dous concellos do Valadouro e Alfoz naquel momento. Polo tanto o primeiro ano foi difícil atopar xente para xogar, pero con esforzo conseguíuse forma un bo equipo.

No ano 1985 gañamos 2 títulos, a primeira Copa Deputación e o título de campión de Liga. O final dos anos 80 e principio dos 90 seguiron os bos anos e o club foi moi importante na Mariña. Naquela década gañáronse varios títulos, 3 copas Deputación e algún subcampeonato e de feito a xente dí que eramos un club moi copeiro e con moi bos xogadores na categoría preferente. Xa nos 90 houbo algún bache e tamén descensos e despois conseguíuse consolidar unha xeración moi boa de xogadores que a principios dos anos 2000 conseguiu dous ascensos consecutivos, de 2ª rexional ascendeuse a 1ª rexional, e de 1ª rexional a preferente. En resumo é que somos un club bastante estable dentro do fútbol da comarca.

De que logros se senten máis orgullosos?

Pois a verdade é que a xente lembra con especial agarimo os primeiros anos, a época dourada do club do que todo o mundo tamén recorda a bos xogadores, sobre todo a xente maior. Ademais contabamos cunha afección moi viva e moi dinámica que viaxaba con nos. De feito no ano 85 chegaron a parar a fabricación de empresas do Concello para poder viaxar a un partido aprazado que se xogou durante a semana en Roupas para poder ir os afeccionados velo.

Este ano celébrase o 40 aniversario.

Vaise facer algún acto ou como se pensa celebrar?

Aínda que o 40 aniversario foi neste pasado verán do 2021, as restricións sanitarias e o tema covid fixeron que tivéssemos que aprazar a celebración a finais desta tempada. A nosa idea é facer sobre finais de maio un evento, pero aínda non temos claro o que, si será unha celebración, un xantar, un partido homenaxe. Xa durante todo o ano estivemos facendo camisetas de xogo especial, así como publicacións especiais sobre os 40 anos do club a modo resumo.

Como vai a tempada?

Pois esta tempada é unha competición rara xa que se divide en dúas fases. Durante media tempada xogas no norte, no noso caso, e na segunda parte fanse dous grupos, un de ascenso e outro de permanencia xa mesturando norte e sur. A nos quedannos dúas xornadas da primeira fase e despois veremos o que pasa. Este ano foi difícil porque é o noso primeiro ano en 1ª rexional e estamos pelexando por estar o máis alto posible nesta primeira fase e enfocarnos para manter a categoría na segunda fase. É complicado valorar como será porque ademais estamos lastrando bastantes xogadores con lesións desde xaneiro e estamos intentando recuperar a toda esa xente para tela dispoñible para a segunda parte da competición que comezará agora en marzo.

Como se leva convivir coa covid no fútbol?

A verdade é que tan só nos afectou durante o primeiro mes de competición pois tiñamos que facer test frecuentemente, cada 7 ou 15 días, por precaución para os xogadores. E despois no parón de Nadal tivemos que facer tamén moitos test de

antixenos para ter seguridade nos adestramentos. Ao xogar no exterior o risco non é tan alto, o que si é que nos vestiarios hai que ter un pouco máis de orde e organización, que non haxa moita acumulación en espazos pechados, etc.

Houbo cambios no campo municipal durante este tempo?

A base principal do campo fíxose con moito voluntariado e algunha aportación do Concello, pero podemos dicir que case case está igual que nos primeiros anos. De feito agora estamos nun proceso de renovación de instalacións e fai dous anos cambiamos o alumado, o cableado e a potenciación eléctrica estaba moi



Primeiro equipo do ano 1981

antiga e puidemos acometela cunha axuda da Deputación. Polo resto, o campo de xogo está algo deteriorado pola falta de mantemento e sobre todo porque é antigo e nunca se chegou a realizar un cambio de céspede. Hai que dicir que recupera bastante ben das tempadas de xogo pero xa se lle comeza a notar que está gastado. Intentamos que o Concello se implique para poder modernizalo un pouco.



Actual directiva

Contan con xogadores de base?

Non exactamente. Fai un par de anos fíxose un equipo común co Concello do Valadouro para xogadores de base como se fosen unhas escolas deportivas e que funciona bastante ben, chámase Río Ouro. O que pasa que tan só ten equipos dende a categoría benxamín de 5 ou 6 anos ata a cadete dos 14 ou 15 anos. O problema vén que des-

ter canteira. Así que o rumbo que estábamos marcando nestes últimos anos que é o de traer xogadores, reforzar o equipo e competir en bo nivel, son as nosas prioridades. Pero neste ano, que é o noso cuarto ano á fronte do CD Alfoz, temos que facer as eleccións para reelección de cargos.

E necesidades?

Pois a maior necesidade é a de atopar xogadores na Mariña para dar continuidade ao club. Porque na comarca e en concellos pequenos como o noso é complicado atopar regularmente xente para xogar. A última remesa de xuvenís do Alfoz foi no 2009-2010, así que levamos máis de 10 anos sen formar base.

Teñen algunha axuda para manter o club activo?

Pois nos mantémonos con aportacións dos socios, asistencia a campos, axudas en patrocinios do tecido empresarial alfocego e colaboracións anuais do Concello e da Deputación.

Que nos pode dicir da afección?

A nosa afección é fantástica. Contamos con arredor de 200 socios que para un pobo duns 1700 habitantes está moi ben. Contamos cunha masa social moi boa a verdade, e é certo que o manternos en boas categorías implica que teñamos moitos seareiros xa que así verán partidos máis interesantes. Dentro da comarca somos unha afección que move a moita xente.

O Club Pádel Burela gañou o play off das Series Nacionales na categoría 500

O Club Pádel Burela gañou o play off de Galicia Norte das Series Nacionales de Pádel en categoría 500, competición que se disputou en Ames e A Coruña. O capitán do equipo burelés que participa nas SNP, Cándido Fraga Eijo, explica que “o Club Pádel Burela disputa as Series Nacionales de Pádel (SNP) en categoría 500. Empezamos a competición en setembro en 2ª División e, como quedamos

primeiros, en decembro retamos a un equipo de 1ª categoría de 500 e ascendemos. A liga rematou a finais de xaneiro e despois disputamos o play off da fase final de Galicia Norte, para equipos campións das provincias de Lugo e A Coruña, que gañamos”.

Cándido Fraga destaca: “somos o primeiro club da Mariña que gaña esta competición, na que non contabamos vencer porque somos un

equipo que comezou a competir hai pouco, no 2019, e debido á pandemia paramos durante case un ano. Retomamos as competicións este ano, con xente un pouco máis veterana no pádel e outros que empezamos agora, e conseguimos gañar este torneo. Intentamos competir o mellor posible e logramos a vitoria. Agora imos competir pola clasificación para disputar o Máster Nacional que se celebrará en Valencia.



COLABORACIÓNS

Para gustos

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Nunha reunión inicial cunha nai falabamos da importancia do reforzo positivo no caso do seu fillo. E que doado me resulta a min facelo en clase, porque algúns funcionan mellor baixo presión, outras levando as cousas ao día, algúns agrandan cando as cousas se complican, abonda ver a tempada do Celta de Barreiros, e outros fanse moi pequeniños en condicións adversas, véxase o último partido de Xove. Pero se hai algo que nos unifica, sen dúbida, son os ollos vidrosos cando nos din que o estamos facendo ben. Esa palmada nas costas logo de cincuenta minutos intensos de esforzo, unha frase de alento cando levas un problema ben encamiñado. Chufar un procedemento impecable, malia que fallasen as

contas. Non obstante, no meu caso, a cousa complícase cando atraveso o lintel da porta de Ciencias Candil. Aí desactívase o piloto automático de profesional e eloxiar as cousas positivas do meu entorno xa se me fai moita bola, como din as miñas alumnas. Cando sentaba na casa dos avós a comer, sempre ao carón de Libardo, era raro que o avó non me preguntase varias veces se me gustaba o xantar. Si, na miña casa era o avó o que me cociñaba porque á avoa non lle gustaba facelo, malia que ambos viviron a guerra coa súa consecuente educación. Apreciación totalmente innecesaria, pero que daquela era motivo de extrañeza para os meus amigos, e falo daquela coma se fose fai moitos anos cando en realidade o triste é que fai menos dunha década. Pero imos ao carozo, L. preguntaba sempre en varias ocasións a miña opinión sobre o almorzo. Eu non entendía por

que tiña sempre que repetirlle o moito que me gustaba sempre todo canto me cociñaba. Quizais non sabía da magnitude que tiñan as miñas palabras para el. A el tampouco lle gustaba cociñar, pero si facelo para min. Porque as miñas loubanzas eran o seu único motor. Eso me gusta, a xente que trata de facer felices aos seus. A xente que non actúa polo egoísmo de agardar unha recompensa, senón aquela que fai ben porque sabe que o que desexa para os máis, é o que lle vai a deparar a vida a ela. De A. herdei o seu gusto por apuntar todo o suficientemente importante nas notas do teléfono. Por iso conectei inmediatamente con outra mestra que me contou anecdoticamente como o técnico da tenda de móbiles a mirou raro cando todo canto quixo recuperar do aparello a piques de claudicar, eran as notas nas que apuntou con mimo durante cursos ideas de material

didáctico. Eu coma ela, tamén recorro agora ás notas para que todos os que teñades algunha das cualidades que vou a mencionar vos sintades gabados por min. Gústame coma C.L. a xente que emprega pouco o peine no seu día a día, pero de verdade, a xente despeinada. Os repeinados a min tamén me aburren. A vida despeina. Gústame a xente con inquietudes, a que pon a paixón á entrega do que fai. A xente que non se move polo beneficio económico, nin pola carreira, nin pola fama, e moito menos pola vinganza personal. A que se move por impulsos, a que pon o corazón a servizo da razón. A que trata ben aos que sirven, pero que o fai tamén cando ninguén o ve. Os que comparten contigo o seu tempo, sen distraccións. Os que priorizan o físico ás pantallas. A xente que fala do mesmo en persoa ca por Whatsapp. Gústanme as chamadas de teléfono. Que me envíen vídeos

de risa e cancións que pode que me gusten. Que me recomenden libros, a pesares de que xa os lese, gústame ler o que outros pensan sobre temas dos que eu están formando unha opinión. Gústame a xente que ten a autoridade suficiente para non seguir rebaños. A xente que ten xenio, coma min. As exixentes. Os que seguen poñendo AirMax90 con cámara de aire. Gústame a xente que cheira ben, sen perfume. Os que din que si a plans que a priori non saben se lles van gustar. Os que te invitan a algo un mércores, porque si. Gústame a xente que celebra a vida. Os que quedan para descansar e falar. O espírito crítico, as caricias nas costas, as miradas furtivas, a preocupación previa por crear un clima agradable. A xente que coida dos seus, as que disfrutan comendo e bailando. Os que levan a música alta no coche cando conducen sós. É máis que probable que me gustes ti.

Aos grupos de Whatsapp de pais cárgaos o demo

O PUPITRE



Julio Díaz

Desde hai tempo veño dicindo que hai un antes e un despois da creación dos grupos de Whatsapp de pais e nais nos nosos centros educativos. Estes grupos son xa parte da nosa vida cotiá como poden ser as actividades extraescolares, ou as mesmas avaliacións. A fenda que existe entre familia e escola non se soluciona cun parche dixital, é preciso que os problemas se solventen nos espazos e tempo que se correspondan e non deixar ao azar das redes esta necesidade imperiosa de comunicación. Pasamos do círculo á porta do colexio ou da cafetería da esquina aos grupiños de pais/nais en Whatsapp con todo o que supón un mal uso dos mesmos. Whatsapp é unha boa ferramenta para que as familias do alumnado se comuniquen se se dá bo uso dela, é unha vantaxe

e de moita utilidade para intercambiar información, impresións, novas do centro... pero dese uso pasamos a outros que xeran multitude de problemas: intentar ser a axenda diaria dos nosos fillos/as, críticas, insultos, difamacións ou calumnias aos docentes, a outros pais e nais ou aos propios alumnos/as, difusión de rumores... Teño visto conversacións de Whatsapp que ninguén crería. Rifas, murmuracións, recriminacións e ata ameazas con ir aos xulgados. Ben é certo que se na comunicación cara a cara poden xurdir malos entendidos, cando no grupo non se coñece verdadeiramente a moitos dos participantes é normal que se xeren conflitos, presuposicións e sobre todo mensaxes inoportunas ou incoherentes e mesmo nalgunha ocasión algún membro do grupo saca "o pé do testó" de mala maneira. Desde que existen os "guasapeadores" hai un novo mundo da comunicación extraescolar onde o alumnado precisamente non participa e son os seus pais/nais os "artistas principais". E

"pobre" daquel alumno/a cuxos proxenitores non pertencen a un grupo, estarán desinformados e serán obxecto de crítica do resto de integrantes do mesmo. Por iso, "estar hai que estar", pensan todos/as os pais/nais. Ata hai uns anos a través do emprego do teléfono, de notas escritas, a hora de adestramento... eran a base de información entre os pais/nais. Logo instaurouse o correo electrónico e agora o Whatsapp, que ao instante fai chegar a moitas persoas a información: aniversario de Sara, colecta para o agasallo de Antón, Manu perdeu o libro, disfraces, lea no comedor, excursión do luns, o profe hoxe xa ves... estase pasando..., un chiste, unha acusación, un insulto... As miñas recomendacións finais son as seguintes: nunca agredes a ninguén sen consultarlle antes, non todos/as os/as pais/nais queren estar no grupo. Se o grupo comeza a utilizarse de xeito inadecuado non sexas cómplice, intenta cortar esa actitude. Dirixe calquera queixa ou suxestión directamente ao profesorado, non trates de solventalo no gru-

po. Utiliza as canles oficiais para comunicarte co centro. Escribe soamente información relevante e evita a difusión de vídeos, fotos ou imaxes de docentes, pais/nais

ou alumnos/as. Non compares as tarefas que levan os teus fillos/as coas dos seus compañeiros. Cada neno/a ten un ritmo diferente de aprendizaxe.

ELISARDO BARCALA



Web: www.ebarcala.com
Facebook: @ebarcala

Oda a Rosalía

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Co seu xordo e constante mormorio
atráim' o oleaxen dese mar bravío,
cal atrai das serenitas o cantar.

—Neste meu leito misterioso e frío,
dime, ven brandamente a descansar.
El namorado está de min..., o deño,
i eu namorada del.

Pois saldremos co empeño,
que s' el me chama sin parar, eu teño
unhas ansias mortais d' apousar nel.

A primeira vez que
lin este poema
provocou en min
emocións que non
sei explicar. Sou-
ben desta xoia grazas a César
Morán -bo amigo e artista in-
tegral-, quen coa súa mestría e
sensibilidade uniu versos e mú-
sica nunha sinerxía tan perfecta
que o propio poema adquiriu
outra dimensión. Basta con lelo
unha soa vez para percibir a súa
forza dramática e expresiva. O
certo é que irradia beleza a es-
galla ata nos sentimentos máis
sombrios. Como metamorfosear
ideas de morte e suicidio con se-
mellante fermosura...!?

Esta marabilla foi escrita por
Rosalía de Castro e forma par-
te do seu libro "Follas Novas",
publicado en 1880. Esta obra
mantén certa dimensión popu-
lar como acontece en "Cantares
gallegos" e avanza en varios as-
pectos da épica galega da emi-
gración, agora centrada total-
mente nas mulleres (viúvas de
vivos e mortos), pero especial-
mente tamén no mundo interior
e subxectivo, onde reinan moti-
vos coma o da negra sombra. A
metapoesía e as posicións so-
ciais avanzadas complementan
unha obra de total radicalismo.
Para Galicia, Rosalía é algo máis
ca unha escritora. Xeración tras
xeración, a súa figura é un refe-
rente que está por riba de ideas
e xeografías. Ningunha outra
figura literaria, cultural ou po-
lítica nos une tanto arredor do
sentimento de pertenza á nosa
terra. Ela xerou innumerables
páxinas, imaxes, cancións... Sen
dúbida, unha das máis repre-
sentativas visións da nosa au-
tora

foi a dada por Curros neste céle-
bre poema: "Do mar pola orela
/ mireina pasar / na fronte unha
estrela / no bico un cantar".
O debuxo dos seus perfís foi

variando ao longo da historia,
como variaron e evolucionaron
as revisións estéticas, literarias
e sociais do proxecto que ela
mesma encabezou. A canoniza-
ción inicial elevouna como san-
ta e nai, nai sufridora das penas
propias e das alleas, "mater"

tafísica, filosófica, existencial:
a Rosalía da saudade. Máis
tarde -arredor do Congreso In-
ternacional de 1985- xestáron-
se novas perspectivas sobre a
súa obra: a Rosalía patriótica e
social, a dos oprimidos, a femi-
nista... Hoxe as novas achegas

salía sempre falará, como os
grandes escritores.

Para rematar a miña pequena
oda a Rosalía e tendo en conta
que se aproxima o 8M, quixe-
ra compartir algunhas perlas de
sabería que nos regalou esta
extraordinaria muller:

"Solo cantos de independencia
y libertad han balbucido mis la-
bios, aunque alrededor hubie-
se sentido, desde la cuna ya, el
ruido de las cadenas que debían
aprimarme para siempre..."
(Lieders, 1858).

"Decid que queréis vernos esclavos
y no compañeras vuestras;
decid que de un ser que siente
y piensa como vosotros queréis
hacer unos juguetes vanos, unas
máquinas que, a medida
de vuestro deseo, estén alegres..."
(Flavio, 1861).

"Yo, sin embargo, soy libre, li-
bre como los pájaros, como las
brisas; como los árabes en el
desierto y el pirata en la mar..."
(Lieders, 1858).

"Arriba / todas, rapaciñas do lu-
gar!, / que o sol / i a aurora xa
vos vén a despertar..." (Cantares
gallegos, 1863).

Que en tempos de guerra, Rosa-
lía sempre nos acompañe.



protectora, santiña dos alta-
res do pobo. Posteriormente,
arredor da poeta intimista, da
poeta da sombra, da soidade,
da dor e da angustia, escúlpe-se
unha nova Rosalía, desvincula-
da do folclore e do mundo po-
pular. É a Rosalía profunda, me-

desde a análise da paisaxe, as
estratexias discursivas, a utili-
zación dos cantares populares,
os espazos simbólicos de trans-
gresión e resistencia, o suxeito
literario e político, a narrativa,
etc. fannos ver que Rosalía de
Castro resulta inesgotábel. Ro-

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
Concello: 982 55 80 01
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
Concello: 982 12 40 02
Garda Civil: 982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
Concello: 982 58 60 00
Policía Local: 982 58 62 11
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
Concello: 982 55 77 77
Policía Local: 615 52 10 52
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
Concello: 982 14 00 27
Policía Local: 982 13 36 40
Garda Civil: 982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
Concello: 982 12 10 06
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
Concello: 982 52 40 03
Policía Local: 982 50 70 40
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
Concello: 982 55 91 09
Garda Civil: 982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
Concello: 982 34 22 77
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
Concello: 982 12 86 50
Policía Local: 982 12 86 50
Garda Civil: 982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIOTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
Concello: 982 13 50 11
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
Concello: 982 57 40 00
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
Concello: 982 59 00 02
Garda Civil: 982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
Concello: 982 56 01 28
Policía Local: 982 56 29 22
Policía Nacional: 982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI: 060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
Concello: 982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



AMARIÑAXA

Para calquera suxestión,
información ou comentario
non dubide en poñerse en
contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@amarinaxa.com

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@amarinaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU 5-2019
ISSN 2660-4493

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

MAR

Investiron 120.000 euros no porto de Burela



Portos de Galicia vén de executar obras de mellora de infraestruturas no porto de Burela, ás que destinou un orzamento global de preto de 120.000 euros.

A presidenta de Portos de Galicia, Susana Linguas, comprobou o resultado das actuacións executadas, entre as que destacan a instalación de novos brazos de amarre de embarcacións nos pantaláns 2 e 4, coa finalidade de reforzar a seguridade e as condicións de traballo dos usuarios. Tamén se acometeu o reforzo do firme na zona de manobras de car-

ga e descarga de mercadorías do peirao comercial, mediante o fresado do pavimento deteriorado e a posterior extensión dunha nova capa de rodaxe con aglomerado asfáltico en quente. A actuación incluíu a regularización das pendentes para a evacuación de augas pluviais.

Así mesmo, o Goberno galego tamén renovou 24 portas exteriores dos almacéns dos departamentos do punto limpo tipo A do peirao, que datan de 1964. En concreto, substituíronse as antigas portas de madeira por outras de aluminio.

A Merluza de Burela conquista o padal do actor Robert de Niro



Durante máis de tres horas Robert De Niro gozou dese menú único na suite real do Mandarin Oriental Ritz en Madrid, no que literalmente probou “o Sabor do Ceo” e pediu mollar pan no prato de Merluza de Burela con kokotxas que preparou Martín Berasategui.

“Non sabedes como relambía o prato co pan”, conta Berasategui, quen explicou que o actor en todo momento amosou un “interese espectacular” pola gastronomía española. De Niro puido admirar como o chef, á súa vez embaixador da Merluza de Burela, cociñaba o prato, explicándolle como se emulsiona a salsa verde coa xelatina das kokotxas dunha pes-

cada fresca que chegou esa mesma mañá desde a lonxa de Burela.

Un prato creado con pescada do pincho de Burela en homenaxe á súa neta Jara, que ademais é para este “12 Estrelas Michelin” a mellor versión do prato de pescada con kokotxas que ten probado, e un dos pratos máis destacados na carta do seu restaurante de Lasarte.

En maio de 2021 Madrid Fusión lanzou ao actor o reto de promocionar a edición 2022 de “Madrid Fusión Alimentos de España” a nivel internacional a cambio dunha comida irrepetible, cociñada por cinco dos chefs máis prestixiosos do planeta, entre os que suman 25 “Estrelas Michelin.

Galicia e a Bretaña alíanse para defender os intereses pesqueiros

A conselleira do Mar, Rosa Quintana, participou no Foro das Rexións Costeiras de Brest e visitou o porto local onde mantivo distintos encontros con representantes do sector pesqueiro e autoridades da Bretaña francesa. Eses contactos teñen como obxectivo impulsar a pesca galega, estreitar os seus lazos con esta rexión gala e reforzar a súa posición e a defensa dos seus intereses ante as institucións comunitarias pois trátase das dúas rexións pesqueiras máis importantes da Unión Europea.

A titular de Mar defendeu a necesidade de avanzar no desenvolvemento da economía azul nas rexións costeiras europeas e pediu ao comisario de Medio Ambiente, Océanos e Pesca, Virginijus Sinkevicius, que nos plans de Bruxelas para impulsar esta actividade haxa un equilibrio entre as distintas competencias que integran a súa carteira -tanto os aspectos medioambientais como os pes-



queiros- o que contribuiría a unha harmonía no uso dos espazos marítimos.

Así o solicitou durante a súa intervención no Foro das Rexións Costeiras, organizado pola Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas (CRPM) e a rexión francesa de Bretaña no marco do cumio One Ocean, un encontro organizado pola Presidencia francesa da UE que se celebra desde o mércores en

Brest e que é o máis importante do semestre para os socios europeos pois nel abórdanse asuntos de gran relevancia para a política comunitaria. Alí a titular de Mar lembrou que o comisario tivo a oportunidade de visitar Galicia e coñecer a súa riqueza marítimo-pesqueira, polo que apelou á súa sensibilidade para tratar a todos os sectores con equidade e evitar que haxa avances a distintas velocidades.

Poñen contedores para residuos mariños en areas de Cervo



O alcalde de Cervo, presentando un dos contedores

O concello de Cervo vén de colocar contedores de residuos mariños nos areas da Limosa, Cubelas, A Caosa e Portelo; onde aparecen, recurrentemente, residuos arrastrados polas mareas. Nestas infraestruturas poderán almacenarse calquera tipo de residuo que non se poida depositar en ningún dos outros contedores.

O alcalde, Alfonso Villares, a tenente alcalde, Dolores García Caramés, e a concelleira de medio ambiente, Mali Méndez, desprazáronse ata a praia da Limosa, unha das localizacións onde están colocados estes contedores, para comprobar de primeira man como

a veciñanza xa está a facer uso deles.

Estes depósitos, que están feitos de materiais reciclados, forman parte do proxecto medioambiental “Ecoestruturas”, que gañou un accesit de Salvamento Marítimo á mellor contribución ao “Obxectivo Desenvolvemento Sustentable 14” hai uns meses.

Este proxecto consiste en reciclar diversos materiais, por exemplo botellas de auga ou palés, para a posterior construción de estruturas que sirvan como mobiliario urbano público, como poden ser os cubrecontedores, aparcabicicletas ou cinceiros ecolóxicos.

Informan sobre a cota de xarda para os barcos da Mariña

Xa está a resolución pola que se determinan os barcos da Mariña autorizados á pesca da xarda e a distribución das capturas que lles corresponden este ano. A cota inicial provisional de xarda que lles corresponde neste ano é de 645.235 kg. Desda cantidade, resérvanse 612.973 kg para os barcos que, realizando as súas capturas con liñas de man e/ou cordel, contén con toques de capturas de kilos (pesca dirixida). O BOE publica hoxe o listado deses 47 barcos e as cotas que lles corresponden. A fixación das cantidade de captura realízase tendo en conta o número de tripulantes no ano 2021 estando con porto base na provincia de Lugo, con un máximo de 7 tripulantes.

Estes toques serán para todo o ano e non xerarán dereitos históricos para ningún dos pesqueiros. Cada un dos barcos que figuran no listado deberá consumir polo menos o 80% dos kilos que ten asignados para poder ser incluídos no listado do ano 2023.

Tamén se reservan outros 32.261,75 kg para aqueles barcos que use redes de enmalle, artes menores que usen aparellos de anzol distintos das liñas de mano e/ou cordel e os da modalidade de palangre de fondo, volanta e rasco.

O BNG pide para Galicia ser espazo libre de parques eólicos mariños

A través dunha pregunta parlamentaria, a portavoz do BNG, Rosana Pérez trasladou ao goberno galego, a preocupación do sector pesqueiro polo impacto dos proxectos eólicos mariños. Rosana Pérez reclamou declarar Galiza, “espazo libre para a implantación de parques eólicos mariños”.

Para o BNG, dixo, existe un grande “silencio e falta de transparencia” e no Parlamento galego mesmo descoñecemos os debates do Observatorio da Eólica Mariña, na súa opinión, de maneira premeditada para beneficiar os intereses do goberno galego.

A deputada lembrou que o pasado mes de decembro, o conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde, afirmou no marco da V Edición do congreso, Galician Offshore International Hub, celebrado en Ferrol, que existía “un diálogo frutífero e consenso co sector pesqueiro marítimo galego” para atopar as localizacións máis adecuadas para o desenvolvemento desta enerxía.

A deputada explicou que as declaracións de Conde foron criticadas días máis tarde por un representante do Consello Galego de Pesca no Observatorio da Eólica Mariña de Galiza, que, rotundamente negou “tal acordo” sobre posibles zonas e recalcou que o sector considera “incompatible” a eólica mariña coa pesca e cos ecosistemas mariños.

Neste sentido, a deputada acusou ao goberno de “manipulación” por facer público un acordo que non existe ademais de desvirtuar a posición do Observatorio e o sector pesqueiro.

Por outra banda, engadiu que tampouco existen estudos sobre o impacto dos posibles parques eólicos mariños nos caladoiros.

Tras a intervención da Directora xeral de Planificación Enerxética e Recurso naturais, Paula Uría que confirmou que non procede avaliar ningún proxecto mentres o goberno central non aprobe as zonas, a parlamentaria do BNG replicou que tan-



Foz quiere unirse ao Manifesto en defensa do sector pesqueiro

A preocupación do sector pesqueiro polas consecuencias do posible desenvolvemento da industria da eólica mariña no Cantábrico, fixo que en novembro de 2021 todas as Federacións do Cantábrico asinaron o Manifesto de Burela en defensa do sector pesqueiro cantábrico noroeste.

Os asinantes, entre eles a Federación Galega de confrarías de mariñeiros e a Federación Provincial de confrarías de pescadores de Lugo, queren informar á opinión pública a través deste Manifesto da posición do sector pesqueiro que traballa no caladoiro de Cantábrico-Noroeste en relación a devanditos proxectos e o seu impacto no seu medio de vida. Os pescadores tamén están afectados e alarmados polos efectos do cambio climático, tanto como membros da sociedade civil, como traballadores. A costa Atlántica e do Cantábrico non só contan cunha das flotas de pesca máis importantes de toda a UE,

senón que é unha das costas máis ricas en caladoiros de pesca que están nunhas condicións inelloables de conservación, como demostra a gran cantidade de superficie cuberta por Espazos Mariños protexidos.

Dende o BNG de Foz “compartimos coas Confrarías o rexeitamento ao cambio de paradigma, que poderosos grupos de presión, pretenden impoñer, de ir cara a unha industrialización do mar como fonte de enerxía renovable, en detrimento da produción de alimentos sostibles e saudables, en detrimento do sector pesquero, as súas familias, as comunidades pesqueiras e ademais nestas costas en zonas altamente dependentes da pesca, sen que se fixera ningunha avaliación sensata de como afectan aos nosos ecosistemas tales industrias. O dano que se pode facer ao ecosistema pode ser irreversible, e isto non só afectará ao sector pesquero, a sociedade verase prexudicada”.

to os grupos parlamentarios como a sociedade descoñece os traballos do Observatorio, nin os acordos xa tomados a este respecto.

A deputada do BNG tamén preguntou polos termos do acordo asinado polo Presidente da Xunta e os presi-

dentos de Asturias e Cantabria para impulsar a enerxía eólica e se o acordo será remitido aos grupos parlamentarios que o solicitaron. A Directora Xeral de Planificación enerxética da Xunta eludiu responder á solicitude da nacionalista.

Expomar prepara xornadas de saúde mental e nutrición

A Fundación Expomar xunto con Saúde Mental A Mariña, Fundación Eu Son e o Concello de Burela está a traballar nunhas xornadas de nutrición e saúde mental. Para poder gozar dunha vida estable e repleta de benestar é importante que, ademais de coidar da saúde física e corporal, tamén se preste atención á saúde mental.

Apostar por uns hábitos de vida saudables axudará a que se poda manter o cerebro en óptimas condicións e a que se reduza o risco para padecer enfermidades ou trastornos mentais.

As xornadas serán en abril e maio pero a programación coas datas concretas aínda non está pechada.



PASATEMPOS

Fácil

	2		5		7	
		4	6			
3	6	7		9		4
6			8	5		7
					8	5
	5				3	4
7		5	3	6	4	
					8	6
		6	2	9	8	

Difícil

			5	7		2		8
	7					9		1
	3	4		9	2		6	
					9			
6	4			8				
		3				6		
		5	2					7
					7	4	5	
4	9		6	5	3	8		

SOLUCIÓNS

7	8	4	5	1	3	6	2	9
3	6	7	1	5	2	4	8	9
2	1	9	4	6	5	3	7	8
4	2	6	3	7	8	1	5	9
5	9	8	1	2	7	4	3	6
1	5	3	8	6	4	2	7	9
9	2	5	7	1	3	8	4	6
6	4	3	5	2	9	7	1	8
8	7	1	9	4	6	3	5	2

Fácil

4	8	7	6	5	3	1	2	9
3	2	8	1	7	4	5	6	9
1	6	5	2	4	8	3	7	9
7	5	3	4	2	1	6	8	9
6	4	8	7	5	1	2	3	9
2	8	1	3	6	5	7	4	9
8	3	4	1	9	2	7	5	6
5	7	2	8	3	6	1	4	9
9	1	6	5	7	4	2	3	8

Difícil

Consulta os eventos en:
www.amariñaxa.com

AMARIÑAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono: 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

DE RUTA EN RUTA

Barreiros: Os nosos antergos

Neste roteiro desvélase o vínculo entre o patrimonio etnográfico e o posterior legado dos que fixeron as américas

Este percorrido turístico-cultural está deseñado para facer a pé, en bicicleta ou en vehículo a motor, aínda que esta última é a opción menos recomendada, pola contorna da parroquia de San Cosme. E complementase con descrições audioguiadas do patrimonio e relatos sobre a historia da zona. Durante este roteiro desvelarase o vínculo entre o patrimonio etnográfico máis propio de Galicia e o posterior legado daqueles que emprenderon a aventura de facer as américas. Como puntos de interese inclúense casas indianas, patrimonio etnográfico, capelas e casas labregas. Sae da Oficina de Turismo e percorre os núcleos de San Cosme, Vilar, Áspera, Viladaíde, San Bartolo e Remior; retornando de novo a San Cosme e percorrendo uns dez quilómetros. A primeira casa indiana que se atopará é a de Pepe do Siñeiro, construída en 1932 por Jesús Otero Rega, emigrado a Cuba, e trátase dunha casa de estilo autóctono con toques indianos. A seguinte será a de Carballo, na que quizáis o elemento que lle

outorga un maior aspecto nobre é a galería acristalada a modo de torre, sobresaíndo por enriba do tellado. Máis adiante atópase a de Arturo, construída en 1910, aínda que o seu nome vén dado polo propietario actual que a comprou nos anos 70, e xusto ao lado está a de Camarnachón. Seguindo o camiño chegarase á antiga igrexa parroquial de San Cosme, en Vilar; á Casa Grande na Áspera, a cal semella un pazo urbano; e na mesma parroquia atoparase un pombal no lugar chamado A Cascabreira. Chégase tamén á localidade de Viladaíde, que conta cunha aldea labrega cun interesante patrimonio etnográfico, como un cruceiro de pedra, diferentes tipos de hórreos como o tipo Mondoñedo e Ribadeo, a Casa de Rocha, un pozo de auga, etc. De seguido, continuarase o percorrido cara á Capela de San Bartolo, e ás casas indianas de Barreira e a de Neira.



DATOS

 3 horas

 10 km

 Dificultade Baixa



LINER ARMADO RENOLIT ALKORPLAN PARA PISCINAS
Pida presuposto sen compromiso



GALEGA DE IMPERMEABILIZACIÓNS
Especialistas en impermeabiliacións con láminas PVC e láminas asfálticas, de aplicación en:
Terrazas, cubertas, medianeiras, revestimento de canalóns
FACEMOS DEPÓSITOS PARA REGADÍO E PARA AUGA POTABLE

Rúa Fernando de Castro, 6 - PLANTA BAIXA. 27600 SARRIA - LUGO / Tfnos.: 659 198 769 - 677 341 559 / galegadeimpermeabilizacions@gmail.com